



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 84

Sesión Plenaria
25 de febreiro de 2026

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Propositions non de lei

4.1 38343 (12/PNP-002819)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que lle transfira a totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua
Publicación da iniciativa, BOPG nº 283f1, do 12.11.2025

4.2 43192 (12/PNP-003004)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación do alumnado con necesidades educativas especiais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 310f1, do 09.01.2026

4.3 49603 (12/PNP-003236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da expansión da enerxía eólica mariña en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026

4.4 49610 (12/PNP-003237)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que complemente con fondos propios o programa do bono alugueiro financiado con fondos estatais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026

4.5 49676 (12/PNP-003250)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co obxectivo de deseñar e impulsar as políticas en materia de corresponsabilidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026

4.6 49710 (12/PNP-003256)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia ante a actitude do Goberno central coas políticas galegas en materia de dependencia e servizos sociais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026



Punto 5. Interpelacións

5.1 34163 (12/INT-001230)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención, xestión e recuperación forestal fronte aos incendios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025

5.2 48321 (12/INT-001593)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego dirixidas a corrixir a desigualdade socioeconómica das mulleres en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f1, do 05.02.2026

5.3 49524 (12/INT-001641)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis

Sobre a caída da produtividade marisqueira nas rías galegas, singularmente no que atinxe aos bivalvos na ría de Muros e Noia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 50861 (12/POPX-000071)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa garantía de respecto aos principios de autonomía local, igualdade e suficiencia financeira dos concellos galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026

6.2 50868 (12/POPX-000072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a transparencia informativa do Goberno galego, nomeadamente respecto do proxecto de Altri

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 43380 (12/POP-005880)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e dous deputados/as máis

Sobre o grao de cumprimento dos compromisos e acordos adquiridos na unión dos concellos de Oza e Cesuras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 311f1, do 12.01.2026



7.2 50869 (12/PUP-000194)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Vidal Lamas, Sonia**

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para corrixir os danos económicos, ambientais e sociais no encoro das Conchas e na comarca da Limia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2 do 19.02.2026

7.3 50886 (12/PUP-000197)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre as accións que está a pór en marcha a Xunta de Galicia para lle reclamar ao Goberno central toda a información precisa sobre o alcance da modificación do Regulamento xeral de costas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026

7.4 48584 (12/POP-006830)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e Bouza Manso, Aitor**

Sobre o estado actual das instalacións do CEIP A Xunqueira 1, de Pontevedra, e as súas consecuencias para a calidade da educación no devandito centro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f2, do 05.02.2026

7.5 50870 (12/PUP-000195)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coas políticas de prevención fronte á desinformación e ao espallamento dos discursos de odio por razón de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026

7.6 44869 (12/POP-006312)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a variante de Viveiro e o proxecto da vía de alta capacidade Costa Norte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f2, do 22.01.2026

7.7 45843 (12/POP-006505)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Méndez López, Lara e dous deputados/as máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de retomar o proxecto inicial da vía de alta capacidade Costa Norte en Viveiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f4, do 22.01.2026

7.8 48062 (12/POP-006753)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a construción e posta en marcha do novo centro de saúde do Carballiño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f2, do 05.02.2026



7.9 44864 (12/POP-006311)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e dez deputados/as máis**

Sobre os traballos de conservación que o Goberno galego leva a cabo na muralla de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f2, do 22.01.2026

7.10 44374 (12/POP-006217)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e sete deputados/as máis**

Sobre as principais liñas de axudas que o Goberno galego ten actualmente en marcha para apoiar os traballadores e as traballadoras por conta propia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315f2, do 16.01.2026



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez horas e tres minutos.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego en relación coa garantía de respecto aos principios de autonomía local, igualdade e suficiencia financeira dos concellos galegos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 12.)

Réplica do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a transparencia informativa do Goberno galego, nomeadamente respecto do proxecto de Altri. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 20.)

Declaración institucional

O presidente le unha declaración institucional en relación co Día Mundial das Enfermidades Raras, que é aprobada por asentimento. (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia ante a actitude do Goberno central coas políticas galegas en materia de dependencia e servizos sociais. (Punto cuarto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 22.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Raquel Arias Rodríguez (P).* (Páx. 23.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Olalla Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 25.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Silvia Longueira Castro (S).* (Páx. 27.)

A deputada Raquel Arias Rodríguez (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 29.)



Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado José Luis Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que lle transfira a totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua: *aprobada por unanimidade, con 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 31.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa das deputadas María Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación do alumnado con necesidades educativas especiais: *rexeitada por 35 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 31.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da expansión da enerxía eólica mariña en Galicia: *rexeitada por 25 votos a favor, 46 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 31.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa dos deputados Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que complementa con fondos propios o programa do bono alugueiro financiado con fondos estatais: *rexeitada por 35 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta (S) pide a palabra e intervén para aclarar os termos da proposta de transacción sobre a seguinte proposición non de lei. (Páx. 32.) *A deputada Noelia Pérez López (P) solicita tamén a palabra e adianta o seu voto en contra.* (Páx. 33.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co obxectivo de deseñar e impulsar as políticas en materia de corresponsabilidade: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 34.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia ante a actitude do Goberno central coas políticas galegas en materia de dependencia e servizos sociais: *aprobada por 37 votos a favor, ningún voto en contra e 35 abstencións.* (Páx. 34.)

Interpelación do deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención, xestión e recuperación forestal fronte aos incendios. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Armando Ojea Bouzo (M).* (Páx. 35.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez).* (Páx. 37.)

Réplica do autor: *Armando Ojea Bouzo (M).* (Páx. 39.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez).* (Páx. 41.)



Interpelación das deputadas Noa Olalla Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego dirixidas a corrixir a desigualdade socioeconómica das mulleres en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 43.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 46.)

Réplica da autora: *Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 49.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 51.)

Interpelación da deputada Rosana Pérez Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a caída da produtividade marisqueira nas rías galegas, singularmente no que atinxe aos bivalvos na ría de Muros e Noia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Rosana Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 53.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 56.)

Réplica da autora: *Rosana Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 59.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 61.)

Pregunta da deputada Silvia Longueira Castro e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o grao de cumprimento dos compromisos e acordos adquiridos na unión dos concellos de Oza e Cesuras. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 63.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 64.)

Réplica da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 65.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 66.)

Pregunta da deputada Sonia Vidal Lamas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para corrixir os danos económicos, ambientais e sociais no encoro das Conchas e na comarca da Limia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sonia Vidal Lamas (BNG)*. (Páx. 67.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 68.)

Réplica da autora: *Sonia Vidal Lamas (BNG)*. (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 70.)

Pregunta do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as accións que está a pór en marcha a Xunta de Galicia para lle reclamar ao Goberno central toda a información precisa sobre o alcance da modificación do Regulamento xeral de costas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *José Alberto Pazos Couñago (P)*. (Páx. 72.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 73.)



Réplica do autor: *José Alberto Pazos Couñago (P)*. (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 75.)

Pregunta da deputada Paloma Castro Rey e do deputado Aitor Bouza Manso, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o estado actual das instalacións do CEIP A Xunqueira 1, de Pontevedra, e as súas consecuencias para a calidade da educación no devandito centro. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 76.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 77.)

Réplica da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 79.)

Pregunta de dona Paloma Castro Rey, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego en relación coas políticas de prevención fronte á desinformación e ao espallamento dos discursos de odio por razón de xénero. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 80.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 82.)

Réplica da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 83.)

Alteración da orde do día

O presidente comunica o debate acumulado das preguntas ao Goberno 7.6 (documento número 44869) e 7.7 (documento número 45843), en aplicación do artigo 159.1 do Regulamento. (Páx. 84.)

Pregunta dos deputados Daniel Castro García e Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a variante de Viveiro e o proxecto da vía de alta capacidade Costa Norte. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de retomar o proxecto inicial da vía de alta capacidade Costa Norte en Viveiro. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor e da autora: *Daniel Castro García (BNG) (Páx. 84.) e Lara Méndez López (S)*. (Páx. 85.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 86.)

Réplica do autor e da autora: *Daniel Castro García (BNG) (Páx. 88.) e Lara Méndez López (S)*. (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 89.)



Pregunta das deputadas Noa Olalla Presas Bergantiños e María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a construción e posta en marcha do novo centro de saúde do Carballiño. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 91.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 92.)

Réplica da autora: *Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 94.)

Pregunta da deputada María Elena Candia López e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os traballos de conservación que o Goberno galego leva a cabo na muralla de Lugo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *María Elena Candia López (P)*. (Páx. 95.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José López Campos)*. (Páx. 95.)

Réplica da autora: *María Elena Candia López (P)*. (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *: conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José López Campos)*. (Páx. 97.)

Pregunta da deputada Noelia Pérez López e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as principais liñas de axudas que o Goberno galego ten actualmente en marcha para apoiar os traballadores e as traballadoras por conta propia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Noelia Pérez López (P)*. (Páx. 98.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (José González Vázquez)*. (Páx. 99.)

Réplica da autora: *Noelia Pérez López (P)*. (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (José González Vázquez)*. (Páx. 101.)

Remata a sesión ás tres horas e doce minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez horas e tres minutos

O PRESIDENTE: Bo día.

Reanudamos a sesión co punto sexto: preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego en relación coa garantía de respecto aos principios de autonomía local, igualdade e suficiencia financeira dos concellos galegos

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e todas.

Vinte nove mil oitocentos son os inscritos hoxe no Rexistro de demandantes de vivenda pública. Dígoo como dato, porque hai quince días lle comentaba que a cifra era de 29.133. Son 667 galegos e galegas máis os que se inscribiron nestes quince días. Estamos en 29.800, o dobre de cando tomou posesión nesta lexislatura, señor Rueda. Isto o que reflicte é unha cuestión de que os problemas, lonxe de solucionarse, se agravan baixo a súa Presidencia.

Agrávanse como se agravan as relacións con outras administracións. As administracións —o Estado, a Comunidade Autónoma e as corporacións locais— non se rexen polo principio de xerarquía, como vostede quere entender a relación cos concellos, senón polo principio de repartición competencial, e é unha relación que mantén a Xunta de Galicia de forma agravada en relación coas corporacións locais. Agride a autonomía local dos concellos cando segue insistindo en manter un sistema de competencias impropias e en non respectar as competencias propias; aquelas competencias que tiñan que ser asumidas pola Xunta de Galicia e que están padecendo os concellos do noso país: o mantemento de comedores escolares, o mantemento de centros de saúde, o mantemento de escolas infantís..., ao que suma outras novas responsabilidades en materia de patrimonio, de vivenda, de saúde pública... En definitiva, violenta o principio básico de autonomía local para os concellos e para as corporacións locais.

A iso súmaselle a violentación que fai das arcas municipais, do principio de suficiencia económica, saqueando as contas dos concellos. Asumindo esas competencias impropias, facendo fronte ás competencias que non son dos concellos, o que fai é minorar as súas arcas públicas. Vémolo no SAF, cando se nega a financiar totalmente o Servizo de axuda no fogar e lles exige aos concellos que o fagan. Padecen máis sobre todo os concellos pequenos, aqueles que menos teñen. Algúns deles —xa o dixemos reiteradas veces— incluso teñen que asumir un trinta por cento dos seus gastos destinados ao Servizo de axuda no fogar. Faino cando saquea tamén co canon da auga, coa dobre imposición a moitos veciños e veciñas destes concellos do noso país, o cal obriga os concellos a recadar para transferir esas cantidades, que, en moitos casos, non volven nin total nin parcialmente a eses concellos vía investimentos en infraestruturas.



Condena tamén o principio de igualdade, de non-discriminación aos concellos. Faino cando firma convenios cuns concellos, os afíns, e condena os outros a non firmar ningún tipo de convenio. Faino cando non asume a necesidade dun plan único para todos os concellos con condicións obxectivas para todos, ou cando no mapa de subvencións abundan as condicións subxectivas fronte ás obxectivas que benefician todos os concellos de Galicia.

Principio de autonomía local, principio de suficiencia económica e principio de igualdade de trato e non-discriminación.

E agora preséntanos e confirmanos esa axenda co Anteproxecto de lei de Administración local. Aí o apousou na páxina web, sen huella normativa nin nada, para que todo o mundo o vexa, o estude e faga alegacións, pero coa mesma confirmación e, sobre todo, cunha declaración de intencións que máis que unha declaración intencións parece un chiste. Na disposición adicional dese anteproxecto —voullo ler— di: «A Xunta continuará asumindo de xeito progresivo a xestión de servizos e competencias establecidas no Acordo do Pacto local asinado en xaneiro de 2006». «Continuará asumindo de xeito progresivo», ¡non nos apuremos!, porque despois de vinte anos parece que sería unha falta de respecto —claro— incorporar o Pacto local plenamente a esa nova Lei da Administración local. Recórdame a ese veciño que tiña eu que era un verdadeiro chapuzas e que, cando facía unha chapuza, quedaba mirando para ela e, cando remataba, dicía: «Aí queda isto, provisional para sempre».

Por iso, en materia de relación cos concellos, e nesa relación que mantén vostede con eles dunha subordinación, dunha xerarquía, dunha asfixia e —como dicía antes— de saqueo das arcas municipais, eu o que lle pido é que nos diga hoxe xa non tanto se vai garantir os principios —que non o está facendo—, senón cando vai parar de agredir o principio de autonomía local, o de suficiencia económica e tamén o de igualdade de trato a todos os concellos no noso país. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Señor Besteiro, ¿ese amigo seu non sería Pedro Sánchez? *(Risos.)* «Aí queda iso, provisional para sempre»; ao mellor, foi sobre os últimos presupostos que aprobou hai catro anos ou así, debeu ser iso. *(Aplausos.)*

É vostede un provocador, señor Besteiro, hai que recoñecelo. Deixa caer ao principio, sen ter moito que ver —eu encantado, aínda que non é obxecto da pregunta—, o tema da vivenda. Vostede que representa un goberno... ¡Si, si, poña esas caras!, pero é que cada vez soben en decenas de miles as promesas de vivenda que fai o Goberno central, e non fixo nin a primeira en Galicia, señor Besteiro, nin a primeira. *(Aplausos.)* Polo tanto, que vostede meta a vivenda



así de refilón, a min o que me evidencia, sinceramente, é que lle dá igual xa todo. ¡Imos falar de vivenda! Nós non facemos unha soa vivenda, prometemos un montón..., e a Xunta xa as está facendo.

Hai que falar cun pouco de rigor, señor Besteiro, e falar con rigor é falar con cifras. Mire, ¿sabe vostede que Galicia é a segunda comunidade autónoma onde os concellos máis participan dos tributos que recada a Xunta de Galicia? ¿Sabe vostede que, mentres os orzamentos da Xunta de Galicia nos últimos anos subiron case un trinta por cento, as transferencias a concellos aumentaron máis dun cincuenta por cento? ¿Sabe vostede que o Fondo de Cooperación Local medrou o dobre do que medraron os orzamentos da Xunta de Galicia? Eu creo que non o sabe, e, se o sabe, dálle exactamente igual, e por iso di o que di.

Fala do Pacto local. Sabe vostede —supoño— que acabamos de asumir —por certo, na súa maioría, en concellos en que non goberna o Partido Popular— as unidades de atención á drogodependencia, asumindo máis de cen profesionais que dependían dos concellos; un gasto importante. ¿Sabe vostede que levamos centos de millóns de euros investidos? Falaba de competencias impropias. Vostede sabe que as competencias están distribuídas nunha Lei básica de réxime local. Pero, claro, só levan oito anos gobernando e, polo tanto, non ten por que dicirlle ao señor Sánchez que faga algo ao respecto se é que non lle gusta. Falaba do que se recada, do canon hidráulico. ¿Sabe vostede que nesas competencias, que son das entidades locais, levamos centos de millóns de euros investidos en axudar os concellos, sobre todo, os pequenos, a que fagan esas obras? ¿Sabe vostede que nos últimos anos asumimos a titularidade de decenas de centros de saúde, que era algo que estaba no Pacto local?

¿Sabe vostede que nos últimos anos fixemos un esforzo importante, e agora moitísimo máis, en axudar os concellos no que efectivamente é un gran problema, o Servizo de axuda no fogar, o SAF? Vostede intentou boicotealo por terra, mar e aire, enfadado porque a Fegamp o firmaba con nós, intentando que os concellos do Partido Socialista —o que pasa é que, se lle fan o mesmo caso que lle fan todos, supoño que non terá moito éxito— non se adherisen, porque era pouco. ¡Oia!, fale cos seus alcaldes, que van ver como sube un cincuenta por cento en tres anos. Pregúntelles se non é unha subida moi aceptable; pregúntelles se, en caso de que o Estado, o Goberno central, cumprise a súa parte e achegase simplemente o que di a lei, chegaría de sobra para ese cen por cento. Claro, vostede se di iso probablemente estaría molestando alguén en Madrid, como sempre, pero fale cos seus alcaldes e alcaldesas. Pregúntelles se o esforzo da Xunta de Galicia... ¡Dobramos a aportación! ¡Oia!, van pasar de 9,7 euros de aportación da Xunta en 2021 a 18 euros en 2028. E, como eles gobernan e teñen responsabilidades, danse conta do esforzo da Xunta de Galicia.

Mire, cos concellos poderase discutir moito, loxicamente. Hai moito que facer, pero hai colaboración, hai acordos e hai lealdade, porque falamos con eles. A impresión que me dá escoitalo a vostede é que quen non fala cos concellos, nin sequera cos seus, é vostede, señor Besteiro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Réplica do señor Besteiro.



JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

O mundo ao revés; dío vostede, que non se fala cos concellos.

Eu o que digo é que a disposición adicional di o que di e que, vinte anos despois do Pacto local, o Anteproxecto de lei, a futura lexislación da Administración local —desde o punto de vista do Partido Popular— di que «continuará asumindo de xeito progresivo». É dicir, primeira constatación: non está incluído o Pacto local aquí nese proxecto de lei. Esta é a realidade.

Pero, mire, está como sempre, obsesionado con Sánchez, e as súas desgrazas non lle levan o apelido de Sánchez; levan o apelido de Feijóo, (*Aplausos.*) da súa herdanza, que vostede agrava. Vostede acata todas as decisións que lle manda Feijóo, pero xa lle dixen unha vez que os problemas de Feijóo non lle son os problemas de Galicia. Por tanto, esa herdanza vostede acéptaa e agráva cando non acepta as políticas de vivenda, cando renega das políticas de financiamento, de débeda, e en definitiva, de todas as que se plantexan de forma positiva para a Comunidade Autónoma. Vostede faise cómplice e agrava esa herdanza que Feijóo lle dá. E insisto, unha vez máis: os problemas de Feijóo non lle son os problemas de Galicia. Por tanto, perda a oportunidade.

¡E manteña a coherencia, home! Se aquí do que se trata é de ser coherente politicamente, discrepando nas ideas, pero de ser coherente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, ser coherente é dicir agora que imos recorrer nun contencioso-administrativo para que nos dean un informe dun contencioso que se está levando entre o Estado e a Comisión Europea pola AP-9 e as concesións administrativas —iso é moi coherente—, pero, ao mesmo tempo, o coherente é non desclasificar os papeis de Altri. (*Aplausos.*) ¡Iso é o coherente! O coherente é o que pasou onte aquí neste mesmo Pleno: que veña o conselleiro da Presidencia falarnos de transportes, de algo do que non ten competencia ata o de agora, que son os ferrocarrís, pero que non veña darnos explicacións sobre o Anteproxecto de lei da Administración local de Galicia. ¡Iso é coherente! Coherente é recorrer determinadas decisións, pero vir aquí a este Parlamento dicir que agora xa nos debe o Estado 3.000 millóns pero non o recorreremos xudicialmente. Iso non, porque iso é unha tontería, claro; son 3.000 millóns de nada. Iso é o coherente.

Eu o que lle pido é a coherencia, a coherencia de manter a mesma relación que vostede pretende manter noutros planos coa Administración. E a coherencia leva a tratar os concellos non como subordinados, senón a cumprir co que cremos que se debe cumprir cos concellos: respectar a súa autonomía local, plantear un escenario común para todos os concellos na repartición do financiamento, e, sobre todo, manter unha posición que permita prestar eses servizos básicos que están prestando os propios concellos. Iso é o que nós lle pedimos. O demais son contos cos que nos ten acostumados a non responder, a non plantearse, a non comprometerse e a saír como sempre: co tema de Sánchez. Élle vello.

Insisto, unha vez máis: a herdanza de Feijóo é a que lastra a súa xestión, e os problemas de Feijóo non lle son os problemas de Galicia. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

¡*Mi ma!*, señor Besteiro, ¡vaia batiburrillo que fixo agora na segunda quenda!

Ou sexa, que a culpa de que o Goberno central non nos pague os 2.500 millóns que nos debe, que é o que lle estaba dicindo, é de Feijóo. É de Feijóo, porque non quere que nos paguen (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, xa son máis...; eu pido os 2.500.

Vostede di que non veu onte aquí o conselleiro de Presidencia falar da Administración local. Dá igual. Primeiro, dixéronme que vostede, como sempre, non estaba; e segundo, dá igual, se cando... ¿Como dixo? Cando a botaron alí na web... Ese é o rigor administrativo que vostede manexa. Dá igual, se cando a botamos na web, vostede xa dixo que nos ía levar aos tribunais, sen coñecer unha soa palabra do texto, señor Besteiro. ¡Esa é a oposición que fai, e así vai, señor Besteiro! (*Aplausos.*)

Dime que non acepto as políticas de vivenda de Pedro Sánchez. ¿Cales? ¡Se non ten, señor Besteiro! Non ten unha soa política de vivenda. Pero se lle dixemos que si, Galicia adheriuse ao Pacto da vivenda, e, desde que dixemos iso, nunca máis tivemos noticia. Preguntamos, por favor, que nos dixese onde estaban as vivendas que estaba construíndo; ¡de 169.000, algunha haberá en Galicia! Non foron capaces de identificar nin a primeira. Eu recoméndolle que non se meta a defender o indefendible, señor Besteiro. Dende logo, a política de vivenda de Sánchez, por inexistente, é indefendible.

Se quere falamos doutras cousas que teñen que ver con concellos outra vez, porque vostede xa se desviou completamente na segunda parte. Oia, o Goberno central ten moito que dicir, e, mentres non se demostre o contrario e mentres sigamos formando parte dun país chamado España, a lexislación de réxime local é lexislación básica. Polo tanto, moitísimas cousas téñense que desenvolver a partir dela e o que faga o Goberno central é fundamental. ¿Sabe vostede que a Audiencia Nacional vai ter que obrigar a que se convoque a Comisión Nacional de Administración Local, onde se fala todo o que despois desenvolvemos as comunidades autónomas, porque levan tres anos sen convocala e hai que convocala dúas veces ao ano? ¿Sabe vostede que xa cinco ministros socialistas, nos oito anos que levan, prometeron o Estatuto dos pequenos concellos e non fixeron nada? Se o houbese, nós podíamos facer cousas. ¿Sabe vostede que do financiamento das entidades locais, prometido por activa e por pasiva, incluso cando foi a moción de censura por Pedro Sánchez, nunca máis se soubo? ¿Sabe vostede todo iso? Non o sabe, e, se o sabe, dálle igual.

Pois mire, aínda así, nós traballamos. Efectivamente, temos unha Lei de Administración local que estamos desenvolvendo e que tamén desenvolve o Pacto local, e claro que nos preocupamos do financiamento. E, mire: 20 millóns máis de financiamento mínimo. Blindamos por abaixo para que, aínda que baixase a recadación da Xunta, os concellos non o notasen, porque teñen un mínimo blindado. Aumentamos a capacidade de libre disposición, que é o que pedían os concellos hai moito para gastar os cartos onde estimen necesario. Metemos os criterios de dispersión e envellecemento. Xa nos gustaría que o financiamento autonómico



fixese o mesmo, pero van facer todo o contrario, porque a Cataluña non lle convén. A nós si, pero, ¡que máis dál!, se non se trata do que nos conveña a nós; trátase do que lles conveña aos que sosteñen a Pedro Sánchez. *(Aplausos.)*

Suficiencia financeira, estabilidade e colaboración cos concellos: todo iso é o que persegue a nova Lei de Administración local. Xa sabemos o que vostede pensa: torpedeala dende o principio, levarnos aos tribunais. Sen coñecer unha soa coma ou palabra desa lei, ¡vai levar a Xunta aos tribunais por esa lei! Ese é vostede, señor Besteiro.

Mire, eu alégrome moito de que, a través da Fegamp, todos os alcaldes e alcaldesas, incluídos os do Partido Socialista, fixesen todo o contrario do que fai vostede, que é dicir que van facer alegacións construtivas para dicir o que non lles gusta, o que se pode mellorar. E intentáremos facelo, esa é a actitude.

Xa lle dixen moitas veces que cada vez me custa máis tomalo en serio a vostede, señor Besteiro. O que me temo é que, vendo como reaccionan os seus alcaldes co SAF, coa Lei de Administración local, e vendo como reacciona vostede, cada vez lles custa máis tamén aos alcaldes tomalo a vostede en serio.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a transparencia informativa do Goberno galego, nomeadamente respecto do proxecto de Altri

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Señor Rueda, o pobo galego leva dous anos dicíndolle con toda claridade: «Altri, non»; «Galiza, si», e defendendo a dignidade e o sentido común que lle faltan ao seu goberno. E o BNG estivo sempre ao lado da xente. Estivemos coa cidadanía galega rexeitando un proxecto contaminante e dicindo «si» a un futuro sostible que respecte a xente do mar e do rural e o noso territorio. E ese pobo digno e combativo plantoulle cara ao seu goberno, ás súas mentiras e á indignidade dun presidente convertido en comercial de Altri. E teño que dicirlle que sinto un tremendo orgullo dunha cidadanía galega que conseguiu parar esa bomba ambiental, un tremendo orgullo desa gran vitoria política do pobo galego, que é tamén unha rotunda derrota política de vostede, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Porque Altri non era un proxecto máis. Vostede converteuno no seu modelo e no seu proxecto estrela; un proxecto contaminante do século pasado que demostra até que punto vostede non ten ningún proxecto de futuro. E alguén terá que asumir a súa responsabilidade por facernos perder dous anos. Alguén terá que asumir a responsabilidade por —primeiro, Feijóo, e, despois, vostede— apostar todo a unha carta perdedora. Se, en vez de facer de comercial de Altri, fixese de comercial da xente do mar e da xente do rural e fixese de comercial realmente de proxectos innovadores e de futuro, non chegaríamos até aquí, até o rotundo fracaso



dun presidente incapaz de escoitar o que lle di o seu propio pobo e que só ofrece o franquismo industrial das macrocelulosas. Esa é a súa política industrial fracasada.

E eu supoño que hoxe virá aquí facer o de sempre: ver a quen lle pode botar a culpa, e propaganda. Propaganda como a que utilizou, por exemplo, cando presentou a sociedade Impulsa, unha xoia que ía promover —dicían, señor Rueda— proxectos innovadores con capacidade transformadora e rendibles. Resultados desa xoia: cero, nada de nada. O único que queda é un vergoñento acordo secreto asinado con Altri en outubro de 2021 e que vos-
tede mantén oculto baixo sete chaves. Tanto é así que o BNG tivo que recorrer á Xustiza, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, para poder coñecer esa documentación. ¿Que esconde ese acordo secreto con Altri?, ¿que ten que esconderlles aos galegos e ás galegas? Teña por seguro que imos poñer luz onde vostede quere poñer escuridade, e que, igual que a cidadanía logrou parar esa bomba ambiental, imos coñecer que oculta nese acordo segredo.

Pídlle que, polo menos, peche o seu fracaso político con algo de dignidade e que entregue a este Parlamento o seu acordo secreto con Altri. Fágao, señor Rueda. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, cando vostede dicía que sentiu un tremendo orgullo —estaba dicindo agora— pola resolución que tomamos respecto a Altri, estaba lendo, o cal demostra o seu convencemento, que debe ser o mesmo que cando lía e dicía que lle encantaba o proxecto, cando votaron aquí no Parlamento, cando os alcaldes do BNG pelexaban por emprazalo, cando Altri era a pasteira que si lle gusta ao BNG *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, ese cambio vén señora Pontón —sábeo— de que vostede...

Por certo, ¡que soberbia! Vostede é a única que escoita o pobo e tamén é a única a quen o pobo escoita. Mire, ¿sabe cando hai que escoitar o pobo e cando o pobo fala? Nas eleccións. *(Aplausos.)* Iso foi exactamente, señora Pontón, o que motivou o seu cambio radical e descarado respecto ao que —ténollo dito moitas veces con absoluto convencemento, e cada vez máis— sería, sen dúbida, o seu proxecto estrela se tivese un goberno de verdade. Como ten un goberno na sombra, pois tivo que cambiar.

Estivo moi divertida esta semana esa competición que tiveron entre vostede e o señor Besteiro, a ver quen se poñía a medalla de conseguir que non veñan industrias a Galicia. Vostede saíu a saco, pero enseguida o señor Besteiro contraatacou dicindo que foi el quen foi a Madrid dicir que desconectasen a provincia de Lugo das conexións eléctricas industriais, para poder dicir que o mérito o tiña el. Eu creo que, ao final, non gañou ningún dos dous, houbo un empate bastante evidente. Pero hai un claro perdedor. ¿Sabe quen é? Galicia e o seu futuro, señora Pontón. *(Aplausos.)*



Porque, mire, moi ben, señora Pontón, é vostede unha auténtica campioa. ¿E cal é a súa alternativa? ¿Que lle vai dicir a todos os rapaces enxeñeiros, biólogos, tecnólogos, rapaces de FP que queren traballar en Galicia, que se forman en Galicia e que queren traballar en Galicia? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que lle vai dicir a toda a xente que xira arredor dos grandes proxectos industriais, que ten o seu medio de vida...? ¿Cal é a alternativa? Si, si, vostede foi capaz de frear..., si. ¿E agora que?, ¿que vai pasar, señora Pontón? ¿Que lle vai dicir a toda esa xente que confía nos técnicos da Administración non só cando fan ditames ambientais, senón cando resolven calquera expediente, cando vostede acaba de laminar —ou intentalo, polo menos— a credibilidade de todos os técnicos? ¡Todos están comprados, todos están ao servizo do poder político, e non vale para nada o que digan! ¿Que lle vai dicir?, ¿cal é a alternativa? ¿Cal é a alternativa, señora Pontón, para toda a xente que está pensando: moi ben, e agora que? ¿Vostedes que propoñen?

Mire, vostede vai para trinta anos xa aí sentada nun banco da oposición sen tomar unha soa a decisión de xestión... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, é que é a realidade. Vostede non ten que tomar decisións que afectan a vida das persoas. Claro, é moi cómodo, ten o soldo asegurado e pode facer competicións de medallíñas. Esta é a realidade, señora Pontón. Non ría, porque esta é a realidade da súa traxectoria política, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Polo tanto, mire, o nacionalismo é o que é. É egoísta e, cada certo tempo, cada vez con máis frecuencia, demóstrase; acaba de demostrarse outra vez. Vostedes teñen a vida moi solucionada, e, polo tanto, a xente que aspira a traballar, que se fastidie. O importante é a súa medalla e dicir: o pobo é quen ordena e o pobo fala comigo e con ninguén máis. E volvo dicir: o pobo ordena cando lle se consulta nas eleccións. E, ¿sabe o que nos dixo? Que fósamos rigorosos, que fósamos exixentes, pero que buscásamos un futuro para que a xente teña emprego en Galicia, señora Pontón; foi o que nos dixo. *(Aplausos.)* E dígolle unha cousa: fronte ás súas presións, fronte á súa demagogia, fronte á súa irresponsabilidade, fronte ao seu cambio de criterio descarado, eu dígolle que este goberno vai ser firme, porque temos ese mandato do pobo que nos ordenou a través das eleccións, señora Pontón. Ese é simplemente o segredo da política e da democracia. Vostede, como non o entende —e xa podía— leva —xa digo— para a terceira década nos bancos da oposición, pensando que o pobo só a ten que entender a vostede.

A xente quere traballo, a xente quere futuro. A xente aposta por todo iso, e por iso aposta por nós. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica da señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Ben, señor Rueda, vexo que vén hoxe vostede con máis dose de soberbia da habitual, supoño que porque o molesta que, efectivamente, é o pobo quen máis ordena, e os galegos e galegas acaban de ter unha gran vitoria pechando ese proxecto da bomba ambiental de Altri e derrotando, efectivamente, un Goberno e un presidente que non é capaz de escoitalo. A mellor demostración é a súa intervención de hoxe aquí, señor Rueda: *(Aplausos.)* unha falta de respecto a unha cidadanía que traballou, efectivamente, para defender o futuro.



Porque, ¿cal é a mensaxe de fondo que escoitamos aquí? É un pouco o mesmo que está dicindo o seu goberno estes días: que en Lugo van converterse, non sei, algo así como no *lejano oeste* —creo que dixeron— e que o que vai quedar é atraso. ¿Que pasa, señor Rueda? As 4.000 familias que viven na comarca da Ulloa, que é unha das máis produtivas deste país, que se dedican á agricultura, ¿iso é atraso? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¿Atraso son as 19.000 familias que viven do mar? ¿Atraso son as pemes que están facendo o traballo, desde nas queixerías até na produción de produtos de cosmética ecolóxicos nesa zona? ¿Iso é atraso, señor Rueda? ¿Así é como ve vostede o seu país? (*Aplausos.*) ¡E vén hoxe aquí enfadado porque lle derrotaron o proxecto da macrocelulosa! Porque, efectivamente, señor Rueda, o pobo galego é quen ten que colgar a medalla de parar Altri, que é un atentado contra o noso país.

É que eu non sei se se dá conta, ademais, do retrato que fai do seu goberno, porque é que o PP leva case corenta anos gobernando este país —por certo, trinta deles vostede xa no coche oficial— e o que nos veñen dicir é que, como non conseguiron impoñer a macrocelulosa, agora vai haber «fame e atraso». ¿Pero que política industrial, que visión ten vostede do país? ¿Como podemos ter —é que dá tristeza— un presidente que non é capaz de ver o potencial que hai en Galiza e o único que quería era poñerlle unha alfombra vermella a unha nova macrocelulosa, a unha empresa do século XX, cando estamos en pleno século XXI?

E mire, vostede sobre Altri é que, de cada dúas palabras que di, tres son mentiras. (*Pausa.*) Si, si, tres son mentiras. A primeira gran mentira: efectivamente, empezaron con esa biofábrica, enganándonos a todos e a todas. (*Murmurios.*) ¡Porque non era unha biofábrica; era unha macrocelulosa! (*Aplausos.*) E claro que nos enganaron. Fíxese se o sabían que se coidaron moi moito —si, si— (*Murmurios.*) de non publicar ese proxecto até que pasaron as eleccións. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡Era tan bo que o tiveron escondido e non o coñecemos ata que o publicaron no DOG!

E seguen aí, porque hoxe tiña unha pregunta moi concreta, señor Rueda, e non nola contestou: ¿por que mantén ocultos os seus acordos secretos con Altri? ¿Por que seguen ocultos baixo sete chaves eses acordos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, uns acordos que son tamén outro exemplo da mentira, porque fíxense: primeiro dixéronnos que non existían, a pesar de que os asinara o vicepresidente do seu goberno; despois dixéronnos «¡Ah!, que a Xunta non coñece esa documentación porque forma parte dunha empresa privada» —unha empresa privada da que a Xunta ten o corenta por cento e na que estaba o seu vicepresidente—. Dinnos que non nola poden enviar porque non coñecen esa documentación, pero vostede esta mesma semana di que coñece eses acordos. ¿Por que llelos oculta aos galegos e ás galegas? ¿Por que non envía esa documentación ao Parlamento?

Señor Rueda, está claro que quen...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...nada teme, nada oculta. ¿Que lles está ocultando aos galegos e ás galegas? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)



O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, de verdade, que vostede fale de soberbia e que ao mesmo tempo diga que o pobo falou arroupado polo BNG e estimulado polo BNG... Dígolle unha cousa: a xente que non está de acordo coa súa postura, a xente que lexitimamente cre que a Xunta o que ten que facer é, con garantías, buscar proxectos industriais, ¿eses non son pobo para vostede, verdade? ¿Non merecen ningún aprecio? Esa é a súa soberbia. *(Aplausos.)* Non, xa sabemos... Esa xente, como non a vota, é xente que se leva equivocando dende o ano 2009 e non merece nin a cualificación de pobo na concepción do BNG.

Mire, non minta. En ningún momento dixemos que non coñeciamos o contido... *(A deputada Ana Belén Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, explicamos que está sometido a unha serie de normas e que depende de varios consentimentos. Como todos os documentos amparados, hai leis que regulan todo iso, simplemente iso. Leis que vostede tira... Mire, xa que os técnicos da Xunta, que dixeron que o proxecto era compatible co medio ambiente, respectuoso, que había niveis de garantía, son todos mentirosos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Son todos xente que merece o seu desprezo, non son pobo. Porque, claro, vanse arrasar 20.000 familias que viven do mar nun sitio, a agricultura de tres comarcas... Todo iso sábeo vostede, que é científica, bióloga e o que faga falta en cada momento. É a encarnación do pobo que apoia o BNG. *(Aplausos.)* E entón... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Iso si que é soberbia absoluta!

Mire, nada novo baixo o sol. O nacionalismo industrial consiste en que non haxa nada. Non queren nada. Non querían autopista no seu momento, non queren turistas agora, non queren ningún proxecto industrial, non queren renovables —acábao de dicir vostede—, non quere saber nada da eólica mariña... Non queren nada. E eu vólvolle dicir: ¿cal é a súa Arcadia feliz? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Cal é o seu proxecto de futuro para Galicia?, *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que lles di a todos os mozos que estudan aquí e queren traballar aquí? Xa saben que vostede non quere todo o que se propón. Eu dígolle: ¿que quere o Bloque para Galicia e para darlle futuro? Vostede non ten proxecto. O nacionalismo é «non, non, non e non». Ese é o nacionalismo, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Vaia negocio que fixeron vostedes. Agora que vemos que todos os nacionalismos e os independentismos se dedican a chantaxear a caño libre a Pedro Sánchez, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* vostedes o único que sacaron é —bueno, non sei, iso tería que preguntarllo ao señor Besteiro, que di que foi el— *(O deputado José Ramón Gómez Besteiro pronuncia palabras que non se perciben.) (Risos.)* que se lle negase a conexión eléctrica a unha provincia. ¡Vaia negocio, señora Pontón! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Todo o mundo saca algo, e vostede o que saca é que non nos dean algo. ¡Vaia negocio, señora Pontón, vaia negocio! *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, señor Besteiro, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* vostede ten que entender que eu e os galegos temos



dúbdidas sobre quen é o responsable de deixar sen conexión a Lugo. Os dous quérense poñer a medallina, o mérito. É o que conseguiron, nada máis que iso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Risos.)*

Mire vólvolle dicir: a xente fala a través das eleccións... *(O presidente pide silencio.)* *(Un deputado: tiña medo, éralle mellor estar calado.)*

Señor Besteiro, que eu quéroo tomar en serio, pero axúdeme, axúdeme, se non é imposible. *(Risos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É imposible, señor Besteiro. Perdoe, señora Pontón, é que se meteu e eu quero que estea moito tempo aquí, e quéroa axudar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Entón, dicíalle que perda toda esperanza. Somos un Goberno rigoroso, a xente sábeo e dános a confianza. E obsérvaos a vostedes. Conseguírono esta vez, é certo, porque hai un Goberno sectario en Madrid que por unha vez se pregou ao que lle pediron a dúo. Foi o único que conseguiron: que non haxa conexión eléctrica para esta e para outras industrias. Pero ese é o seu mérito, non sabemos nada máis. Eu sigo pensando na xente que quere traballo e garantías medioambientais en Galicia. Pode confiar neste Goberno. Se queren un «non» por sistema, un nacionalismo gris e ser contemplativos en vez de ser competitivos téñenos a vostedes. E, como saben, a alternativa xa leva case trinta anos na oposición.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

Declaración institucional

O PRESIDENTE: Vou dar lectura a unha declaración institucional que me fan chegar os grupos para conmemorar o Día das Enfermidades Raras, que di:

«En Europa, as enfermidades raras afectan a menos de cinco persoas por cada 10.000 habitantes. Identificáronse máis de 6.500 enfermidades raras, das cales só o seis por cento teñen tratamento e máis da metade das familias esperan máis de seis anos para lograren un diagnóstico. Estímase que entre o seis e oito por cento da poboación mundial convive con estas patoloxías, polo que se calcula que no mundo habería 300 millóns de persoas afectadas: 3 millóns en España e 200.000 en Galicia.

O 28 de febreiro conmemórase o Día Mundial das Enfermidades Raras, co obxectivo de impulsar unha mobilización que permita sensibilizar, concienciar e situar estas enfermidades na axenda pública. Á acción é liderada en Galicia por Fegerec, a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas, e en España por FEDER, a Federación Española de Enfermidades Raras, que representa hoxe o impulso e a forza de máis de 440 organizacións de pacientes.

Estas organizacións evidencian que acceder á prevención, ao diagnóstico, aos tratamentos, aos cuidados, á atención social e interdisciplinaria, á educación ou ao emprego son retos para as persoas con enfermidades raras, para quen as coida e para un país. Porque existe descoñecemento, porque necesitan ser máis investigadas, porque afectan moitas persoas no seu conxunto e porque existe unha grande inequidade no acceso a recursos sociais e sanitarios.



Esta inequidade faise evidente nas diferentes políticas territoriais, na fragmentación da investigación e da información existente, nas diferenzas no acceso ás probas diagnósticas ou nos escasos tratamentos dispoñibles, así como nas barreiras para o acceso a unha atención especializada e integral.

Por iso, o Parlamento de Galicia declara a importancia de:

1. Impulsar a investigación e o coñecemento, para ter máis información sobre a orixe, a evolución, o tratamento e o pronóstico das enfermidades raras.

2. Lograr e asegurar o acceso, en tempo e en condicións de equidade, ás probas diagnósticas e aos tratamentos e terapias. A abordaxe desde estes eixes debe ir acompañada da incorporación da participación efectiva dos pacientes e das entidades que os representan nas decisións que os afecten, desde unha visión transversal e social, garantindo a coordinación interautonómica para asegurar a equidade no acceso aos recursos sociais e sanitarios.

A Cámara galega súmase solemnemente á iniciativa *Porque cada persoa importa*, baixo o convencemento de que avanzarmos xuntos é a única maneira de non deixarmos ninguén atrás. O apoio e o compromiso de todos marca a diferenza na vida de moitas persoas.» (Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)

Esta é a declaración.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2026.

Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día, agora imos xa ás proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia ante a actitude do Goberno central coas políticas galegas en materia de dependencia e servizos sociais

O PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:



1. *Reclamar ao Goberno español a retirada do recurso de inconstitucionalidade no ámbito da dependencia e discapacidade.*

2. *Duplicar no inmediato o número de EVO de discapacidade en Galiza co obxectivo de reducir os tempos de tramitación e as listaxes de agarda neste ámbito priorizando aquelas áreas territoriais que presenten maior carga de traballo e demora na tramitación das solicitudes.»)*

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Raquel Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, presento esta iniciativa cunha alegría contida, compartida —estou segura— polos miles de galegas e galegos que teñen solicitada a valoración da dependencia e/ou a discapacidade e que, a partir deste momento, poden volver ser valorados de forma simultánea en virtude do plan de choque posto en marcha pola Xunta de Galicia dende hai un ano. E isto é así porque hai unhas horas o Tribunal Constitucional facía público o acordo, por unanimidade de todos os maxistrados, para levantar a suspensión provisional dos artigos que se refiren ás reordenacións dos parques eólicos e das valoracións simultáneas da dependencia e a discapacidade incluídos na Lei de medidas fiscais e administrativas vencelladas aos orzamentos de 2025. Uns artigos que —como coñecen— ten recorridos o Goberno de Sánchez. Tal como explica a nota informativa do Constitucional, o levantamento faise dando cumprimento á solicitude feita tanto pola Xunta como por este Parlamento, e en contra do que opinaba o avogado do Estado. No que se refire ao artigo 45.5, que fai referencia á homologación simultánea da dependencia e a discapacidade, o Constitucional di: «*Sin perjuicio de la cuestión de fondo, entiende la resolución que la falta de acreditación de la litigiosidad por el Estado y la remisión a las instrucciones de la Consejería de Servicios Sociales gallega evidenciarían que los perjuicios para el interés público no resultan ciertos ni actuales ni efectivos. En consecuencia, el acto aprobado por el Pleno acuerda el levantamiento de la suspensión*». Unha labazada en toda regra do Constitucional ao Goberno de Sánchez, que nunca se cansa de facernos dano aos galegos en calquera tema e con calquera desculpa.

Pero, se esta actitude é lamentable, doe aínda máis que, dende Galicia, o partido do señor Besteiro e o Bloque Nacionalista Galego tamén, unha vez máis, prefiren apoiar a Sánchez antes que aos galegos. Temos aínda moi recentes as votacións do pasado pleno, onde ambos se negaron a apoiar unha iniciativa do Partido Popular pedíndolle ao Goberno central que retire o recurso. Pero é que, ademais, BNG e PSOE votaron xa no seu día en contra de que se puxese en marcha o plan de choque para a valoración da dependencia e a discapacidade, un plan de choque que un ano despois se comprobou xa que está conseguindo o dobre obxectivo para o que se deseñou: incrementar o número de persoas atendidas e facelo no menor tempo posible. Os galegos teñen que saber que nacionalistas e socialistas votaron en contra dun plan que permitiu que durante o 2025 Galicia reducise en 63 días —máis de dous meses— o tempo medio de agarda para ser valorados, mentres no conxunto do Estado se incrementou en 7 días, pasando de 334 a 341. No ano 2025, resolvéronse de maneira favorable en Galicia máis de 87.000 expedientes de dependencia e discapacidade, case o dobre que o ano anterior; e a lista de agarda reducise un 45 por cento, mentres no conxunto do Estado só o fixo un 4,5 por cento.



De acordo co informe da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, Galicia foi, despois das Canarias, a comunidade que máis incrementou as persoas con dereito á prestación en 2025: incrementounas nun 20,1 por cento. Galicia é, xunto con Aragón, a comunidade que atende o maior número de persoas xa valoradas; ou, o que é o mesmo, o 98,5 por cento das persoas valoradas xa desfrutan da prestación do servizo. (*Aplausos.*) Para que se fagan unha idea, mentres en Galicia teñen esa prestación o 98,5 por cento das persoas, nas Canarias, por exemplo, téñena só o 71,4; no País Vasco, o 75; e, en Cataluña, o 86. Nun ano de vixencia do plan da Xunta, máis de 2.600 galegos con dependencia obtiveron o recoñecemento de discapacidade de maneira automática.

O plan foi un éxito sen paliativos non para a Xunta de Galicia, senón para as persoas que agardaban polo seu recoñecemento e para as súas familias. (*Aplausos.*) Un plan que copiaron outras autonomías, como Cantabria ou as Illas Baleares. Un plan que copiou o propio Sánchez no seu proxecto de lei de dependencia, actualmente en tramitación parlamentaria pero —como saben— sen posibilidade de éxito, porque non lle dan as contas. Ese proxecto de lei de Sánchez dinos: *«Se hace preciso abordar la asimilación entre los grados de dependencia y discapacidad. No hay ninguna duda de que una persona que se encuentra en situación de dependencia es reconocible de forma automática como persona con discapacidad»*. Exactamente o mesmo que dicimos en Galicia. E, por tanto, a pregunta que se fan os galegos é: se algo funciona, se se demostra eficaz, se se mellora a vida de miles de persoas..., ¿por que Sánchez recorre este plan? E, por increíble que pareza, a resposta é: por mero afán recadatorio. (*Aplausos.*) Porque estas persoas ás que se lles recoñeceu a discapacidade teñen por dereito diferentes beneficios; entre outros, unha serie de vantaxes fiscais como a redución no IRPF, un IVE reducido, a exención ou descontos no imposto de circulación. E estas vantaxes fiscais, ligadas ao recoñecemento da discapacidade, aforráronlles a estas persoas en Galicia 114 millóns de euros no ano 2025. Esa é a razón pola que o Estado recorre este plan da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

E así, señorías, o Goberno que se definía como o «máis social da historia» cébase cos máis vulnerables, coas persoas con discapacidade, ás que lles nega dereitos para poderlles cobrar máis impostos. En Galicia, aos partidos que nos veñen aquí dando sempre leccións de todo —o BNG e o PSOE— pareceulles fantástico que o Estado negue dereitos e lles cobre máis impostos ás persoas con discapacidade. (*Aplausos.*) Parécelle fantástico a ese pobo do que falaba a señora Pontón. ¡Tan bravos en Galicia e tan mansos en Madrid!, que votaron aquí en contra de que o Estado retire ese recurso que estaba afectando miles de persoas.

Miren, hoxe brindámoslles unha nova oportunidade de rectificar, votando a favor desta iniciativa na que o Grupo Popular pide denunciar o novo ataque de Sánchez a Galicia ao paralizar o Plan de choque da dependencia, apoiar que a Xunta interpoña alegacións e recursos perante o Tribunal —como xa anunciou que fará—, exixir ao Goberno de España que cese no seu afán de bloquear as políticas sociais en Galicia, reclamar o cofinanciamento do cincuenta por cento da Lei de dependencia e os 2.900 millóns de euros de débeda acumulada.

Esperemos que esta vez socialistas e nacionalistas preman o «si». Señores do BNG, o botón do «si», ese verde que está situado á esquerda. Dígoo porque ao mellor nunca o premen porque non saben onde está. (*Aplausos.*)



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

É boa verdade o que dicía a portavoz nacional do BNG hai un momento, que, de cada tres palabras que di o Partido Popular, catro son mentiras, señora Arias. Primeiro, o BNG abstívose hai quince días. (*A deputada Raquel Arias Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, vostede subiu aquí e dixo que votáramos en contra. (*Murmurios.*) Entón, o Bloque Nacionalista Galego abstívose porque o que non avala o BNG é a política eólica, a política enerxética, a política de espolio dos recursos naturais deste país, señora Arias. (*Aplausos.*) O BNG defende o autogoberno deste país cada día, levámolo no nome: «nacionalista galego». (*Aplausos.*)

Pero é que ademais, señora Arias —eu dígollo con franqueza—, que «non sabemos onde está o botón verde». Non, imos ter unha proba empírica en canto remate este debate de cantas veces vota cadaquén o verde e o vermello. Señora Arias, levamos conta, levamos rexistro: máis do setenta por cento das veces que se somete a votación nesta Cámara unha iniciativa, o Partido Popular vota en contra. (*Aplausos.*) E dirán: ¿por que o trinta por cento as votan a favor? Porque son as deles, son as súas. Porque só conciben o diálogo, o debate, a política e a democracia parlamentaria nun sentido —o único—: que lles dean a razón a vostedes, que fagamos todos o que vostedes queren. Pero non, isto non vai así. Aquí hai un proxecto político do Bloque Nacionalista Galego, alternativo ao do Partido Popular, que non comulga coas políticas que defende o Partido Popular; tampouco no ámbito da dependencia e da discapacidade.

Nós —xa centrándome nesta cuestión en concreto, señora Arias—, no BNG, defendemos que Galiza debe ter competencias plenas para poder decidir sobre todas aquelas cousas que nos afectan; tamén no ámbito da dependencia e da discapacidade —como así é—. Logo veremos que o ámbito dos servizos sociais —o que se define no Estatuto do ano 1981 como «asistencia social»— é unha competencia exclusiva —artigo 27, apartado 23, do Estatuto do ano 1981—. O que rexeitamos son as mudanzas introducidas no proceso de tramitación da dependencia e da discapacidade nesa Lei de medidas fiscais e administrativas, de acompañamento aos orzamentos, que se aprobou no ano 2024. Porque pode haber quen pense que é a lei do ano anterior; non, é a anterior aínda. ¿Por que? Primeiro, pola forma, porque non se pode introducir unha modificación de calado en todo o proceso de tramitación da dependencia e da discapacidade nunha lei de acompañamento aos orzamentos, pola porta de atrás, sometendo e ocultando o debate desta modificación no medio de cincuenta reformas lexislativas máis. E, en segundo lugar —dixémolo daquela e repetímolo incansablemente, como é o BNG, ao longo de todo este tempo—, crean vostedes unha homologación automática en cuestións que non son equiparables. A discapacidade é unha condición sanitaria que



afecta a saúde das persoas; por iso os equipos de valoración e orientación da discapacidade están formados, entre outros, por médicos. O ámbito da dependencia o que valora é o grao de necesidade de apoios que unha persoa pode ter para facer as súas actividades diarias: levantarse pola mañá, ducharse, asearse, vestirse, moverse dentro do seu domicilio ou no seu contorno. Por iso, as persoas que forman os equipos de valoración e orientación da dependencia veñen do ámbito social: traballadoras sociais e terapeutas ocupacionais. Dito doutra forma, ti, por ter unha discapacidade visual grande —grande, do 66 por cento, poñamos— non te convertes automaticamente nun grao 2, que é unha dependencia severa, de acordo coa lexislación estatal neste ámbito. Non é así.

Entón, nós, ¿que defendemos? Que o Goberno do Estado español debe retirar o recurso de inconstitucionalidade; así o recolleemos, ademais, na emenda que presentamos de substitución, na parte resolutiva. Insisto: nós reclamamos, desde o BNG, a retirada dese recurso de inconstitucionalidade. Primeiro —e díxeno antes—, as competencias no ámbito social —a «asistencia social»— son competencias exclusivas no Estatuto de 1981, artigo 27, apartado 23. Iso está fóra de toda dúbida. E aínda que non estivesen recollidas no Estatuto de 1981—que o BNG sempre denuncia que é un traxe estreito, que lle queda pequeno a este país para desenvolver todo o seu potencial e garantirlle as maiores cotas de benestar e as mellores condicións de vida ao pobo galego— defenderíamos que se retirase ese recurso de inconstitucionalidade. Pero é que nin sequera ese recurso de inconstitucionalidade —vostede mesma o explicaba agora— que presentou o Estado se basea en non recoñecerlle a capacidade a Galiza en materia de dependencia e discapacidade, no recoñecemento dos graos de dependencia e discapacidade, senón que se basea en que o Estado español, efectivamente, o que quere negar é que iso lle supoña unhas obrigas económicas á Seguridade Social. Non quere recoñecer os dereitos que implica ter un grao de discapacidade en materia de deducións fiscais ou o acceso a determinadas subvencións públicas. É dicir, que o debate non é sobre a capacidade de Galiza, da Administración pública galega, para determinar que unha persoa ten un grao de discapacidade ou un grao de dependencia, senón que o que se pon en dúbida é a factura que ten que pagar a Administración pública vinculada a eses dereitos recoñecidos.

Entón, nós —insisto, e así se plasma na emenda que presenta o BNG— exiximos ao Goberno español a retirada dese recurso de inconstitucionalidade, porque non é só que non xire arredor dos dereitos das persoas dependentes ou con discapacidade; é que pretende negárrellos. En todo caso, nós insistimos en que esta non é a vía. A homologación automática en determinados casos que vostedes plasman na Lei de acompañamento de 2024 non é a vía para garantir os dereitos das persoas dependentes e das persoas con discapacidade.

Non se resolven os problemas que hai no ámbito, especialmente, do sistema de dependencia e de discapacidade nin sequera coa retirada do recurso de inconstitucionalidade por parte do Goberno español. O que falta é persoal para facer as valoracións das persoas que teñen solicitado o recoñecemento dun grao de dependencia ou dun grao de discapacidade. Falaba vostede do que se reduciron nos últimos anos, señora Arias; e, efectivamente, houbo unha redución, pero é que cos últimos datos publicados —31 de xaneiro de 2026— en Galiza no ámbito da dependencia hai agardando 1.511 persoas nun tempo de tramitación medio de 322 días, que é case o dobre do que a lei establece como tope máximo, que son 180.



Pero, como xa sinalabamos, ademais, na xornada de onte, ao longo destes anos o grao de colapso do propio sistema de recoñecemento da discapacidade é brutal. En Lugo, 675 días, oito veces máis do que establece a lei; Pontevedra, 690 días —dous anos—; Ourense, 452; A Coruña, 422; Vigo, 426; Ferrol, 444; e Santiago de Compostela, que é a que mellor está, 356 días. A lei establece un tope máximo de 90. Iso non o xerou un recurso de inconstitucionalidade presentado hai dous telediarios polo Goberno de España, nin se vai resolver cunha homologación automática, señora Arias. Fai falta dotar este país de máis equipos de valoración e máis persoal que valore as discapacidades e tamén a dependencia. ¿Incrementáronse nos últimos anos? Si. ¿Con fondos europeos? Si. Non son suficientes, e á vista están os datos. Porque estar dous anos agardando para unha valoración de grao de discapacidade fai que moita xente, aínda non tendo recoñecido o grao, xa estea pedindo unha revisión do mesmo, porque aumentaron a súa discapacidade ou empeorou a súa condición física, psicolóxica ou mental.

Por iso nós, señora Arias, temos, desde o BNG, toda a vontade de chegar a acordos para garantir os dereitos das persoas dependentes e con discapacidade en Galicia. Pero, se non aceptan a emenda, volveremos outra vez absternos. Porque non é só o recurso de inconstitucionalidade; hai que poñer medios, máis medios e máis recursos para garantir os dereitos das persoas con dependencia e discapacidade, non só no papel, senón na realidade.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bo día.

Imos por partes, porque despois vostedes emendaron isto. Retirar o recurso, a primeira parte da súa iniciativa. Levantouse a suspensión, de momento, da lei. Vostedes poden seguir aplicando isto. E eu preguntome: se vostedes están tan seguros do que fan, da constitucionalidade do que vostedes promoven nesta forma de xestionar a dependencia, ¿que problema teñen? Vostedes están seguros disto, todo vai para adiante, vostedes confirman e reafirman que o fan ben, que están dentro da lei, que é unha cuestión que non vulnera ningunha cuestión constitucional. Eu letrada non son, pero entendo que deberían estar tranquilos. De momento vostedes poden seguir con... —non quero nin cualificar o que fan, porque xa lles dixen aquí máis dunha vez que non estou levada polo camiño do insulto—. Pero vostedes perseveran nesta nova forma de xestionar un sistema para o que nin sequera teñen planificado un futuro. Vostedes saberán. Se eu estivese no seu lugar estaría absolutamente tranquila, porque supoño que vostedes están totalmente confiados en que o Tribunal Constitucional a partir de agora lles dá a posibilidade de seguir para adiante e de que vostedes non están a incumplir ningún tipo de lei. Así que, desgraciadamente, poden seguir vostedes con este sistema, onde están bonificando as persoas e quitándolles dereitos, en vez de aplicar unha lei de dependencia como pode ser.



Despois, eu non sei se vostede o sabe, pero o seu partido, entre o ano 2020 e o 2022, promoveu catorce recursos de inconstitucionalidade: en educación, en eutanasia, no ingreso mínimo vital... E o que me estraña é que vostede isto o vexa agora fóra de lugar, porque non sei por que supuxeron vostedes que era inconstitucional o ingreso mínimo vital; ese do que falabamos onte de que ten que apoiar unha integración na súa totalidade, non integración soamente de dar de comer, senón de que saquemos as persoas que menos poden para que non queden atrás. E o ingreso mínimo vital é unha ferramenta absolutamente fundamental. Non sei por que se estraña de que os gobernos ou de que a oposición poida supoñer que algunha acción xurídica pode ser anticonstitucional. Insisto: o Partido Popular presentou catorce recursos de inconstitucionalidade en leis que hoxe están vixentes e que benefician as persoas deste país. *(Aplausos.)*

Despois exigen que «cese o Goberno no seu afán de bloquear as políticas sociais de Galicia, priorizando o benestar das persoas dependentes sobre as disputas competenciais». Só para empezar, 18.520.000 euros que vostedes venderon como propios —aquí este señor, o señor Rueda, vendeu como propios— para mellorar e implementar infraestruturas residenciais en Galicia. Con isto imos incrementar 500 novas prazas de residencia e 150 de atención diúrna en vinte centros de maiores. E sobre iso, caladiños, como falaba o compañeiro Aitor cando falabamos de Educación. Caladiños, vostedes foron anunciando por aí —incluso neste pleno, chegou un día e enchéuselle a boca— dicindo que ían facer vinte residencias máis. Dezaotoito millóns que veñen do Estado e vostedes xamais dixeran nada disto, nunca dixeran nada.

Bloquear as políticas sociais. Ben, claro, pasamos de sesenta horas recoñecidas polo señor Mariano Rajoy a noventa horas os de grao tres. Non sei se as bloqueamos. Pasamos de non admitir as familias e as traballadoras que estaban recoñecidas como coidadoras cotizando á Seguridade Social a readmitilas cando voltamos ao Goberno; vostedes tiñan iso bloqueado. Entón, non sei a que lle chama vostede «bloquear». Porque, ademais, hai un plan de choque do Goberno de España de 3.600 millóns entre o ano 2021 e 2024, que é un plan de choque que vén a maiores das aportacións de ordinario que se lles fan ás autonomías, e deses 3.600 millóns que fixeron para o sistema de benestar, para darlle un pulo ao sistema de benestar, Galicia recibiu máis de trescentos millóns adicionais —insisto, adicionais— para saldar ou para ir saldando esa débeda histórica que se afirma —que agora xa estamos nos 3.000, no pleno que vén non sei no que estaremos—. Pero é que estaban vencelladas a ese plan de choque. Nunca soubemos nada, nunca se dixo nada disto, pero vostedes falan de «bloquear» partindo da situación que partiamos. Eu creo que, ademais, moitos dos que están aquí xa estaban nela. Nunca lles escoitamos neste Parlamento durante a época de Mariano Rajoy dicir absolutamente nada do sistema de dependencia, nunca. Entón, reclamar que cumpra coas súas obrigas abonando a débeda pendente cos galegos... ¿Cal débeda? ¿Os 3.000 millóns? Eu volvo dicir, aquí imos ter un día unha iniciativa e a ver se lle damos para adiante. Esa débeda —que nós estamos de acordo, se é certa— xa lle pedimos por enésima vez que, por favor, a traia aquí absolutamente clarificada, ano a ano, incluso naqueles anos nos que o Partido Socialista estivo no Goberno. Pero traia ano a ano esa débeda. Por favor, diga tamén en que a gastaron, porque eu entendo que as bonificacións non poden entrar aí. A Lei de dependencia non contempla bonos. Eses bonos son cousa súa. Entón, traíamos aquí, por favor, desglosado o que ano a ano vostedes consideran, pero coa contabilidade que dea desde a Xunta de Galicia, a Consellería de Facenda.



E, por certo, fagan tamén ese percorrido polos concellos, porque tamén se lles debe, supoño que tamén se está debendo por parte da Comunidade Autónoma os concellos. O que tantas se repetiu e do que vostedes se vanaglorian agora de que desde a Fegamp, mal que ben, ti-vésemos que chegar a este acordo.

Entón, eu insisto: xa non imos entrar, xa se deron aquí os datos, xa falamos por activa e por pasiva do que supón todo isto dos bonos, da nova forma de afrontar unha lexislación onde vostedes retiran dereitos a cambio de 416 euros... Todo isto vímolos repetindo de cotío. Pero mire, insisto, estamos a favor de que —díciállo onte— traia vostede aquí —pero sen máis— unha iniciativa onde veña todo desglosado. Ou máis, faga unha comparecencia, ou mesmo nunha comisión. Traia vostede, por favor, o que se debe, pero coa Consellería de Facenda polo medio, por favor, e con funcionarios onde todo isto estea apuntadiño e ben sinalizado, para que con isto poidamos ir a ese Tribunal Constitucional, ou ao que sexa, pedir que se nos devolva aquilo que nunca nos chegou. Insisto, fágano tamén cos concellos. Estou segura de que dende a Fegamp están dispostos, porque tamén haberá unha débeda da Xunta de Galicia para con eses concellos.

Entón, eu entendo, señora Arias, que isto sería a forma eficaz de facer isto. Porque, claro, a iniciativa, á parte, está glosada cuns termos moi pouco científicos, que non din nada bo de que a fixo, simplemente que é... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, ou do que a redactou, que xa sabe que eu teño esta manía de estar por encima dos demais. Xa o saben, si, si; pero con razón, neste caso, porque isto *válgame la palla*. Ou sexa, isto de «reclamar, exixir»... Diga vostede dunha forma eficaz, contundente, obxectiva e científica a débeda que temos que soportar os galegos, ano a ano, partida a partida, concello a concello. Non é difícil, non é difícil, dígollo eu. Fale vostede co conselleiro de Facenda, non é difícil. E con iso eu creo que imos todos os de aquí, porque non hai nada peor na vida que que che rouben o que é teu e non poder defenderte.

Así que, *en su mano lo dejamos*. Traia vostede unha iniciativa absolutamente conformada dunha obxectividade e dun rigor e tiramos para adiante. Sinto que nesta teñamos que abstermos.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo autor da proposición non de lei, a señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas presidente.

Ai, señora Longueira, cantas voltas para non falar do tema. Eu fágolle unha pregunta moi sinxela que o resume todo: se o plan de choque o presentase Cataluña ou o País Vasco, ¿Sánchez íao recorrer? Xa llo digo eu que non, cen por cento segura. (*Aplausos.*)

Miren, ¿sabe o que pasa? Que ser unha persoa dependente ou con discapacidade non ten nada que ver coa ideoloxía política. Por iso precisamente atender as súas necesidades e pro-



curar que se cumpran os seus dereitos tería que concitar a unanimidade de todas as forzas políticas. Esa mesma unanimidade que onte se viviu no pleno do Tribunal Constitucional. Esa unanimidade que hoxe nós pedimos aquí ante un recurso e contra un recurso que nos presentou Sánchez que claramente é inxusto, tremendamente daniño para todos os dependentes e as súas familias e que unicamente ten un fin recadatorio. Un recurso cruel, mírese por onde se mire. Que lles nega dereitos ás persoas con discapacidade en Galicia para poderlles cobrar máis impostos. Pero, ¿pode haber maior crueldade que isto? (*Aplausos.*) Por iso, señorías, custa tanto, tanto, crer que BNG e Partido Socialista non estean dispostos a votar claramente a favor de que se retire ese recurso. Unha vez máis, danlle prioridade absoluta ao sectarismo de Sánchez antes que ás necesidades das galegas e dos galegos.

E mire, señora Rodil, se vostede quere hoxe rectificar e pedir que se retire o recurso, vote a favor da nosa iniciativa; claramente, vote a favor da nosa iniciativa. O que non imos aceptar é unha emenda-maquillaxe desas que vostedes acostuman presentar. Deixen a un lado a hipocrísia, porque o seu, señorías, é un puro fraude político a ese pobo do que tanto falan. (*Aplausos.*)

Mire, BNG e Partido Socialista exíxenlle á Xunta axilidade para a Lei de dependencia e logo resulta que votan en contra do plan que axiliza esas valoracións e que consegue un 45 por cento menos de lista de agarda. O BNG exige autogoberno, pero non quere que o Goberno central retire o recurso contra ese plan de choque. Piden máis cartos para a axuda no fogar, pero din «non» a que os concellos teñan 150 millóns de euros máis para axuda no fogar en tres anos. En Galicia din que o Estado ten que pagar o cincuenta por cento da Lei de dependencia que lle corresponde, pero en Madrid non se atreven a exixirlle a Sánchez. (*Aplausos.*) Non se atreven nunca, mesmo aínda que ía nese acordo que tiñan para colocalo na Moncloa. Señorías, din que o rural precisa servizos, pero votan «non» ás casas do maior para que os veciños maiores do rural, vivan onde vivan, teñan dereito a recursos de día, e ademais gratis. PSOE e Bloque Nacionalista Galego votan que non, e hoxe seiscentas persoas disfrutan destes recursos. Din «non» ao Bono Coidado, que xa solicitaron máis de trinta e tres mil galegos. Señorías, ¿que espera que lle digan os galegos a ese goberno que teñen na sombra? Porque está claro que ao PSOE o que lle din, vez tras vez, é a irrelevancia.

En fin, señorías do PSOE e do BNG, politizar as necesidades e o sufrimento das persoas só ten un nome: crueldade; e quen o practica non merece estar neste hemiciclo representando o pobo galego. Teñen unha oportunidade de rectificar. Voten «si», voten por Galicia dunha vez e deixen a Sánchez á parte. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Pechen as portas, por favor.

Votación das proposicións non de lei

O PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de don José Luis Ferro.



Non se aceptan as emendas do Grupo Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado José Luis Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que lle transfira a totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de María Cristina Fernández Davila.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa das deputadas María Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación do alumnado con necesidades educativas especiais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de Rosana Pérez Fernández.*

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, que non se acepta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da expansión da enerxía eólica mariña en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 46; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de Aitor Bouza.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa dos deputados Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que completamente con fondos propios o programa do bono alugueiro financiado con fondos estatais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, da que se acepta como engádega o punto 3. *(A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Si, señora Rodríguez Dacosta?

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

O PRESIDENTE: Dean voz ao escano. Pode falar.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Chegamos a unha transacción co Bloque Nacionalista Galego en relación co primeiro punto. ¿Podo explicar a transacción?

O PRESIDENTE: ¿Perdón?

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Si, que vou explicar a transacción.

O PRESIDENTE: A ver, si.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: No primeiro punto quedaría «...realizar no marco dos órganos de participación institucional en materia de emprego, en particular no Consello Autonómico de Emprego...» e todo o resto igual. O segundo punto quedaría «...deseñar a partir das conclusións de avaliación e no mesmo marco un conxunto de medidas concretas...» e quedaría o resto igual. O terceiro punto igual; o cuarto igual; o quinto igual. No sexto punto incluíríamos o punto terceiro da emenda do BNG. E no punto 7 engádesse: *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* «...recomendar ao Goberno do Estado a obriga de pactar os plans de igualdade».

O PRESIDENTE: ¿Isto pasoullelo aos grupos, coñéceno os grupos? *(Un deputado di: Non.) (Murmurios.)*



MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Non, acabamos agora mesmo de chegar a esta... *(A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta pronuncia palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: Non sei que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: O grupo *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* xa se manifestou onte en contra desta iniciativa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)*

O PRESIDENTE: Bueno, pero non sei... *(Protestas.)* *(Interrupcións.)* Vale, está ben. Pero eu digo, imos ver, o normal sería —o normal, digo, por regra xeral— que a coñecese eu aquí. Se ma pasase a min teríamos facilitado as cousas, porque daría traslado. Pero bueno, agora foi así como foi, entón... *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón, así como foi, hai un pacto entre eles, unha transacción, e agora vótase. O Grupo Parlamentario Popular *(Protestas.)* *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* fará o que corresponde oportuno, despois do que se acaba de oír aquí. *(A deputada Noelia Pérez López pronuncia palabras que non se perciben.)* Perfecto, pois vostede vote o que considere oportuno, o que lle dea a gana, aí hai liberdade. *(Protestas.)* *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Votamos. Claro, xa está. Bueno, votamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)* *(A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores: Se queren poden facer un receso.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ah, non, iso é vontade dela. *(A vicesecretaria, Patricia Iglesias Rey: que a consulte.)* *(A deputada Noelia Pérez López pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, é que non entendo, a ver, ¿que me quere dicir? ¡É que non a escoito de aí! A ver, é unha cousa sinxela. Trátase de se vostede considera que pode meterse nese paquete a negociar *(Risos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* *(Unha deputada di: ¡Ou non!)* ou non, trátase diso. *(A deputada Noelia Pérez López pronuncia palabras que non se perciben.)* Dean voz ao escano da señora Pérez López. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Trátase diso. Ela fixo unha transacción agora, que se leu aquí publicamente, e vostede ten que pronunciarse sobre se lle interesa ou non lle interesa.

Dean voz ao escano.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Presidente, eles o que fixeron foi unha negociación entre os dous deixando fóra o Partido Popular, buscando que nós votásemos en contra, e así imos votar. *(Aplausos.)* *(Protestas.)*

O PRESIDENTE: Perfecto. Perfecto, ou sexa, non quere entrar, vale, pois claro, clarísimo. *(Protestas.)*

Entón, agora, señora Rodríguez Dacosta, ¿que facemos con isto? *(A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta pronuncia palabras que non se perciben.)*

Dean voz ao escano. *(Murmurios.)*

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: ¡É moi fácil! Onte dicían que estaban en contra de todos os puntos, pero eu creo que, dada agora a vontade do Partido Popular, podemos



facen un pequeno receso de cinco segundos, falamos coa deputada, e xa vota en consecuencia; sen ningún problema. (Aplausos.) (Murmurios.)

O PRESIDENTE: Non entendín eu iso, eu entendín outra cousa. Entendín que, como negociaran vostedes dous, ela non quere saber da negociación... (Protestas.) ¡Claro! É o que eu entendín. A cousa é bastante clara. Bueno, imos votar, que é o que corresponde. Votamos. A cousa está clara, imos decidilo coa cousa soberana, que é votar.

Votamos.

Mira ti que lío se armou nunha cousa tan sinxela, pero bueno...

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co obxectivo de deseñar e impulsar as políticas en materia de corresponsabilidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Ao final...

E agora votamos a do Grupo Parlamentario Popular, (Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) por iniciativa... ¿Perdón? (Os membros da Mesa intercambian palabras que non se perciben.)

Votamos a última, do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Raquel Arias Rodríguez.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que non se acepta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia ante a actitude do Goberno central coas políticas galegas en materia de dependencia e servizos sociais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; abstencións, 35.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.



O PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Continuamos coa orde do día. Neste caso é unha interpelación.

Imos esperar a que entre a conselleira do Medio Rural. (*Pausa.*)

Interpelación do deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención, xestión e recuperación forestal fronte aos incendios

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Estamos xusto na metade do camiño entre o que foi o mes de agosto de 2025 e o que será o mes de agosto de 2026. Estamos xustamente na metade dese camiño e, polo tanto, é un momento axeitado para facer dúas miradas. Unha mirada cara ao pasado, cara ao que foi o verán do 2025, e unha mirada cara ao futuro, seis meses despois, ao que será o mes de agosto de 2026. Entón, nestas dúas miradas podemos plantexarnos dúas cuestións. Por un lado, se o Goberno galego, concretamente a Consellería do Medio Rural —agradezo, desde logo, a presenza da conselleira—, está facendo o posible para paliar —toda vez que se puxo de manifesto— unha xestión nefasta do que foron os incendios do ano 2025 e os negativos efectos que todos coñecemos, nos que tampouco imos entrar en demasiado detalle. Todos sabemos como afectaron a economía, como afectaron a saúde das persoas, como afectaron o medio ambiente, como afectaron as poboacións etcétera. Entón, por un lado, plantexamos se se está —digamos— resarcindo dos prexuízos que se causaron, e se, por exemplo, tal e como figura na interpelación rexistrada, considera o Goberno galego que esas axudas foron e están sendo suficientes. Nós opinamos que non, pero, en todo caso, que faga a súa valoración de se as familias, as empresas e os sectores produtivos ourensáns poden recuperar a súa vida e a súa actividade con base nesas axudas, ou se, no caso contrario, pensan que non son suficientes e as teñen pensado revisar e incrementar para as poñer ao nivel, por exemplo, do que son esas axudas noutras comunidades autónomas.

Por outro lado, preguntamos se hai cambios na planificación e na prevención que ten pensado implantar a Xunta para reducir o risco de grandes incendios forestais no territorio, concretamente na provincia de Ourense. Aquí gustaríame que me fixese unha valoración a señora conselleira do que pode supoñer para o cambio de xestión o feito de que a cúpula do Medio Rural dimitise —de xeito ostentoso, interpreto eu— a finais do mes de decembro do ano pasado, de se esa dimisión de altos cargos da súa consellaría pensa que vai ter ou non consecuencias á hora dos cambios de xestión. Tamén me gustaría que nos faga unha valoración dos motivos polos que se produciu esa dimisión, se é que ten algunha idea ao respecto, e de que medidas se teñen pensado tomar ou se están tomando de coordinación entre as administracións —a Xunta, as deputacións, os concellos— para garantir unha resposta máis eficaz fronte a estes acontecementos, porque se puxo de manifesto —eu penso que sen ningunha dúbida—, no pasado verán, unha falta de optimización na coordinación destas ad-



ministracións. Unha pequena parte pode ser debida ao estrés do momento, pero, nunha ampla parte, entendemos nós que non había a suficiente previsión á hora dos mecanismos de coordinación entre as administracións para enfrontarse a eses incendios de sexta xeración. Entón, preguntamos se iso se ten pensado ou se se está facendo de xeito diferente para que non se repita, polo menos, no grao de virulencia do pasado ano, porque posiblemente o incendio cero non existe no verán, pero queremos saber se se están tomando as medidas nese respecto para que non se repita no verán de 2026, porque sería verdadeiramente trágico —e esperemos loxicamente que non suceda— que en Galicia en xeral e, particularmente, na provincia de Ourense se repetisen eses acontecementos, e tamén estimo eu que sería moi trágico para o propio Goberno galego.

Por outro lado, preguntámonos se ten previsto ou se se están mellorando os recursos humanos, a súa formación, a súa capacitación, a súa xestión... —puxéronse de manifesto moitísimas deficiencias na xestión dos recursos humanos, e os propios sindicatos e outras entidades alertaron sobre iso—, se se están mellorando ou cambiando os recursos materiais de extinción —tamén se puxo de manifesto que os medios tradicionais ou convencionais de extinción de incendios non serven para esta nova ola de incendios e que o que funcionou no pasado non funciona nestas novas situacións— e en que medida están modificando eses recursos materiais tamén.

Temos que ter en conta que este inverno foi especialmente chuvioso. Aínda agora mesmo está chovendo no exterior deste hemiciclo, se non me equivoco; polo menos, cando entramos estaba chovendo. Todos coñecemos as outras moitas dificultades que leva causado esa gran cantidade de chuvia, con derrubamentos de muros, alteracións das vías públicas, da vía férrea, inundacións, inundacións en recursos industriais, tamén inundacións en recursos agrícolas... Agora aquí imos facer unha chamada de atención sobre o que está pasando na comarca da Limia, na que está totalmente inundado o que no seu día xa foi unha lagoa, a lagoa de Antela, o cal está causando enormes problemas á agricultura e á gandería desa comarca —iso por particularizar agora mesmo nun caso de inundación—. Pero o que sen dúbida vai traer como consecuencia esta gran cantidade de chuvias é un incremento da masa susceptible de arder; ou sexa, o que habitualmente se desbroza. Vai haber un incremento posiblemente enorme de masa forestal descontrolada e mal xestionada que, cando veña o bo tempo, vai rexurdir con todo o seu esplendor botánico. Loxicamente, chegado o inverno, se non se levan a cabo no tempo e na forma os labores de desbroce e outras cuestións relacionadas coa xestión, hai un risco potencial moi grande de que se repita no verán do ano 2026 o que sucedeu no do ano 2025; algo que, repito, dende logo non queremos que suceda e que sería verdadeiramente trágico.

E tamén quero que faga unha valoración acerca da partida orzamentaria destinada nos orzamentos do ano 2026, para que nos diga se está sendo suficiente, se realmente impulsa a recuperación económica, ou se se manifesta insuficiente para paliar os efectos que se sufriron no pasado 2025 e para prever os potenciais incendios de 2026. Queremos que nos diga se esa partida orzamentaria está sendo suficiente, por un lado, para compensar os efectos negativos do pasado, e se está sendo suficiente para enfrontarse aos retos do próximo verán.

De momento, nada máis.



Grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Medio Rural, María José Gómez Rodríguez.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Presidente.

Deputados e deputadas.

Moi bo día a todos e a todas.

Dende o Goberno da Xunta de Galicia e dende a Consellería do Medio Rural, temos unha prioridade moi clara: coidar os nosos montes, protexer os espazos naturais e estar ao lado das persoas que viven e traballan no rural galego.

Sei que lle preocupa Ourense e a súa xente, e é lóxico, pero quero deixarlle claro que esa tamén é a preocupación do Goberno de Galicia; non só Ourense, senón as catro provincias. Levamos anos prestando unha atención especial a Ourense, que, por razóns estruturais e climáticas, sempre é a provincia máis afectada polos incendios forestais.

Este verán a resposta estivo á altura das difíciles circunstancias e todos os implicados —profesionais do operativo, distintas administracións e cidadanía— deron o mellor de si mesmos nun contexto especialmente complexo. Pero non nos conformamos. Somos conscientes de que cada campaña deixa aprendizaxes e novos retos. Por iso, tras a vaga dos incendios, analizamos con rigor —e aínda o estamos a facer— cada episodio, revisamos procedementos e identificamos puntos de reforzo. Non miramos para outro lado nin buscamos escusas; actuamos sobre aquilo que depende de nós, porque tamén hai que falar claro: cando os focos aparecen de xeito simultáneo en distintos puntos do territorio, a extinción complícase moitísimo. Por iso reforzamos unha liña prioritaria: reducir o número de incendios intencionados, que nos últimos anos se sitúa arredor do setenta por cento. Non podemos evitar un raio, pero si debemos actuar con todos os medios que temos fronte ás negligencias e ás accións deliberadas.

Precisamente por esa preocupación, o Goberno galego volveu incrementar de maneira clara os recursos destinados á prevención e á extinción. Nos orzamentos de 2026 superamos os 116 millóns de euros —como xa teño dito neste Parlamento—: 75,38 millóns para a prevención e 40,6 para a extinción.

A nosa política é coherente. Un monte coidado e produtivo é un monte que arde menos. Por iso estamos a reforzar a prevención estrutural e as políticas forestais que dan valor económico e ambiental ao noso territorio. Nesta liña, cobra especial importancia a xestión da biomasa nas faixas secundarias, que constitúe unha das ferramentas máis eficaces para protexer os máis de trinta mil núcleos que temos espallados polo territorio galego. Somos conscientes de que moitos concellos e propietarios precisan axuda para cumprir coas súas obrigas. Reforzamos o novo convenio con medidas moi concretas. E, ¿como o fixemos? Duplicando o orzamento ata os 25 millóns de euros, reforzando o apoio a aqueles concellos



menores de dez mil habitantes que máis precisan da axuda da Administración autonómica e tamén ampliando o número de parroquias priorizadas. Todo isto complétase coa asistencia técnica aos concellos para desenvolver os seus plans municipais de prevención. Insisto: estas actuacións nas faixas secundarias son clave porque crean espazos de seguridade arredor das vivendas e reducen (*Aplausos.*) a carga de combustible nas zonas máis sensibles; son unha peza esencial da prevención.

Tamén é prevención impulsar políticas forestais que dean valor ao territorio. Un exemplo claro é a nova liña de axudas para a reforestación produtiva, dotada con 8,4 millóns de euros para o 2026 e 2027. O obxectivo é dobre: aumentar a produtividade do noso monte e xerar actividade económica no rural, contribuíndo á fixación de poboación, que —como ben saben— é decisiva para manter un rural coidado. Na mesma dirección, vai o esforzo das agrupacións forestais de xestión conxunta, ás que destinamos 2,1 millóns de euros, un cincuenta por cento máis que na convocatoria anterior. É unha ferramenta clave para combater o minifundio e o abandono. Hai 24 agrupacións en funcionamento, e prevemos que o número chegue a 65, xestionando preto de cinco mil hectáreas de pequenas parcelas forestais.

Tamén estamos a desenvolver un plan piloto de recuperación dos soutos tradicionais, con máis de trescentas hectáreas seleccionadas, maioritariamente na provincia de Ourense. E, ao mesmo tempo, resolvemos axudas específicas de prevención de danos por incendios e desastres naturais, por case 5,4 millóns de euros para 283 entidades beneficiarias. (*Aplausos.*) E todo isto acompáñase do diálogo permanente co sector forestal e empresarial para avanzar na colaboración público-privada, porque o monte galego precisa de actividade económica sostible. E, nesta liña, seguimos impulsando a certificación forestal. Galicia conta xa con 645 montes certificados polo PEFC, que suman máis de cento sesenta e un mil hectáreas.

E outra clave tamén é a coordinación entre as administracións. Seguimos reforzando —como dixen antes— o convenio para a xestión das faixas secundarias de biomasa, falando con alcaldes de xeito individual para escoitar tamén as súas inquedanzas. Un exemplo de colaboración é o que mantemos coa Deputación de Ourense, cun convenio ao abeiro do cal se entregaron nestes pasados días doce tractores con desbrozadoras ás mancomunidades do Ribeiro, Terras de Celanova, Carballiño e Verín. Puxéronse en marcha dezaseis brigadas temporais que traballaron durante seis meses —entre abril e outubro—, dotouse estas mancomunidades de maquinaria hidrostática e formouse tamén ese persoal no Centro Integral de Loita contra o Lume de Toén. E xa lle digo que hai outras dúas mancomunidades da provincia de Ourense interesadas en adherirse a este convenio. (*Aplausos.*) Falamos de 4,1 millóns de euros de orzamento que buscan reforzar a prevención, mellorar a resposta inicial e tamén xerar emprego. Este convenio pode ser replicable polo resto das deputacións, porque traballar xuntos fortalécenos a todos.

E no que atinxe aos medios humanos, materiais e formativos, o dispositivo galego é hoxe máis amplo e profesional que nunca. En 2026 o persoal de campaña traballará durante nove meses ao ano, aumentando así —como comprometemos— esa estabilidade. Actualmente o dispositivo galego conta con novas bases operativas e medios técnicos avanzados que aumentan a eficacia das intervencións e que aínda imos seguir mellorando. Destaca a nova base de Lalín —que anunciabamos hai poucos días—, con capacidade para 6 helicópteros;



o novo aeródromo de Valga, e as melloras en Campiño e Antela. Ademais, o operativo contará con dous avións máis de carga en terra, chegando ata os 8, e con 22 medios aéreos propios que, sumados aos estatais, suman un total de 30 medios aéreos na campaña. *(Aplausos.)*

Pero reforzamos tamén as campañas en educación ambiental en centros educativos, comunidades de montes e asociacións veciñais. O noso modelo está a espertar moito interese. Hai poucos días o alumnado do máster Fuego, un máster interuniversitario, visitaba o CILL de Toén como están facendo profesionais de distintos países e comunidades autónomas.

As axudas aos afectados quero reiterar que foron unha prioridade para o Goberno galego. Galicia foi das comunidades máis rápidas en activalas, e o 1 de setembro xa se podían solicitar. Fomos especialmente sensibles cos gandeiros —como xa temos dito aquí—, subministrándolles o 16 de agosto forrage para os animais nas zonas queimadas. Na Consellería do Medio Rural habilitamos axudas no eido forestal: reparación de infraestruturas privadas e de maquinaria danada, eliminación de madeira queimada, plantacións substitutorias. Son axudas todas estas que poden chegar ata o cen por cento do investimento. E no ámbito agrícola e gandeiro, habilitamos outras catro para a reparación de bens, as perdas de produción, a morte de gando e a alimentación complementaria polo resto deste ano. Ademais, xa se levan aprobados na Consellería de Medio Rural máis de 7,5 millóns de euros a setecentos solicitantes, e, se os sumamos ás axudas do resto das consellarías, superamos os 20 millóns de euros en axudas directas na zona máis afectada, que precisamente é a provincia de Ourense. *(Aplausos.)*

Quero deixar claro que este apoio non é unha resposta puntual aos lumes. Ao longo dos anos viñemos planificando e executando proxectos que reforzan o seu potencial e apoiando o crecemento e o desenvolvemento da provincia e de toda Galicia. Nin a deixamos antes atrás nin o imos facer agora.

Moitas grazas.

Isto é todo polo momento. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Deixou sen responder unha pregunta concreta que lle fixen —moitas respondeunas con ambigüidades ou con xeneralidades—, e era que nos dese a súa valoración acerca da dimisión da cúpula do Medio Rural no pasado mes de decembro.

É unha cousa que consideramos interesante, que faga esa valoración. Vostede falou de que o equipo estivo á altura, de que fixeron todo perfecto etcétera, pero a realidade é que dimitiu a cúpula da súa consellaría, a cúpula de técnicos con experiencia —como vostede dixo— e con moita capacitación profesional. Se dimitiron, queríamos que, polo menos, nos dese a



súa valoración de por que foi, de se houbo algunha razón corporativa, se foron cuestións persoais de cada un ou o que fose. É unha cuestión que loxicamente nos preocupa, porque agora terá que ter un novo equipo que aborde esta problemática. E tamén na provincia de Ourense especialmente estamos moi preocupados por que non se repitan os acontecementos do pasado verán por motivos obvios que non imos agora repetir.

Gustárame tamén que nos dixese cales son esas dúas mancomunidades. Díxome dúas mancomunidades que están interesadas en adherirse a ese convenio, e non sei se nos pode concretar cales son; máis que nada por ir tendo esa información, non por outro motivo. Puido dicírnolo xa na primeira intervención; é unha cousa que, particularmente, nos resulta interesante tamén ir coñecendo: que mancomunidades ou que concellos van adscribíndose a esa clase de convenios.

Vostede falounos de que se melloraron as condicións laborais dos traballadores. O que nos chega a nós por algunhas informacións é que non existen tales melloras no grao necesario. En todo caso, verémolo no futuro.

Tamén, polo que se nos fai chegar, as axudas que vostede di que son suficientes e que son do mellorciño, tampouco son así, segundo nos fan chegar moitas persoas afectadas. E está ese dato obxectivo da comparación destas axudas coas que proporcionan outras comunidades autónomas.

Vostede dixo que ao longo dos anos se leva traballando nese tema, pero vólvolle recordar que o que se fixo no pasado, tal e como din os expertos, non está valendo para o que se vén encima. Entón, ao mellor, hai que cambiar os procedementos.

Mire, aquí fálase moitas veces de Castelao, e eu agora vou recordar un dos debuxos de Castelao; aquel que dicía: non critiquen a obra mentres non estea rematada, imos esperar. Entón, mire, das intencións non me queixo. Vostede pintou aquí un panorama idílico en relación co que está facendo a Consellería, o cal, segundo vostede, fai pensar que non se van repetir eses acontecementos. Pero, claro, unha cousa son as intencións e outra cousa son os resultados. Como os resultados non os poderemos ver ata dentro de seis meses ou sete, pois vou seguir esa consigna de Castelao no seu debuxo, e non imos criticar ata ter o resultado.

Esperemos polo ben de todos que non se repita. Temos as nosas dúbidas moi razoables, porque non está habendo, na nosa opinión, cambios realmente cualitativos acerca da maneira de traballar, pero, bueno, seguiremos con esa reserva de que, ata que non pasen os seis meses que faltan para o verán, non faremos críticas á maneira en que están traballando. Das intencións non me queixo —que dicía o refraneiro galego—; imos ver os resultados, e verémolos. Vólvolle repetir: como se repitan de novo os acontecementos do 2025 na provincia de Ourense, espero e creo que pode ser trágico. Á parte de nos sectores económicos, sociais, sanitarios etcétera, pode ser moi trágico para o Goberno do Partido Popular, por motivos que espero que entenda ben.

E vólvolle repetir: na segunda intervención déanos explicacións se pode, se sabe ou se quere —tamén, se non nolas dá, faremos a lectura correspondente— da dimisión da cúpula técnica da súa consellaría no pasado mes de decembro.



E, como mañá probablemente o diario de maior difusión de Galicia só fale do que diga vos-tede, porque estas interpelacións acaban sendo notas de prensa do Partido Popular no periódico do día seguinte, pois vou prestar atención ao que di, e lanzar esa mensaxe tamén nos medios de comunicación de que non fagan o que levan facendo nos últimos meses: silenciar as cuestións que plantexamos desde Democracia Ourenzana, desde o Grupo Mixto, neste Parlamento.

Nada máis e grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da interpelación, a señora conselleira do Medio Rural.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidente.

Señor Ojea, sei que Ourense é a súa prioridade. Non teño ningún problema en responder as súas preguntas.

No pleno pasado respondía unha pregunta do señor Fernández, precisamente preguntándome polos ceses na Consellería do Medio Rural, e dicíao eu aquí claramente: todas as direccións xerais, pero especialmente as da Consellería do Medio Rural, son especialmente exixentes, e eu entendo que cando unha persoa leva anos perdendo da súa calidade de vida persoal, deixando de lado a súa familia —porque isto é día e noite— e en postos tan exixentes como son a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal ou a Dirección Xeral de Defensa do Monte... Asegúrolle que foi un verán especialmente duro para todo o servizo, para todo, porque aquí falamos moito, pero hai que vivilo en carne propia. *(Aplausos.)* Sei que todos os profesionais deron o mellor de si, e dóeme especialmente que se poña en dúbida ese compromiso e esa dedicación. *(Aplausos.)* Os directores xerais pedíronmo con moita antelación antes do verán, e eu pedinlles que agardasen a terminar o ano. Esa é a verdade, sen trampa nin cartón, e aí están os escritos que me presentaron. Eu pedinlles que agardasen a terminar o ano, eles se comprometeron, como fixeron ao longo destes anos na Consellería, e eu agradézolles inmensamente tanto o labor, o traballo realizado, como o compromiso que adquiriron comigo de estar na Consellería ata final de ano. *(Aplausos.)* Teñen tamén o seu dereito de desfrutar da súa familia *(Aplausos.)* e non teño tampouco dúbida de que as persoas que ocuparon eses postos van dar o mellor de si mesmos por Galicia e polos galegos e as galegas.

En canto ás axudas, onte mesmo estiven en Avión con cinco comunidades de montes perceptoras e beneficiarias destas axudas. Avión foi un dos moitos concellos gravemente afectados polos incendios deste verán, e alí estaban os presidentes integrantes desas cinco comunidades de montes perfectamente satisfeitos coa resposta da Consellería e da Xunta de Galicia.

En canto ás mancomunidades que mostraron a súa intención de adherirse ao convenio que temos coa Deputación de Ourense, mantivemos os días pasados unha reunión na delegación de Ourense, precisamente coa Mancomunidad de Ourense, e estaban todos os alcaldes alí



presentes —excepto o de Parada de Sil— e dispostos e encantados de sumarse a este convenio que temos coa Deputación, e así o manifestou tamén a Comunidade de Santa Agueda; todas elas, precisamente, arredor do municipio, do concello de Ourense.

Tamén estiven no concello de Ourense visitando esa limpeza de faixas de biomasa que vimos facendo nos distintos concellos adheridos ao convenio, no que precisamente o Concello de Ourense tamén está. Estiven na parroquia de Cudeiro. Lamento que non se achegasen ata alí para comprobar in situ como estaba limpando o persoal de Seaga esas faixas. E tamén puiden percibir que moitas parcelas urbanas no contorno desa parroquia do concello de Ourense teñen algunha edificación pola que soben as silvas e non se ven nin as casas; parcelas urbanas, competencia estritamente municipal. Hai tamén que facer os deberes, que sei que non son doados.

Mire, xa centrándonos un pouquiño máis na súa provincia, en Ourense, e insistindo nos investimentos da Xunta de Galicia e nas decisións desta Consellería de investir en prevención, e non só en prevención, senón en acompañar todos os ourensáns e todos os galegos e galegas, voulle citar algunhas cifras máis de investimento neste 2026: 2 millóns de euros para a base de Antela, máis de 900.000 euros para o BUO de Bande e máis de 225.000 euros para reformar distintas bases na provincia; é dicir, máis de tres millóns de euros en obras. Por outra parte, 6,5 millóns de euros con entidades locais para os convenios que mantemos para as motobombas e as brigadas forestais; apoiamos —como ben sabe— a Ribeira Sacra con eses 1,5 millóns de euros para manter a paisaxe; 4,1 millóns de euros no convenio coa Deputación, que este ano serán máis coa adhesión desas dúas novas mancomunidades; máis de 12 millóns de euros para o sector do viño —é dicir, a inmensa maioría queda en Ourense—; unha convocatoria de 5 millóns de euros para servizos básicos en asentamentos rurais, especialmente naqueles concellos máis pequenos —polo tanto, a maior parte tamén irá para Ourense—; esa axuda da Xunta de apoio á modernización do regadío da Limia, de máis de 8 millóns de euros; as axudas forestais para agrupacións, moitas delas en Ourense; forestación ou silvopastoreo, por máis de 6,2 millóns de euros; e 4,2 millóns de euros do Plan Camiña Rural especificamente para Ourense. Mercados de artesanía, como o de Ribadavia, que dinamizan os concellos rurais. É dicir, que das 276 parroquias priorizadas deste ano, 168 están en Ourense. Estas son algunhas das medidas directas que temos dende a Consellería para a loita contra o lume, pero tamén hai temas transversais que inciden directamente no medio rural galego. (*Aplausos.*)

Tamén —non o quero olvidar— falou vostede aquí da formación. Estamos no distrito 13, concretamente, impartindo formacións internas ao persoal dese distrito. No distrito 12, o Miño-Arnoia, desenvólvese unha iniciativa piloto, que agora se está poñendo en marcha no concello de Toén, para recoller información clave das aldeas, como faixas e vías de acceso, e para mellorar as futuras intervencións no eido dese convenio que temos de limpeza de faixas. Temos iniciativas pioneiras como a da Escola de Pastores, que tanto está dando que falar, posta en marcha tamén na provincia de Ourense, creando así barreiras naturais contra o lume, como vimos dicindo sempre.

Considero que os orzamentos do ano 2026 responden ás necesidades de Ourense e ás necesidades de Galicia. As axudas que puxemos en marcha dende a Consellería do Medio Rural están chegando aos afectados e a coordinación entre as administracións funciona.



O PRESIDENTE: Remate, por favor.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Vou rematando.

Cada medida, cada investimento e cada iniciativa teñen como fin un Ourense máis coidado pero tamén, por suposto, unha Galicia máis coidada.

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación das deputadas Noa Olalla Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego dirixidas a corrixir a desigualdade socioeconómica das mulleres en Galicia

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, señora conselleira.

«A loita polos dereitos das mulleres non é só unha cuestión de igualdade, senón unha cuestión de xustiza e liberdade». Isto escribiuno Clara Zetkin, unha feminista, activista política e pensadora sen a que hoxe a reivindicación dos dereitos do 8 de marzo, simplemente, non existirían nesa data. Sen igualdade non pode haber liberdade; sen igualdade non pode haber xustiza; e sen igualdade, sen xustiza e sen liberdade non podemos ser o país avanzado que queremos que Galiza sexa, desde o BNG.

É certo que demos pasos adiante, que hai unha enorme igualdade lexislada e que o feminismo colocou tamén, nas últimas décadas, debates —e gañou moitos importantes— na axenda política pública. Foron debates centrais. Mais desde optimismo e desde a esperanza racional, tamén temos que ser autocríticas e críticas coas cuestións coas que debemos ser inconformistas. Poño só un exemplo: a propia Organización das Nacións Unidas estima que tardaremos trescentos anos en acadar a igualdade entre homes e mulleres e que hai, ademais, fortes ameazas no rearmamento retrógrado do machismo que fan ameazar mesmo unha data que, xa de por si, é absolutamente inasumible, ao poñer en cuestión dereitos de todo tipo.

Hoxe, ás portas do 8 e do 10 de marzo, datas de loita e de reivindicación no noso país, é preciso poñer precisamente o acento en que as mulleres en Galiza non somos alleas á desigualdade socioeconómica. O impacto da crise financeira, o impacto da covid-19, o impacto da concatenación das crises de prezos, o impacto das políticas neoliberais do Goberno da Xunta do Partido Popular, tamén, ou o impacto das políticas insuficientes do Goberno do Estado é evidente. Hoxe, a situación socioeconómica laboral da muller galega segue a ser de discri-



minación e desigualdade respecto aos homes, moi especialmente no que atinxe os principais sectores de ocupación, as condicións de traballo ou a súa remuneración.

Aínda que algúns dos indicadores observen unha lixeira mellora, hai que dicir tamén que a desigualdade persiste. Así, por exemplo, a fenda salarial non deixou de medrar ata o ano 2022 e Galiza, aínda que baixa lixeiramente no ano 2024 en termos porcentuais, se imos a termos absolutos, hai que dicir que ten o peor dato da serie histórica desde que temos datos, acadando os 4.706 euros. Ademais, se vemos por exemplo os datos salariais, os datos da Axencia Tributaria do ano 2024, o salario medio anual da muller en Galiza está un 1,95 por cento por baixo do salario medio anual estatal. Tamén permanece unha concentración do maior número de mulleres asalariadas galegas nos tramos de salarios máis baixos. Por poñer un dato enriba da mesa, o 7,7 por cento das mulleres reciben salarios baixos fronte a menos da metade, un 3 por cento, dos homes. Somos máis do dobre de mulleres que de homes nos tramos salariais máis baixos e somos, ademais, a maioría en liderar os traballos máis precarizados.

Hai datos que melloran, si, pero de forma absolutamente lenta e insuficiente. Estes son habitualmente explicados non pola mellora das condicións das mulleres, senón polo empeoramento xeral que sofre a clase traballadora e que sofren os homes. Por exemplo, podemos ver que as taxas de temporalidade, aínda que melloraron desde a crise financeira, seguen a superar as masculinas. No ano 2024, un 19,3 por cento dos contratos de traballo a mulleres eran temporais, fronte a só o 12,6 por cento dos homes. Isto demostra que a reforma laboral do Estado, pese á súa publicidade e propaganda en nome das mulleres, non serviu para corrixir a desigualdade, senón que a consolidou.

Ademais, hai que dicir que a temporalidade feminina é maior en Galiza do que no Estado. Sen dúbida, esta desigualdade socioeconómica ten moitas causas moi profundas e moi transversais. Tamén transversal é o patriarcado, pero hai que sinalar os coidados e a sobrecarga das mulleres nos coidados como un dos ámbitos clave para perpetuar esta desigualdade. A isto súmanse uns servizos públicos en crise e unha corresponsabilidade que non existe nin se espera. Para mostra, un botón: no ano 2025, en Galiza, máis do oitenta por cento das excedencias por coidados —¡máis do oitenta por cento!— foron asumidas por mulleres. A toda esta situación, por suposto, hai que engadirlle un prisma, unha óptica, uns lentes de interseccionalidade: esta situación empeora cando temos en conta outros factores como a emigración, a monoparentalidade, a mocidade ou a vellez e o feito de vivir no medio rural, que fan que esta situación se agrave no caso de moitas mulleres.

En definitiva, os datos son claros: fronte ao relato perverso e intencionado da igualdade conseguida, a desigualdade persiste. Ante isto, as administracións políticas, as administracións, e as institucións teñen que reaccionar. Non podemos asumir esta situación como se fose inevitable e como se houbese que conformarse con ese horizonte de trescentos anos agardando pola igualdade. Esta situación debe levarnos a facernos unha revisión, a facernos preguntas e a cuestionarnos. Iso é o que vimos facer desde o BNG con esta interpelación.

Debemos preguntarnos, e preguntámoslle, señora García: ¿funcionan as políticas que a Xunta de Galiza está aplicando? ¿Que fai a Xunta de Galiza para facer realidade os dereitos que están lexislados e as cuestións que inclúen nos seus plans de traballo e nas leis, como a



corresponsabilidade ou as cláusulas de igualdade? ¿Están actuando? ¿Estanas poñendo en práctica? Pensamos que hai que diagnosticar estas políticas públicas para ver se funcionan e para ver que mellorar. Preguntámonos se o fai vostede, señora García, se o fan desde a Consellería da que é responsable e se o fai a Xunta. Nós, desde logo, pensamos e sabemos que non, que non o están facendo.

Si, si... Pode torcer a cara, pero ¿sabe o que é isto? *(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños amosa un documento.)* Supoño que se pode ver desde aí e que lles soa. Isto é o II Plan de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025. Tiña que ter unha avaliación intermedia no ano 2024 que non existe. Rematou o plan, ninguén coñece se hai unha avaliación deste plan e, por suposto, estamos en 2026 e tampouco se coñece ningún novo plan. Supoño que están preparando xa os anuncios de cara ao 8 de marzo e que igual é este un dos seus anuncios. Porque, basicamente, esa é a política da Xunta de Galiza en materia de igualdade: «anuncio, anuncio, anuncio» e «programa, programa programa» que quedan en papel mollado, señora conselleira.

¿Ve isto? *(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños amosa un documento.)* Isto é o Plan de loita contra a trata 2022-2024. Unha e outra vez, o BNG pediu a avaliación. Fíxose, por fin, a avaliación e prometeu o Partido Popular, unha e outra vez, este novo plan. A última data de promesa era que estaría neste verán. Espóiler: non estivo. O venres pasado, iso si, sacaron nunha nota de prensa que seguían ultimando o Plan de loita contra a trata. Igual tocou este anuncio na pedrea do 8M de 2026. Verémolo nos próximos minutos ou nos próximos días.

¡Sobran os exemplos! ¿Saben o que é isto? *(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños amosa un documento.)* É o III Programa galego de muller e ciencia 2021-2025. É certo que algo avanzaron, porque comezaron os primeiros anos do seu goberno, directamente, cargándose o programa. Logo volvérono facer, pero está tamén sen avaliar e non sabemos absolutamente nada, en pleno 2026, de se vai haber outro plan nin de cal vai ser ese plan.

Estes son tres exemplos, señora conselleira, pero podemos poñer moitos máis de que a súa política, a da súa consellería, é basicamente isto. Son plans que quedan no papel —anuncio, anuncio, anuncio— e é o mesmo que fan o 25 de novembro. Fixeron os dous últimos anos, dúas veces, o mesmo anuncio dun proxecto lexislativo contra a violencia de xénero dixital, pese a que xa o incorporaran na lei galega e non desenvolveran os artigos aí escritos. Seguimos esperando ansiosas e ansiosos que entre neste Parlamento galego.

Así con todo. Hai dous anos, señora conselleira, que fixeron vostedes unha reforma da Lei de igualdade. Foi unha reforma da Lei de igualdade sen cambios de calado e sen sancións. É unha reforma da Lei de igualdade sen ambición ningunha, tal e como denunciou o BNG, e dous anos despois vemos que, lamentablemente, tiñamos razón. Non hai nin unha soa medida efectiva contra a fenda salarial aplicada pola Xunta de Galiza. Nin sequera fixeron nada para poder facer auditorías retributivas nas propias subcontratas que ten a Xunta de Galiza, a súa consellería en particular, que é a primeira fonte de precarización de mulleres neste país a través da externalización dos coidados e a través das empresas que dedican a iso.



Temos exemplos. Incumprimentos da Lei de igualdade sobran. Podemos sinalar a Certificación Galega de Excelencia en Igualdade. Estiveron case dous anos para sacar o regulamento. Sacan o regulamento e este era tan «súperhipermegaexixente» que pide desenvolver un cuarto do Plan de igualdade para darlles ás empresas a medallina de que son *top ten* en igualdade. Ese é o nivel. E o mesmo podemos dicir respecto das cláusulas de igualdade. Están no papel, pero non hai avaliación, non hai seguimento e seguimos con contratacións públicas. A gran primacía da igualdade é que, se hai un empate entre dúas empresas, ten un pouco máis a que teña un programa de igualdade. Ese é o seu nivel.

Eu supoño, señora conselleira, que estarán esperando a semana que vén para facernos grandes anuncios, pero as mulleres deste país non precisamos máis propaganda. Precisamos un goberno comprometido coas medidas e un goberno que actúe, especialmente, no ámbito socioeconómico e da corresponsabilidade. (*Aplausos.*) Polo tanto, señora conselleira, preguntámoslle: ¿que vai facer o Goberno galego ante a falta de eficacia das súas políticas públicas, tal e como demostramos cos datos que puxemos enriba da mesa? ¿Que vai facer o seu goberno ante os seus propios incumprimentos en materia de igualdade e, singularmente, no ámbito socioeconómico e da corresponsabilidade, tal e como vimos denunciando o día de hoxe? ¿Que van facer? ¿Van rectificar e van ofrecer ás mulleres deste país unha solución? ¿Si ou non? (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi bos días.

Señora Presas, as xornadas previas ao 8M, o Día Internacional das Mulleres, coído que son unha boa ocasión para afondar na situación que afrontan, cada día, todas as mulleres galegas no ámbito económico, no laboral e tamén no ámbito social. Neste 2026, a ONU escolleu como lema para esta data «Dereitos, xustiza e acción para todas as mulleres e nenas», poñendo deste xeito o foco na necesaria igualdade de dereitos entre mulleres e homes, pero tamén na necesidade de xustiza para que eses dereitos, efectivamente, se cumpran, se exerzan e se desfruten.

En primeiro lugar, quero deixar claro que a Xunta de Galicia comparte a preocupación ante a persistencia de desigualdades socioeconómicas entre mulleres e homes. É unha realidade que é complexa, que é multifactorial e que non é exclusiva de Galicia, senón que responde a dinámicas estruturais que son comúns ao conxunto de España e, mesmo, da Unión Europea. Para afrontar esta realidade, a Xunta de Galicia impulsa unha estratexia integral orientada a avanzar na igualdade real e na igualdade efectiva. É unha estratexia que inclúe medidas específicas no ámbito laboral, social e no ámbito da conciliación, así como tamén no impulso de políticas públicas transversais, sempre con perspectiva de xénero.

Avanzamos moito e aínda queda camiño por andar, pero o que si é certo, señora Presas, é que non estamos na Galicia que debuxa sempre o Bloque Nacionalista Galego. Se escoitamos



o BNG, parece que Galicia é unha terra sen futuro, unha terra sen oportunidades, unha terra condenada á permanente desigualdade. Esa visión non soamente é inxusta, señora deputada, senón que tamén é profundamente interesada, porque Galicia non é, en ningún caso, esa caricatura que nos quere vender permanentemente o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Galicia leva moitos anos demostrando que pode medrar, que pode crear emprego e que pode mellorar as condicións de vida de todos os galegos e de todas as galegas. Non estamos, por suposto, nun escenario perfecto —claro que non—, pero tampouco estamos nesa situación de emerxencia social como vostede pretende transmitir, cada día, neste Parlamento de Galicia.

Ante o seu discurso catastrofista, que o único que fai é prexudicar as galegas e os galegos, coido que tamén é importante poñer sobre a mesa algúns datos que son de interese: en Galicia nunca houbo tantas mulleres traballando como agora, coas afiliacións á Seguridade Social que están, nestes momentos, en niveis históricos; o salario medio das mulleres encadea once anos de subida en Galicia; a taxa de paro feminina baixa, mes a mes, nun -4,6 por cento no mes de xaneiro, e está por debaixo da media estatal —mire, en Galicia, un 8,5 por cento, e no Estado, un 11,2 por cento—; Galicia, ademais, rexistra a menor brecha salarial de xénero de toda a serie histórica dende o ano 1999, e é menor tamén que a estatal; somos unha das comunidades con máis mulleres directivas de España, cun 41 por cento de postos directivos ocupados por mulleres; e, por primeira vez, obsérvase unha redución da fenda de xénero en pobreza, segundo os datos de EAPN. Todos estes datos son bos, pero, por suposto, non son suficientes.

Dende a Xunta, consideramos necesario poñer o foco en dúas claves: en primeiro lugar, que cada vez máis mulleres elixan carreiras profesionais máis técnicas, as denominadas carreiras STEM, como poden ser: ciencia, tecnoloxía, enxeñería, matemáticas..., e non tanto as relacionadas cos coidados. E tamén que ocupemos, cada vez, por suposto, máis postos de liderado para así alcanzar salarios máis altos.

Temos que seguir impulsando medidas de conciliación e medidas de corresponsabilidade, como viñemos facendo todos estes anos. Galicia foi a primeira —e a única comunidade autónoma, ata estes momentos— en implantar a gratuidade total da educación infantil de 0 a 3 anos para todos os nenos e para todas as nenas. E creo que é moi importante lembralo, cada día, nesta Cámara parlamentaria. Por iso, para paliar esta situación, tamén a Xunta de Galicia foi tomando distintas medidas ao longo dos anos. Mire, señora deputada, cada ano investimos máis de cento cincuenta millóns de euros en medidas de conciliación e en medidas de corresponsabilidade: Galicia conta con liñas específicas para fomentar a inserción laboral das mulleres e para mellorar, cada día, a empregabilidade feminina; apoiamos o emprendemento feminino a través do programa Emega, co cal nos últimos trece anos impulsamos máis de dous mil catrocentos proxectos para emprendedoras que son mulleres; lanzamos unha liña de apoio ás empresas para promover a incorporación de mulleres en sectores e en postos especialmente masculinizados —un total de 1,2 millóns de euros neste ano 2026—; incentivamos a implementación de plans de igualdade nas empresas e concedemos a Certificación Galega de Excelencia en Igualdade; damos un impulso á responsabilidade social empresarial no tecido produtivo galego; e, por suposto, en colaboración coa Consellería de Emprego, estamos ultimando a que será a primeira estratexia de emprego feminino en sectores masculinizados de Galicia, e tamén a primeira de España. *(Aplausos.)*



Hoxe podo avanzar que esta estratexia estará aprobada nos vindeiros meses, o que será posible despois dun traballo intenso no cal se recolleron as aportacións de máis de sesenta mulleres profesionais; mulleres de distintos sectores, como o agropecuario, a seguridade, a defensa, a dirección, as obras públicas e tamén as profesións STEM. Unha estratexia coa cal, ademais, estamos traballando tamén no seo do diálogo social. Nesta estratexia, a igualdade salarial terá unha folla de ruta con catro eixos claros: a transparencia competitiva, a neutralidade ante o ciclo vital, a racionalización do traballo e a competencia meritocrática en sectores técnicos.

Señora Presas, a realidade é que a perspectiva de xénero está presente en todas as áreas do Goberno de Galicia e, ademais, está presente, de xeito transversal, na educación, na economía, pasando pola saúde das mulleres, na xustiza e, por suposto, na seguridade. Isto significa que, dende hai anos, aplicamos o principio de igualdade de xénero en todas as áreas e en todas as decisións gobernamentais. Apostamos por unha Administración comprometida coa igualdade e contamos cun Goberno que garante que todas as políticas contribúan para reducir as desigualdades e promovan sempre unha sociedade máis xusta para todas as persoas, deseñando, deste xeito, un modelo propio para sumar, cada vez, máis talento en Galicia.

No ámbito dos coidados e da corresponsabilidade, estamos impulsando políticas de apoio claro a todas as familias de Galicia. Facémolo coa ampliación dos servizos públicos e tamén dos programas de conciliación que buscan avanzar cara a unha repartición máis equilibrada nas responsabilidades e no coidado dos nenos. *(Aplausos.)* Sabemos que é fundamental poñer en marcha máis medidas e máis accións para que as mulleres poidan seguir avanzando nas súas carreiras profesionais, sen verse nunca freadas pola súa situación familiar ou polo roles de xénero tradicionais. Ao mesmo, tempo traballamos no fortalecemento do sistema público dos servizos sociais para reducir a carga que recae, cada día, nas mulleres. E, aínda que non o queiran recoñecer, somos o Goberno que máis políticas de conciliación fixo na historia de Galicia. *(Aplausos.)* Como dicía, impulsamos a gratuidade na etapa educativa de 0 a 3 anos, investindo, neste ano 2026, 68 millóns de euros de fondos propios e chegando a 32.000 familias de Galicia; apostamos polo rural, deseñando unha completa rede de casas niño e de casas do maior; investimos na conciliación en períodos non lectivos, con 15.000 familias que se benefician, cada ano, dese Bono Concilia; blindamos a nosa aposta pola corresponsabilidade, destinando 7,4 millóns de euros ao Plan corresponsables para que os concellos, as entidades sociais e as ANPA programen actividades de conciliación nos períodos non lectivos. En resumo, señora deputada, impulsamos medidas que buscan aumentar o impacto na participación laboral de todas as mulleres e que axudan a crear unha contorna máis xusta e máis equilibrada e, por suposto, máis libre de discriminación de xénero.

En definitiva, señora Presas, coido que está claro o compromiso do Executivo galego co desenvolvemento e co cumprimento do marco normativo vixente en materia de igualdade, reforzando sempre os mecanismos de seguimento da avaliación e de coordinación institucional.

O noso obxectivo non é outro que avanzar, de forma sostida, cara a unha sociedade máis xusta e cara a unha sociedade máis igualitaria, na cal as mulleres poidan desenvolver plenamente o seu propio proxecto vital e tamén profesional.



Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, anuncio, anuncio, anuncio. Vólvollo repetir, é que, ademais, deben pensar que non temos Internet, que non temos hemeroteca, que non temos memoria...

Veu vostede aquí e o único anuncio que fixo foi o mesmo que nos anunciou en marzo de 2025: (Aplausos.) (A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños le un treito dunha noticia no seu teléfono móbil.) «A Xunta impulsará a primeira estratexia galega de emprego feminino en sectores masculinizados, co obxectivo de promover o liderado das mulleres». ¡É que a están ultimando! Nun ano non tiveron tempo de facer unha estratexia, pois non será polo moito que fixeron outras. Pero é que hai máis, este anuncio xa nolo fixeron na campaña electoral; ¡xa nolo anunciou o presidente da Xunta —se non me falla a memoria— na propia investidura! Pero, ¿é que van estar toda a lexislatura para facer outra estratexia —porque pasa o mesmo que con estes plans— (A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños mostra unha serie de documentos.) que quede no papel mollado? Polo menos, innoven un pouco e veñan aquí con algún anuncio novo. (Aplausos.) Insístolle, non necesitamos anuncios, necesitamos medidas. (Aplausos.)

E díxonos vostede que a Xunta comparte a preocupación pola situación das mulleres galegas. Pois ¡menos mal!, se non chegan a compartila...; pero iso é xa case como... a paz mundial, ¿non? Todo o mundo está en contra da desigualdade, pero, despois, vostedes non fan nada; todo o mundo está a favor da paz mundial, pero, despois, vostedes defenden máis orzamento militar.

Pois mire, é que para compartir, vólvolle dicir... (A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños mostra un documento.) En canto ao II Plan de corresponsabilidade, non fixeron a avaliación intermedia no ano 2024 porque non sostén —pese á xeneralidade deste plan— a máis mínima proba do algodón; non fixeron a avaliación final; acabou a vixencia do Plan e nada se sabe do que van facer. (A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños mostra outro documento.) En canto ao Plan galego contra a trata, leva dous anos caducado e acaban de volver repetir que o están ultimando e volver anunciar, outra vez, que o van aprobar. (A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños mostra un outro documento.) En canto ao Programa galego da muller na ciencia, non nos serven nin sequera as efemérides. Acaba de ser, en febreiro, o Día da Muller e da Nena na Ciencia e nin sequera se acordaron de anunciarnos unha nova data para este plan. Anuncio tras anuncio e tras anuncio e incumprimento das súas propias leis. Ese é o resumo da política en materia de igualdade da Xunta de Galicia.

Mire, vén aquí dicirnos que non estamos na Galiza que debuxa o BNG. ¡Oia!, eu vin a esta comparecencia con datos do Instituto Galego de Estatística, con datos obxectivos, con datos como os da fenda salarial deste país. ¡Claro!, se se compara co resto do Estado, que teñen



mellores salarios... Pero, é que mire, en termos absolutos, no último ano, con datos, temos a fenda máis alta da nosa serie histórica, é dicir, 4.706 euros, señora conselleira. Iso é o que lle debería preocupar.

É que claro que avanzamos na incorporación da muller ao mercado laboral, evidentemente, como toda a tendencia no Estado e na nosa contorna económica. Pero é que xa lle puxen exemplos nos cales hai un diferencial negativo en Galiza das mulleres galegas respecto das mulleres no Estado. Por exemplo: a taxa de temporalidade feminina é case dous puntos máis alta que no Estado; pois a vostede pareceralle que iso é unha brillante situación porque vostede, desde a súa consellería, cos empregos que xera contribúe para esa temporalidade. Igual é por iso.

En materia de corresponsabilidade, é un fracaso absoluto a súa consellería porque duplica a precariedade. Por unha banda, crea bonos de coidados para devolver as mulleres ás casas a coidar. E, por outra banda, ten todas as mulleres empregadas pola súa consellería nunha situación de precariedade; así, están todas protestando: folgas e protestas nas escolas infantís; folgas e protestas nos centros de menores; folgas e protestas no ámbito das residencias de maiores...; e xa sen entrar na situación que teñen armada vostedes no Servizo de axuda no fogar. ¿Que foi o Goberno que máis fixo pola conciliación? Non, foi o Goberno que máis fixo pola precarización dos coidados neste país, (*Aplausos.*) que é moi distinto, e que máis negocios privados fomentaron ao respecto.

E, mire, eu facíalle preguntas moi concretas nesta interpelación —oralmente e por escrito— respecto da falta de avaliación das políticas públicas; e non é algo que diga o BNG en soidade, é algo que o propio Consello de Contas, no Informe que fixo respecto ás políticas de violencia machista —extensible ao resto, porque, de feito, fala da planificación estratéxica—, recomenda que ten que haber un verdadeiro plan estratéxico en materia de igualdade que teña indicadores obxectivos e a avaliación desas políticas públicas. E, a todas luces, cos datos que eu puxen enriba da mesa, as súas políticas públicas non están a funcionar, para non falar dos incumprimentos fragrantados da propia Lei de igualdade, na cal pouco incluíron no *remix* que fixeron na súa reforma, para, aínda máis, non a cumprir. Polo tanto, insistimos en que hai que avaliar: hai que avaliar estes plans; hai que avaliar a Lei de igualdade; ver en que se está fallando e actuar.

Mire, eu fágolle dúas propostas para que poida pensar en dous anuncios novos de cara aos próximos días: unha proposta, que facemos desde o BNG, é que remitan esa avaliación do Plan de corresponsabilidade, no prazo máximo dun mes, para que poidan facer un proceso verdadeiro de participación das organizacións sindicais, sociais e feministas deste país para aprobar un novo plan, que teña un orzamento detallado e que poida vir a esta Cámara para facer achegas. E a segunda proposta, sendo conscientes de que un dos principais ámbitos de precarización laboral das mulleres galegas é o ámbito dos coidados, é que fagan vostedes un plan para facer auditorías retributivas no ámbito das empresas coas cales vostedes están externalizando os servizos públicos, porque saben que moitas delas, polo número de traballadores e de traballadoras, non están obrigadas legalmente a facer esa auditoría retributiva, porque son centros de menos de cincuenta traballadores e traballadoras. Polo tanto, faga vostede unha iniciativa política, desde a súa consellería, para garantir que as empresas que vostede contrata si teñan esa auditoría retributiva.



Propostas, señora conselleira; propostas dos líderes da oposición fronte a un Goberno que o único que ten son...

O PRESIDENTE: Grazas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...anuncios, anuncios e anuncios.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da interpelación, a conselleira de Política Social e Igualdade.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Presas, mire, estamos ante unha Galicia referente, que non é —insisto— a que vos tedes quen pintar. Aquí estamos nunha Galicia na cal as mulleres avanza, cada día, con paso firme cara a esa igualdade de oportunidades; estamos nunha Galicia en que as mulleres teñen, cada vez, máis presenza, teñen, cada vez, máis peso —por fortuna— no mundo empresarial; estamos nunha Galicia na cal se poñen en marcha, cada vez, máis proxectos impulsados por mulleres; estamos nunha Galicia en que as nenas saben xa, dende que son ben pequenas, que poden ser o que queiran ser na súa vida. (*Aplausos.*) Esa é a Galicia na cal vivimos, señora Presas, e non na Galicia catastrofista: (*Aplausos.*) a Galicia do «non» do Bloque Nacionalista Galego.

Mire, señora Presas, o Plan de trata..., jé que non hai avaliación do Plan de trata! Mire, vostede sabe que veu o director xeral de Loita... (*Pausa breve.*) (*A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*)

O PRESIDENTE: Silencio.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): ...— ¡home non, muller!— Mire, vostede sabe que veu o director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero o pasado ano a este Parlamento de Galicia e deu conta do Plan de trata, ofrecéndolle números, ofrecendo orzamento, ofrecendo actuacións concretas... E dígolle que estamos ultimando ese último plan e, de feito, a semana pasada —como vostede ben sabe, pero non o quere contar— tivemos unha reunión con todos os sectores que están involucrados.

Mire, a vostede preocúpanlle moitísimo todas as mulleres que traballan no ámbito dos coidados; todas as mulleres que traballan no ámbito dos coidados e todas as mulleres que traballan no ámbito do Servizo de axuda no fogar —¡que son moitísimas!; son miles de mulleres as que traballan, cada día, no ámbito dos coidados—. Chegamos a un acordo co presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias para incrementar o financiamento do Servizo de axuda no fogar, para dar un alivio ás arcas municipais e para continuar mellorando as condicións laborais de todas as mulleres; e vostedes opóñense a ese acordo (*Aplausos.*)



para mellorar as condicións laborais de todas as mulleres. ¿En que quedamos, señora Pre-sas?; ¿en que quedamos? *(Aplausos.)*

Mire, vostedes son expertos en falar de xestión privada, de externalización dos distintos servizos públicos... ¡Pero se vostedes están na Deputación de Lugo!; ¡se están externalizando a xestión de todas as residencias da Rede da Deputación de Lugo! ¡E vostedes apláudeno!, pero vostedes, despois, críticano cando a Xunta de Galicia ou distintos concellos externalizan servizos de coidados ás persoas maiores.

Mire, eu hoxe, ademais, vou aproveitar tamén esta intervención para facer referencia a un asunto de moitísima actualidade; sobre todo un asunto que afecta a moitísimas persoas maiores, a miles de persoas maiores e a persoas con discapacidade en Galicia. Como ben saben, o Tribunal Constitucional acaba de levantar esa suspensión na aplicación do Plan de choque en Galicia. Galicia, a pesar das trabas e dos paus nas rodas que pon, cada día, o Go-berno de España —que vostedes apoian de forma fiel—, vai continuar valorando as persoas maiores *(Aplausos.)* e as persoas con discapacidade. *(Aplausos.)* Pedímoslles ao ministro de Dereitos Sociais e ao Goberno de España que retirasen, de forma inmediata, ese recurso ante o Tribunal Constitucional. ¿Que opina o Bloque Nacionalista Galego? ¿Non se vai pronunciar o Bloque Nacionalista Galego? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¡Vos-tesdes que din que tanto lles preocupan as persoas maiores e as persoas con discapacidade!

Durante este tempo de paralización, máis de dúas mil catrocentas persoas maiores non pui-deron ser valoradas polo sistema de homologación e non teñen o seu certificado de disca-pacidade. Polos seus socios —os señores do Partido Socialista e o Goberno de España—, que lles están privando dese dereito de ter un certificado de discapacidade a máis de dúas mil ca-trocentas persoas en Galicia, polo seu afán recadatorio; porque queren recadar —como di-ciamos— á custa das persoas maiores e das persoas con discapacidade. E o Tribunal Constitucional dixo «¡non!, que a Xunta de Galicia siga adiante co seu plan». *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Dáme moita pena e moita lástima que o Bloque Nacionalista Galego sempre tente botar por terra todas as medidas que pon en marcha a Xunta de Galicia para beneficiar todas as mu-lleres, todas esas mulleres coidadoras, incrementando o financiamento dese Servizo de axuda no fogar. Vostedes nunca estiveron a carón de todas as mulleres coidadoras de Galicia, ¡e nós si! E ímolas seguir apoiando de forma incondicional; imos seguir estando a carón das mulleres no ámbito laboral, apostando polo seu liderado e polo seu talento; imos continuar estando a carón de todas as mulleres nese acceso equitativo á educación, asegurando que, dende nenas, teñan as mesmas oportunidades en todos os niveis; imos seguir estando a carón das mulleres na implantación da corresponsabilidade e na mellora da conciliación; e, por suposto, imos seguir estando a carón das mulleres, apostando por un feminismo inclu-sivo en que cabemos todas e en que caben todos, respondendo sen dúbida ningunha, con axilidade e con solucións ante os retos que se presentan en materia de igualdade de xénero.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



Continuamos coa seguinte interpelación.

Interpelación da deputada Rosana Pérez Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a caída da produtividade marisqueira nas rías galegas, singularmente no que atinxe aos bivalvos na ría de Muros e Noia

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Pérez.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Bo día.

Grazas, presidenta.

Bo día, señora conselleira.

Permítame que comece facéndolle unha pregunta que non puxemos por escrito na nosa interpelación, pero que estamos seguras de que está vostede máis que capacitada para respondela, aínda non téndoa preparada. A pregunta é a seguinte: ¿como ou canto de grave considera vostede que é a situación do sector pesqueiro, marisqueiro e mexilloeiro do noso país, neste momento? Pregúntollo porque eu crin que cando hai un asunto importante, grave como este, a conselleira responsábel comparece por petición propia, e non agarda a que a interpele ninguén, dá a cara e explica, diante do que está a ocorrer, o que está facendo neste momento e o que vai facer, como a máxima autoridade en materia de pesca en Galiza.

Vostede, por exemplo, señora conselleira, veu aquí no mes de outubro —a única vez que compareceu por petición propia desde que é conselleira— para avaliar as políticas pesqueiras europeas. Lembrará que, daquela, xa lle dixemos que nos gustaría que viñese vostede comparecer, nalgún momento, para dar conta dos asuntos que lle son competencia propia, como é este caso, ¿non? —o tema do marisqueo fundamentalmente—.

Nós supoñemos que, naquel momento, vostede consideraba que as políticas pesqueiras europeas eran importantes, e, por iso, pediu comparecer, ¿non? Nós non lle quitamos importancia, pero escoite isto: «En zonas como a ría de Muros e Noia, a mortalidade de berberechos chegou ao oitenta por cento e, ademais, a da babosa ao noventa por cento». Non poderán retomar a actividade ata o outono deste ano. A frota, a frota de baixura basicamente, leva semanas —non días, semanas— amarrada. En Cabo de Cruz, en Rianxo, en Carril, en Vilaxoán, na Illa, en Vilanova..., hai toneladas de bivalvos de talla comercial mortos e, o que é peor, tamén cría sementada e, con ela, miles e miles de euros tamén sementados ou enterrados, ou afogados, nas praias desas zonas. Na ría de Pontevedra, no que vai de ano, traballaron oito días —oito días—.

Segundo os datos da súa propia consellería, no que vai deste ano se venderon algo máis de 120.000 quilos de ameixas, de berberechos, de navallas e de longueiróns. Fíxese, 120.000 quilos, é dicir, 26.000 menos que a primeiros de 2024 e 89.000 menos que no mesmo período de 2025. En 2024, señora conselleira, perdéronse 222 permisos de marisqueo a pé —en 2024—, pero sumémoslle agora os 128 que se perderon no ano 2025. En dous anos,



señora conselleira, perdemos, ou perderon, 350 postos de traballo —en dous anos, ¿eh?, 350 postos de traballo—. Neste momento o mercado está invadido, absolutamente plagado de produtos de fóra. A campaña de libre marisqueo da ría de Arousa, despois de anos agonizando —e non será polo que lle advertiu o sector e nós mesmos—, este ano nin sequera a chegaron a abrir. O mexillón —a gran xoia da coroa—, ben, pois temos polígonos pechados durante semanas —durante semanas— pola toxina e agora hai unha mortalidade masiva nos primeiros metros de corda, pero, ademais desa mortalidade masiva nos primeiros metros de corda, existe unha falta preocupante de mexilla, outra vez, outro ano máis. E podería seguir así, señora conselleira, toda a mañá —toda a mañá— ata ás tres e pico, ata á hora de rematar a sesión. Por iso quero preguntarlle, despois destes datos que acabo de darlle, máis de outros moitísimos máis que vostede ten, ¿como e canto de grave considera vostede que é a situación do sector pesqueiro, marisqueiro e mexilloeiro no noso país, neste momento?

Por agora, parece que non o considera o suficientemente grave como para vir comparecer —como dixeran antes— aquí por petición propia, de motu proprio. Ben, para nós, señora conselleira, e tamén para o propio sector, esta situación que estamos a vivir neste momento é absolutamente gravísima. Vostede sabe que a nós nos preocupa moitísimo este tema. E vostedes poderannos achacar o que queiran —o que queiran—; poderannos chamar o que queiran. Agora ben, o que dende logo non van poder dicir é que non levamos anos —anos— poñendo enriba da mesa propostas para tentar reflotar o sector marisqueiro, basicamente. Dende o protocolo de baleirado e de limpeza dos encoros que, cada vez que o traía aquí, xa me parecía eu a min mesma unha pesada, pero os pesados eran vostedes votando, unha e outra vez, que non; pasando por un seguro colectivo para cubrir as perdas económicas; pasando pola posta en marcha de sementeiras mixtas ou públicas, porque ¿que vai pasar cando se recolla todo este marisco morto das praias? Pois que tamén quedamos sen semente. Pois ben, virá de fóra, como toda ou como a maioría da que traen. Ben, esa foi outra proposta recorrente e insistente do BNG que vostedes votaron sistematicamente en contra. Ata os plans plurianuais, con medidas estruturais, e non con axudas conxunturais, que é o que vostedes saben facer; con —como digo— medidas estruturais e con estudos de investigación que nos dean unha explicación do que, dende hai anos, está a pasar nas rías para poder facerlle fronte. Todas estas medidas e moitas máis, propúxoas aquí o BNG insistentemente; e insistentemente tamén o Partido Popular votou en contra. E agora estamos onde estamos.

Con vostede van xa tres conselleiros en seis anos: dúas conselleiras e un conselleiro. Ao principio eu pensaba que tiña mala sorte —si, pensaba que tiña mala sorte— porque a conselleira naquel momento —a emérita— pois negaba, (*Murmurios.*) unha e outra vez, os datos que ela mesma facía públicos na súa propia consellería; ¡negábaos!, dicíanos que non os sabíamos interpretar. Despois veu o conselleiro..., (*Pausa.*) o conselleiro vai pasar á historia, ou xa pasou, xa pasou á historia política deste país por dúas cousas: primeira, pola súa imputación por agresión sexual e, segunda, por dous anos absolutamente perdidos á fronte da Consellería do Mar. (*Aplausos.*) E agora, señora Villaverde, vostede. (*Aplausos.*) Vostede que, no día de hoxe —no día de hoxe—, 25 de febreiro, aínda non foi quen de poñer os pés nunha praia, diante de toda esta desfeita que estamos a vivir e de mirarlles á cara aos mariscadores e ás mariscadoras que levan semanas sen traballar; non foi quen, señora conselleira. Mandou



a xente do seu equipo, pero vostede non foi capaz; non tivo a valentía de mirar fronte a fronte ás mariscadoras que levan semanas sen gañar un só peso (*Aplausos.*) Non foi quen.

Dicía o señor presidente Rueda, pola mañá, que nós estabamos aquí moi tranquilos porque cobramos ao final de mes. O mesmo lle digo: vostede está aí moi tranquila na súa consellería porque cobra a final de mes; pero vaia directamente miralas á cara e falar coas mariscadoras, que levan sen cobrar moito tempo e aínda por riba teñen que pagar as cargas sociais.

Vostede, que ten tempo de acompañar a conselleira de Medio Ambiente a un mitin —un mitin absolutamente vergoñento— sobre a modificación do Regulamento de costas; pero non foi quen, señora conselleira, de asistir —nin, neste caso, de mandar a ninguén da súa consellería— á convocatoria que lle mandou o Concello de Noia para asistir á Mesa Interinstitucional do Mar. Convocada —como digo— polo Concello de Noia e onde estaban todas as administracións e o sector; todas menos a Administración competente, que é a Xunta de Galicia. Iso si, desde arriba, desde a consellería, dise e faise a propaganda que se quere, pero baixar ao concello —neste caso de Noia—, despois de que as súas praias estaban sementadas de toneladas de marisco morto, a Consellería *a esas cosas no va*.

Vostede que, mentres a conselleira de Industria levantaba a man para ser a primeira da clase e ofrecer o noso mar para que veñan aquí antes que a ningún outro lado as multinacionais da eólica mariña, non dixo nada, nada. Non defendeu o sector do mar, que todo el está aglutinado na Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños, e que rexeita a eólica mariña en Galiza mentres non se demostre que non afecta a pesca. A conselleira do Mar de Galiza, *mutis por el foro*. (*Aplausos.*)

Vostede, que despois de que o Consello de Ministros do 10 de febreiro —10 de febreiro— declarase Galiza como zona de emerxencia polas continuas borrascas e polos danos que causaron as borrascas, non foi quen aínda —desde o 10 de febreiro— de propoñer ningunha medida para que os beneficios desta declaración cheguen tamén ao sector do mar. Máis alá de solicitarlle solícita —valla a redundancia— ao ministro de Pesca que «*si tiene a bien activar algún fondo, que tenga en cuenta la pesca y el marisqueo gallego*». Isto foi o que dixo a conselleira do Mar diante da declaración de emerxencia por parte do Consello de Ministros. Vostede, señora Villaverde, que, no día de hoxe, aínda non avanzou ningunha medida económica para apoiar o sector pesqueiro nin marisqueiro, mentres que o seu colega do seu mesmo partido, o conselleiro de Pesca andaluz, xa lle propoñía o día 12 deste mes —fíxese xa canto lle leva de van-taxe— axudas de mínimos, inicialmente cun límite de ata 40.000 euros por empresa...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Pérez.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ...para abordar as graves consecuencias que os temporais provocaron no sector pesqueiro —remato, presidenta—. Nun sector pesqueiro —o andaluz— que non chega nin ao quince por cento do que é o sector do mar galego. Polo menos, señora conselleira, teña a dignidade de levantar o teléfono e preguntarlle ao seu colega andaluz como se fan estas cousas e tome nota. (*Aplausos.*)

Ben, remato.



Mentres todo isto pasaba, ¿de que estaba preocupada a conselleira? De reunirse, por exemplo, con algunha federación de confrarías deste país —a Federación, en concreto, de Pontevedra— e tamén cos comercializadores de Galiza. ¿Para que?

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Pérez.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: —Remato, presidenta—. Para cuestionar de novo o modelo —non é a primeira vez, xa lle fixeron a proposta en novembro— de xestión do marisqueo deste país.

Ben, xa lle anticipo, señora conselleira, que o BNG vai estar moi atento este tema, que non imos evitar absolutamente ningún debate. Agora ben, se pensan facer como fan absolutamente en todo e poñer o noso mar en mans de catro, en vez de atender miles de persoas, miles de familias que viven del, con nós non conte. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira do Mar, dona Marta Villaverde.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora Pérez, despois dese batiburrillo de cousas que fixo na interpelación, voume centrar —permítame— no tema central da súa interpelación rexistrada, que é o marisqueo, sobre todo de Muros-Noia. Lémbrolle que o punto de partida de moitos dos bancos marisqueiros de toda Galicia, incluído tamén o de Muros-Noia, é o inverno de 2023 ao 2024, no que morreu ao noventa por cento do marisco que había neles; dous anos enteiros nos que non pparamos de traballar desde a Consellería do Mar. E froito dese traballo, en outono de 2025 os resultados das mostraxes ditaminaban que a gran maioría dos bancos marisqueiros estaban en vías de recuperación, cunha gran biomasa de talla precomercial, un resultado froito do traballo conxunto dos nosos técnicos co sector e do grande esforzo investidor da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

O Goberno galego lémbrolle que foi a única administración que arrimou o ombreiro naquela crise, e durante estes dous anos —o 2024 e o 2025— demos soporte á estrutura do marisqueo a pé para recuperalo. Un feito que —como lles digo— estabamos no camiño axeitado para conseguilo grazas a ese grande esforzo de todos, do sector e da Administración. E, como facemos dende hai moitos anos, nestes dous últimos anos tamén apoiamos ao cen por cento diversas liñas de actuación directas destinadas ao sector marisqueiro. Ao inicio da crise, déronse axudas directas ás persoas mariscadoras e outras ás entidades asociativas, que son titulares deses plans de xestión, para garantir a súa sostibilidade.

Apoiouse tamén a planificación, a adecuación e a mellora das zonas de produción; é dicir, déronse axudas para a rexeneración dos bancos danados que están nas zonas de autorización das confrarías. Axudas que tanto lles dan opción a que se poida comprar semente para re-



poboar eses bancos como lles dá opción a pagar o traballo das persoas mariscadoras que participan nestes proxectos.

Apoiamos tamén a vixilancia, a contratación dos vixilantes dos seus bancos marisqueiros, e a contratación das asistencias técnicas, que fan os seguimentos dos seus plans de xestión e que tamén prestan asesoramento —incluso neste momento— nese labor de recuperación dos bancos. Apoiáronse actividades para fortalecer as entidades destes colectivos mediante a mellora dos seus equipamentos e infraestruturas, o apoio á diversificación das súas actividades e a aposta, tamén, pola formación. E tamén se atendeu os mariscadores afectados pola paralización temporal da actividade extractiva nos bancos marisqueiros mediante unha orde de axudas creadas para o efecto. *(Aplausos.)*

E non podo obviar neste inxente traballo que levamos realizado para a recuperación das rías galegas a nosa aposta decidida pola investigación a través dos nosos propios centros de investigación, como a través do proxecto Rede Mar; no que a Xunta, o sector e a parte científica comparten coñecementos, experiencias e estudos para atopar as solucións máis axeitadas de cara á recuperación das rías.

Polo tanto, señoría, o esforzo económico que leva feito a Consellería do Mar para apoiar este sector é incuestionable. Aínda que non queira recoñecelo, isto sabe que é así. *(Aplausos.)* Gústelles ou non lles guste, este é o punto de partida da maioría dos bancos marisqueiros. E sobra dicir que os últimos temporais que acabamos de sufrir botaron por terra gran parte dos resultados acadados. Pero nós non nos imos render e seguiremos traballando para axudar o sector, pero traballando con feitos concretos, señora Pérez, non con palabras.

Dende o día 6 de xaneiro Galicia padeceu o que os meteorólogos definen como un «tren de borrascas». Concretamente, foron dez borrascas en 45 días consecutivos; 45 días nos que non tivemos nin un só día de tregua. Xaneiro foi un 98 por cento máis chuvioso do habitual: a precipitación media acumulada foi de 290 litros por metro cadrado, o dobre do normal. Tanta auga daría para abastecer a nosa comunidade autónoma durante 113 anos. Esta sucesión de borrascas e precipitacións —é dicir, auga doce— foi intensa e continuada e provocou un descenso significativo da salinidade das nosas rías. Póñolles exemplos concretos. Na estación do observatorio costeiro da Xunta de Galicia situada na plataforma de Cortegada chegouse a detectar na sonda de nivel inferior —que é unha sonda situada a tres metros de profundidade— un período de máis de 5,5 días —é dicir, do 3 ao 7 de febreiro— con valores de salinidade por debaixo de dez. E mesmo houbo outros dous episodios diferentes nos que a salinidade estivo por debaixo de cinco —moi por debaixo de cinco— durante máis de 3,5 días que foi, en concreto, do día 5 ao día 7 de febreiro. Segundo o procedemento que temos e que emprega o Cima para avaliar os efectos da baixada de salinidade sobre os recursos marisqueiros, estes episodios que acabo de relatar por si mesmos xa son suficientes para desencadear eventos de mortalidade severa. Por iso, como os centros de referencia que temos en Galicia comprobamos os parámetros que poden afectar os bivalvos e outros recursos, xa empezamos a traballar internamente e tamén intensificamos os contactos co sector, para ir preparando posibles escenarios. Como ben di, señora Pérez, reunímonos moito co sector —claro que me reunín—, porque hai que empezar a traballar antes de que empece a chover. *(Aplausos.)*



E, como lle digo, a Consellería do Mar e todos os que traballamos nela non estivemos de brazos cruzados mirando o ceo e esperando a que deixase de chover. A Consellería do Mar, dende que empezou este tren de borrascas e prevendo as consecuencias prexudiciais, xa se puxo en marcha para elaborar un plan de actuación específico ante estes eventos de baixa salinidade. Unha vez elaborado, unha vez que xa está listo, o día 4 de febreiro, reunímonos coas federacións provinciais e coa Federación Galega de Confrarías de Pescadores, con dous obxectivos principais: o primeiro, analizar con eles a situación dos bancos marisqueiros que xestionan as confrarías tras o episodio tan intenso e prolongado de choivas. E tamén, o outro obxectivo era informar o noso sector das actuacións que se estaban a poñer en marcha na Xunta de Galicia para facer fronte a esta situación, é dicir, para explicarlles que acción se debería levar a cabo no marco deste plan. Ante unha situación así non cabe a improvisación, señorías, e isto significa que temos que ter todo preparado e os traballos ben definidos para, unha vez que deixe de chover, empezar a traballar canto antes.

O plan que deseñamos está estruturado en catro fases diferenciadas e consecutivas que se activan automaticamente cando se producen fenómenos de precipitacións intensas. O plan baséase na recompilación minuciosa e constante de información que realiza o Intecmar, que vai ir reunindo en tempo real os datos máis relevantes procedentes das distintas estacións meteorolóxicas e estacións marítimas: datos como temperatura, correntes oceanográficas ou tempo atmosférico, chuvias, caudal dos ríos máis próximos e a salinidade da auga na superficie das rías. Con criterios obxectivos que garante toda esta información determinarase se a baixada da salinidade é moderada ou é severa e permite saber e prever cales son as zonas que van estar máis afectadas. Ademais, todo o traballo do noso persoal técnico e do persoal das confrarías permítenos tamén coñecer a situación de partida de cada un dos bancos marisqueiros. Polo tanto, é importante saber que contamos cos últimos datos de mostraxe do outono do 2025 e o histórico de como estaban eses bancos nos últimos anos. Por iso tamén sabemos cal era o estado de como estaba cada un dos bancos antes desta situación meteorolóxica extrema. Permítenos diferenciar aqueles que partían dunha situación boa, dunha situación que poderíamos categorizar como regular ou dunha situación de partida mala. Unha vez que acabaron as choivas a semana pasada, señora Pérez, tanto o persoal técnico da Consellería como o das confrarías xa están a revisar os bancos no terreo, seguindo este protocolo común e perfectamente estruturado. Nós baseámonos nos datos que nos dan os técnicos, non nas estimacións que fan as confrarías. *(Aplausos.)*

O noso protocolo, o protocolo elaborado pola Consellería do Mar —e que se lles explicou en detalle a todos os técnicos, tanto aos nosos técnicos como ao persoal encargado de implementalo— explicouse nunha xornada de traballo que se realizou o día 12 de febreiro. Esta coordinación permitíranos facer unha valoración do estado dos bancos dun xeito uniforme, dun xeito coordinado e dun xeito correcto, facilitando unha resposta conxunta e unha resposta organizada. Ademais, o establecemento deste protocolo vainos permitir que as avaliacións sexan máis rápidas e máis eficientes —aspecto clave na situación actual— e permitíranos obter resultados comparables e máis fiables, gañando, polo tanto, rigorosidade científica. Deste modo, coñeceremos en detalle e dun xeito obxectivo cal é a situación real dos bancos, sabendo se non tiveron afectación ou se a afectación foi moderada ou severa. E tamén nos permitirá coordinar, coas entidades titulares das autorizacións, as medidas a



levar a cabo. Todo isto tradúcese nunha mellor protección dos recursos mariños, contribuíndo directamente á súa sustentabilidade.

Señorías, en tanto teñamos os datos de mortalidade, non dubiden de que a Xunta de Galicia desenvolverá todas as medidas que sexan necesarias para conservar e poder recuperar aqueles bancos marisqueiros afectados.

A Consellería do Mar está a seguir a folia de ruta que marcamos desde o inicio dos temporais e estamos cumprindo as etapas conforme o estipulado e conforme nos coordinamos co sector.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Villaverde.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Instamos á prudencia mentres non conclúa a recollida dos datos que nos permitan ter resultados definitivos, obxectivos e fiables sobre a mortalidade dos bivalvos. Só deste xeito se pode garantir unha resposta ben fundamentada, proporcionada e coas medidas que máis se axusten á situación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a rolda de réplica, a señora Pérez.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Ben, fomos moi optimistas ao principio da nosa intervención cando pensabamos que a señora conselleira nos ía contestar a cousas que non estaban por escrito. Preguntabámoslle algo moi simple, señora conselleira: ¿como ou canto de grave considera vostede que é a situación do sector pesqueiro, marisqueiro e mexilloeiro no noso país neste momento? Ben, como non o escribiu, ou non llo escribiron, pois non foi quen de dicirnos; non sabe, non sabe, non contesta cal é a gravidade, e así nos vai, claro.

Mire, señora conselleira, fala vostede dun tren de borrascas. Debe ser o único tren que temos en Galiza, porque, efectivamente, en corenta e cinco días non fixo máis que pasar por aquí. Agora ben, non é o primeiro tren de borrascas —que así lles chaman agora, ¿verdade?, aos temporais de toda a vida—; non é o primeiro. Vostede falou do 2023, pero lembrará perfectamente que no 2023 houbo dous episodios, un ao final de ano —que colleu o final do 2023 e primeiros de 2024— e outro —lembrará— a primeiros de 2023, pero lembrará tamén que acababa de haber outro no ano 2021; non sei se lle chamaban tren de borrascas, autobús de borrascas ou taxi de borrascas, pero eran borrascas e eran temporais *(Aplausos.)* verdadeiramente graves, probablemente non tan graves coma esta.

Claro, e, ¡cómo no!, falounos a conselleira de que en todos estes anos levan feito moitas cousas. Claro, eu xa non vou outra vez volver repetir pois cousas como aquela axuda directa que se puxo en marcha na véspera das eleccións galegas do ano 2024 polo conselleiro, este señor que lle citei antes, ¿verdade?; non vou falar desas axudas directas. Todo o mundo recordará:



campaña electoral, onde 500 euros era como se lle tocaran 5 millóns de euros a cada mariscador, 500 euros, que con dous meses de pago á Seguridade Social, acabáronse os 500 euros; xa non hai máis. E esas foron todas as axudas directas que lles deron.

Agora ben, imos ás outras axudas, imos ás outras ordes de axudas no DOG da Consellería do Mar. É que vostedes, señora conselleira, levan gobernando desde o ano 2009. E é curioso que, se vostede mira as estatísticas, as súas, os seus propios datos —dá igual de que especie miremos, practicamente igual de que especie miremos—, pois resulta que, pouco máis adiante do 2009, empezan todas a ir para abaixo. Se vostedes levan apoiando o sector do mar desde o ano 2009, é dicir, dezasete anos; se vostedes levan investido tantos cartos para que o sector do mar se potencie, téñolle que dicir algo que probablemente non lle vai gustar, pero *la realidad es muy dura*. Teñen votedes que cambiar de medidas, porque está claro que, se todas esas que aplicaron en dezasete anos non deron resultado e o único que fixeron, como antes lle dixeran, foi facer perdermos 350 postos de traballo, permex do marisqueo a pé, en dous anos, pois está claro que as súas medidas non funcionan. Ten que poñer en marcha outras, e outras que nin sequera son custosas.

Por exemplo, ¿que lle custa á Consellería do Mar facer un protocolo para que os encoros, cando menos, non desencoren en baixamar?, ¿que lle custa? É poñelo nun papel, señora conselleira. (*Aplausos*.) ¿Sabe o que lle custa? Cústalle o mesmo que lle custou calar a boquiña e non dicir nada en contra da implantación da eólica mariña, que a señora conselleira de Industria xa ofreceu o país, ¡vamos!, en aberto, ¡veñan todos para aquí! Iso é o que lle custa. Que non se enfronta, non é capaz de enfrontarse a quen manda xustamente neses encoros e a quen ten na súa man a liberdade de abrillo cando lle dá a gana e, efectivamente, levar incluso mariscadoras por diante. Iso é o que lle custa.

Pero é que hai outras medidas que tampouco lle custan. É que, con moitos millóns menos de euros dos que vostede dixo que gastaron nestes anos, poderíanse facer unha chea de cousas. Porque ¿canto lle custa a vostede poñer —anunciouno vostede mesma, non vostede, a Consellería, no ano 2021, na comparecencia de orzamentos, a conselleira emérita díxoo aquí— en funcionamento un seguro colectivo de perdas? Estamos esperando, estamos no 2026. ¿Canto lle custa?, ¿canto lle custa, señora conselleira? ¿Que lle custa máis? ¿Darlles unha axudiña, unha esmoliña, a todas as confrarías, ou a case todas as confrarías, para que compren semente, en todos estes anos, que a teñen que traer de fóra, que aquí non hai, ou poñer vostede mesma, como administración responsable, en marcha sementeiras públicas ou mixtas?

É que, claro, é que vostedes teñen un modelo que é, efectivamente, facer o que mandan as grandes eléctricas, as grandes multinacionais e as grandes empresas da acuicultura, e nós temos un moi diferente, que, dende logo, evidentemente, é difícil de compatibilizar co seu.

E agora —e vou rematando, señor presidentita— fíxense: despois de dezasete anos, por fin, señora conselleira, vouna ter que felicitar —ben, non, felicitoa xa, felicitoa publicamente—, porque miren, señorías, acaba de anunciarnos a conselleira do Mar un plan de actuación específico, pero non só iso, un plan de actuación específico que, como todo bo plan, ten catro fases e que resulta que esas fases son: primeiro, cando hai adversos meteorolóxicos, recompilan información, cousa que non tiveron tempo de facer en dezasete anos.



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Pérez.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato, presidenta.

Segunda fase: unha vez que coñecemos a información que temos, o estado dos bancos, pois permítenos saber, *¡cómo no!*, como está cada banco, que non o puideron facer en dezasete anos, con Intecmar, con Cetmar, con Cima e con todos os organismos de investigación.

Terceira fase —e remato, presidenta—: unha vez que acabaron as choivas, fan un protocolo. ¿Para que? Para dar unha resposta conxunta. É que, de verdade, kafkiano.

E, por último, a última fase: coñecer dun xeito obxectivo o estado dos bancos. Vale. E, despois, ¿que? Unha vez que teñan todos os datos recompilados, ¡que ala que non teñen datos, eh!, dezasete anos recompilando datos e producíndose temporais cada dous anos, sobre todo...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Pérez.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ...nos últimos, e aínda non teñen datos, señora conselleira. É que é verdadeiramente terrible. Cada vez que vostedes comparecen aquí, aínda, non sei, case mellor que...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ¿Sabe por que? Porque nos damos conta de que a Consellería do Mar e o mar deste país está nas mans dunha conselleira... *(A deputada Rosana Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, rematou o seu tempo, moitas grazas.

Para darlle resposta, ten novamente a palabra a señora conselleira do Mar, dona Marta Villaverde.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Grazas, presidenta.

Ben, señora Pérez, non sei por que lle estraña a vostede que eu lea, eu pola mañá vin como a súa presidenta na sombra lía e leva aquí trinta anos, así que non sei por que lle estraña. *(Aplausos.)* E permítame que lle diga, pero o que é kafkiano é que se lle intente resumir un documento en dez minutos, que teño un protocolo, que hai un plan, e que vostede non sexa capaz de entendelo; ao mellor é problema meu, porque ao mellor non me expliquei ben. Pero, ben, é kafkiano que vostede terxiverse e chame á confrontación nun tema tan serio; iso si que é kafkiano. *(Aplausos.)*

E mire, ningún nega a situación que estamos a vivir e vostedes non poden negar que os fenómenos meteorolóxicos que estamos a vivir, onde os patróns climatolóxicos están cam-



biando, está a golpear o sector marisqueiro galego dunha forma moi seria, pero tamén é certo que a Consellería do Mar está a responder, e iso tampouco o pode negar, con plans operativos, con medios técnicos e científicos, con coordinación co sector e con compromiso por parte da Consellería, cun compromiso de mellora continua. Estamos a actuar con dilixencia, estamos a actuar con rigor científico e en coordinación co sector.

Xa antes do tren de borrascas tiñamos en marcha medidas, a maiores das que lle expliquei na miña primeira intervención, para seguir fortalecendo o noso sector marisqueiro, medidas tales como elaborar un plan de acción do marisqueo de cara ao 2031 da man do sector, señora Pérez, da man do sector —non dea a entender cousas simplemente para buscar conflito e para buscar confrontación—, da man do sector, co que pretendemos establecer as liñas estratéxicas do marisqueo nos próximos cinco anos.

Tamén temos en marcha o proxecto Partvib, un proxecto capitaneado polo noso Cima, en coordinación co Igafa, co que poremos en marcha —pois espero que xa no mes de marzo— a *hatchery* do Vicedo para producir semente, implicando a comunidade mariscadora e reprodutora na reprodución e cría dos bivalvos.

Tamén realizaremos un estudo coas universidades galegas —estámolo acabando— para propoñer un novo modelo de protección das mariscadoras e tamén estamos creando ou imos crear un xemelgo dixital da ría de Arousa, que vai ser escalable a outras rías, que modele a influencia das múltiples variables, tanto ambientais como antropoxénicas, sobre o ciclo de vida do marisco e que nos axude e anticiparnos aos fenómenos meteorolóxicos extremos.

Polo tanto, señorías, a Consellería do Mar ten en marcha moitos proxectos para a mellora da estrutura do sector marisqueiro, e sempre en coordinación co sector.

E, por exemplo, falando de coordinación co sector, xa que na súa interpelación menciona a Confraría de Noia, tivemos varias reunións con eles, por parte tanto miña como de distinto persoal da Consellería. O 31 de xaneiro, dúas o 4 de febreiro, o 10 de febreiro, o 19 de febreiro e onte mesmo, onte mesmo, volvinme reunir con eles; nada máis nin nada menos que seis xuntanzas coa Confraría de Noia nos últimos vinte e catro días. Pero vostede na súa intervención inicial só me fala dunha xuntanza á que non foi a Xunta; foi esa que convocou o Concello de Noia e que non foi quen o Concello de aportar nada novo para axudar o sector, por si mesmo non aportou nada.

E mire, o que pasa é que nós reunímonos para traballar, non ir facer a foto, como foi o señor Abalde, (*Aplausos.*) que foi deputado deste Parlamento e que agora é subdelegado do Goberno, porque, que eu coñeza, señora Pérez, que eu saiba, nesa reunión, nin en ningunha outra, non comprometeu ningún apoio ou axuda por parte do Goberno central, nin para Noia nin para o resto de Galicia. Feito sorprendente, tendo en conta que, dous días antes desa reunión, na referencia do Consello de Ministros do 10 de febreiro, que mencionou vostede, respecto da declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de Protección Civil, refírese a determinados sucesos acaecidos en Galicia. Estamos todos esperando a ver que saca o Goberno central para Galicia, a ver se é verdade que saca algo ou nos deixa, como sempre, (*Aplausos.*) que a Xunta sexa a única administración que teña que dar apoio.



Mire —finalizo—, nos vindeiros días seguiremos traballando, seguiremos e continuaremos co seguimento intensivo da situación, coa inspección dos bancos e en coordinación coas confrarías e coa preparación da avaliación de mortalidade.

Este plan de actuación ante eventos de baixa salinidade que expuxen non é teoría, é unha ferramenta que estamos a aplicar nestes momentos nas rías afectadas, con fases definidas, con protocolos científicos e con medidas concretas. Buscar a confrontación e culpar a Administración autonómica dos danos causados por circunstancias meteorolóxicas naturais, extremas, imprevisibles e incontrolables non fomenta o clima de colaboración necesario para facerlles fronte dunha forma eficaz. Pola nosa parte, seguiremos traballando coas confrarías cos investigadores, cos técnicos e con todas as administracións para minimizar o impacto e protexer o futuro do sector marisqueiro galego. E, de igual xeito que cando acabou o tren de borrascas xa tiñamos o protocolo de actuación listo, o persoal coordinado para baixar á praia, non teña a menor dúbida de que, cando rematemos o diagnóstico dos bancos, teremos listo un plan de recuperación para aplicar sen demoras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Antes de dar paso ao seguinte punto da orde do día, que imos empezar coas preguntas, quero dar a benvida e saudar os integrantes da Asociación de Guías Turísticas de Galicia, que nos acompañan dende a tribuna. Benvidos ao Parlamento.

Continuamos, entón, coas preguntas.

Pregunta da deputada Silvia Longueira Castro e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o grao de cumprimento dos compromisos e acordos adquiridos na unión dos concellos de Oza e Cesuras

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Bo día, señor conselleiro.

Temos agora máis ou menos trece anos desde que se anunciara e se fixera efectiva, sendo vostede precisamente presidente da Deputación da Coruña, a fusión dos concellos de Oza e Cesuras na provincia da Coruña, igual que se fixo despois tamén a de Cerdedo e Cotobade en Pontevedra. Daqueles trece anos ata agora non sabemos nada máis desa idea de fusión, pero son os veciños, sobre todo os de Cesuras, os que nos demandan; xa o falamos o outro día nunha comisión, pero non tivemos tampouco unha resposta axeitada; entón, ¿que mellor que preguntarlle a vostede, que nese momento era un dos artífices —ou protagonistas, non o sei— do que supuxo aquel movemento de fusións, do que, no día de hoxe, nada sabemos?



O caso é que naquela fusión había un documento, e nese documento explicábanse unha serie de acontecementos que ían acaecer no futuro próximo, e, ademais deses acontecementos, falábase tamén dunha serie de servizos e prestacións e de mellora na vida dos veciños de Oza e Cesuras, que, tal e como contrastamos, no día de hoxe, non aconteceron.

Non é tanto isto unha cuestión de dicir que isto non aconteceu, senón que seguen expectantes, manteñen aínda a expectación sobre que pode acontecer, porque a demanda que os veciños fan é necesaria.

Por exemplo, vostedes dicían: isto vai supoñer que aumente a poboación; baixou a poboación dos dous concellos —nada que non nos pareza sorprendente— en trescentas persoas. Isto vai supoñer maiores ingresos; nada que non vai supoñer que formando un concello con máis habitantes poida haber máis recursos, pero nada extraordinario sobre iso. Vai supoñer —isto paréceme que tamén é fundamental— que se instale neste concello unha fábrica —Begano naquel momento—, da que nada se sabe no día de hoxe, e que iso suporía ademais unha achega de postos de traballo, un maior nivel de vida; e do de Begano alí o único que sabemos, por falar con ironía, son as chapas de Coca-Cola que vende no bar Che, de Cesuras, o cal frecuento con certa asiduidade.

E, por outro lado, estaba tamén o tema do transporte, que, no día de hoxe, hai apenas tres servizos ao día, como xa se dixo aquí máis veces neste hemicycle, cunha frecuencia absolutamente descoñecida para os veciños, que nunca saben cando pasa, cando deixa de pasar; é un mínimo transporte entre o lugar de Cesuras e Oza dos Ríos que pon o Concello para que as persoas maiores poidan asistir ou ben ao centro do maior ou ben ás actividades que promova o Concello, un microbús que pon o propio Concello, pero non hai nin sequera unha liazón entre os dous polos do concello.

Co cal, ben, ¿onde están os resultados desta fusión?

O PRESIDENTE: Grazas.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: E nada máis. Sigo na segunda parte, que se me acaba o tempo. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Señoría, a verdade é que nós seguimos apostando pola xestión compartida dos servizos públicos e pola fusión voluntaria de concellos. Nós entendemos que a colaboración entre administracións, esa cooperación entre as entidades locais, é o camiño para evitar duplicidades e, sobre todo, para garantir a igualdade de oportunidades, sobre todo nos concellos pequenos.



E non improvisamos, señora Longueira. Levamos anos promovendo e fomentando a cooperación municipal por distintos medios, e introducimos medidas normativas. No 2013 a lexislación básica en materia de réxime local recolleu unha serie de medidas para fomentar a fusión entre concellos, que garantía o incremento de financiamento mínimo. Nun acordo do Consello da Xunta de Galicia favorécese que en todas as convocatorias das administracións locais estean favorecidas ou premiadas aquelas que van de xeito conxunto. No 2016, a lexislación galega elevou a rango legal as medidas complementarias para primar proxectos de xestión compartida. E o Anteproxecto de lei de Administración local, que temos agora mesmo en trámite —o que coñecerán—, conleva novas fórmulas innovadoras de cooperación: ás áreas funcionais de carácter temporal, que é unha novidade; as agrupacións para compartir persoal municipal, non só os habilitados, senón todo tipo de persoal; e seguimos apostando polas fusións voluntarias a través do fondo de fusións que existe dende hai anos, dende o ano 2013.

Efectivamente, somos a única comunidade na que nos últimos trinta anos se produciron dúas fusións: a de Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade, que reportan beneficios en termos de financiamento, pese ao que diga vostede, e de eficiencia administrativa e calidade dos servizos.

Presentamos hai pouco un estudo coa Fundación Juana de Vega —non será sospeitosa de ningún tipo, onde hai expertos municipalistas de todo tipo— e eles concretan que existen varias vantaxes dos procesos de fusión. A primeira, unha mellora substancial do financiamento; vostede dicía que non, pero si que é, increméntase a participación nos ingresos do Estado, ao incrementar o tamaño do municipio. E, en segundo lugar, tiveron acceso ao fondo específico de fusións, no que levamos 17 millóns de euros investidos, e teñen maior capacidade para captar axudas, como demostran os números ao longo destes anos.

Mellorouse a xestión nos dous concellos. Oza-Cesuras ten débeda o dende o ano 2016; xa sei que a vostedes isto impórtalles pouco, pero dende o punto de vista da xestión é importante; Cerdedo-Cotobade, dende o 2019. Reducíronse os gastos de funcionamento, señora Longueira, custos en órganos de goberno e servizos xerais. Axilizáronse os pagos; en Oza-Cesuras pasou dunha media de corenta e un días a cinco días. E melloráronse e ampliáronse servizos que se prestan á cidadanía, que ao final tamén é importante. Hai novas dotacións, porque a optimización dos recursos permitiu ofrecer novos servizos que non se estaban dando ou mellorar servizos que eran limitados: gardería, ludoteca, asistencia domiciliaria, melloras en redes de saneamento, abastecemento etcétera. E, ademais, houbo outra cousa que para nós é importante, que son vantaxes fiscais para os veciños deses dous municipios. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Ben, fala vostede de cuestións administrativas. Eu non dixen que non houbera maior financiamento; evidentemente, xuntas poboación, nese arco de persoas sobe o financiamento do Estado, ata aí podemos ler.



Pero nas garderías —eu xa sabía que me ía sacar o das garderías— o que pasa é que antes a señora Candia, pois ben, non me puxo ben o tempo e non puiden acabar. *(Murmurios.)* A gardería vén sendo do que se firmou co Goberno do señor Rodríguez Zapatero e coa Consellería de Benestar, onde se construíron unha serie de garderías por todo o territorio galego; é dicir, iso foi froito dun convenio que estaba antes da cesión, que me parece moi ben... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, si, si, ¡vamos!, isto é de libro. Pero eu entendo que vostede non o saíba, ¡eh!, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pero é así, non se preocupe.

E despois está esa cuestión que recollían tamén no prego este que lles deron aos veciños, onde se falaba dunha residencia, centro de día non, ten un centro do maior, non é centro de día, do que nunca se soubo, porque son terreos que pertencían ao patrimonio do propio Cesuras, os terreos do Paraxón, que alí hai un edificio marabilloso de González Villar, que era un sanatorio de tuberculosos, que non chegou a funcionar como sanatorio, que vostede recuperaron, efectivamente, leva tres anos pechado, e, no día de hoxe, calquera veciño de Cesuras se pregunta que vai pasar alí; é dicir, non sabemos. O outro día nunha comisión dixeron: é de Turismo —aproveito que aquí están os guías de turismo, que o saiban—, pero non sabemos para que vai ser.

Pero do que non se sabe nada é desa residencia da que se falaba nese documento, non se sabe nada dese centro de día do que se falaba nese documento.

E no día de hoxe, teñen vostedes afastados os veciños de Cesuras do que é a Administración local, e esa é a realidade, porque, entre outras cousas, teñen unicamente para as persoas que teñen xa unha certa dificultade para ir ao centro de maiores o microbús do que lle falaba, non hai outra cousa. E o único que piden os veciños —que isto non vén aquí de a ver que che di e a ver que non— de Oza-Cesuras é que o que estaba nese documento se cumpra.

A min paréceme fantástico que teñan vostedes débeda o.

O PRESIDENTE: Grazas.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Un concello está para dar servizos, non... *(A deputada Silvia Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas, señora Longueira.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Eu entendo, señora Longueira, que vostede non cre nas fusións, e que non cre que ese documento, por exemplo, que fixemos coa Fundación Juana de Vega supoña un mellor financiamento, maiores recursos para os concellos.

Non é certo o que di, que como se suman dous concellos sumamos orzamento; non, non é verdade; á parte da suma dos orzamentos dos dous concellos, ten un financiamento adicional. Se vostede cuestiona iso, pois entón a que non entende nada ou a que non sabe nada é



vostede (*Aplausos.*) —permítame que llo diga, señora Longueira—. Porque dende o ano 2016 hai un fondo de fusións de 17 millóns de euros, que se leva investido entre os dous concellos fusionados, perdón, entre as dúas fusións que se produciron en Galicia, que, loxicamente, ese é maior financiamento dos concellos, e dedicárono ao que os concellos entendían que era prioritario. E non vou ser eu o que cuestione os investimentos con eses fondos.

Pero xa son, para empezar, 17 millóns de euros adicionais, que vostede parece descoñecer. Ben, pois ¿que quere que lle diga? En Oza-Cesuras, mire, incrementáronse, melloráronse as contas do Concello; é un Concello con remanentes de tesourería. Ten uns servizos garantidos á poboación, porque, claro: non, é que ten os mesmos servizos; non, é que logrou manter os servizos que estaban en perigo, señora Longueira, que iso é bastante importante, aínda que non lle dea importancia. Evítanse duplicidades.

E é verdade que se falou do parque, do sanatorio, houbo problemas con Patrimonio, non pode ir alí unha residencia, están buscando alternativas, pero, por certo, o edificio recupe-rouse, e non se preocupe, que se poñerá en servizo.

¿Segue habendo dous colexios? Si, pero ¿sabe que? Están cheos —oxalá teñamos o problema e teñamos que construír un terceiro—, están cheos, no día de hoxe. ¿Seguen dous centros de saúde? Si, a pleno rendemento. Hai un centro de maiores, hai instalacións deportivas.

¿E sabe vostede o que non se fixo? Había tamén un problema en Oza, se se dá vostede conta: pasar por debaixo da vía do tren era complicado; existía un proxecto para abrir un paso peo- nil antes, onde está a estrada, ía nos orzamentos do Estado do ano 2018, pero no ano 2018 chegou Pedro Sánchez e chegou o Partido Socialista, e ¿sabe vostede quen quitou iso dos or- zamentos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O seu partido, o seu partido si que o quitou dos orzamentos. ¡Ah!, iso non o sabía, (*Aplausos.*) pois dígollo eu. Pero non se preo- cupe, claro, non se preocupe, que a obra se fai. E ¿a que non sabe vostede quen fai esa obra? A Xunta de Galicia. (*Murmurios.*) Claro, porque, se esperamos polo Partido Socialista e por Pedro Sánchez, imos apañados. (*Aplausos.*) Non se preocupe.

Dicía vostede que os veciños se preguntan onde está e os veciños queren saber. Os veciños dende hai moitos anos, cada catro anos, expresan a súa opinión. E ¿sabe cal é? Unha maioría reforzada do Partido Popular e a práctica desaparición do Partido Socialista.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta da deputada Sonia Vidal Lamas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para corrixir os danos económicos, ambien- tais e sociais no encoro das Conchas e na comarca da Limia

O PRESIDENTE: Cando queira.

SONIA VIDAL LAMAS: Señorías, hoxe xa non estamos ante un debate político, estamos ante unha sentenza firme do Tribunal Supremo que confirma que houbo inacción da Xunta ante



unha contaminación que vulnerou os dereitos fundamentais da veciñanza da Limia e da Baixa Limia, e vostedes seguen actuando como se aquí non pasase nada.

A conselleira declarou estes días que non existe a coordinación que nos gustaría coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil. O presidente Rueda di que agora haberá que analizar de onde veñen os nitratos; agora, agora, no 2026. Levan gobernando dende 2009, hai expedientes sancionadores dende hai máis dunha década. En 2022 xa existían mapas oficiais de contaminación difusa, hai informes técnicos reiterados, hai episodios continuados de eutrofización, hai advertencias científicas, hai mobilización social, e agora din que van analizar de onde veñen os nitratos. Isto non é improvisación, non é descoordinación e non é falta de información; isto é permitir durante anos unha deterioración progresiva, sabendo o que estaba pasando. *(Aplausos.)* Iso ten un nome, señora conselleira: é abandono institucional. A sentenza di que existía coñecemento previo, que as medidas foron insuficientes e que houbo un risco certo para a vida e para a integridade, que se vulneraron os dereitos fundamentais. Non o di o Bloque Nacionalista Galego, dí o Tribunal Supremo. E, mentres tanto, vostedes anunciaban un plan estratéxico da Limia, que meteron nun caixón, onde nese plan estratéxico as labregas traballaban en propostas, mentres tanto a veciñanza denunciaba e mentres tanto recorrían vostedes a sentenza para gañar tempo.

¿Que valor lle dan vostedes á xente da Limia? ¿Que mensaxe lle están enviando á Baixa Limia? ¿Que poden seguir respirando cianobacterias? ¿Que poden seguir bebendo auga en risco? ¿Que poden seguir asumindo as consecuencias dun modelo que vostedes nunca quixeron regular? Non é unha trapallada, como o proxecto de lei de onte, é un feito gravísimo: vulneración de dereitos fundamentais *(Aplausos.)* durante anos por inacción administrativa. Se despois dunha sentenza firme, que acredita esta inacción e a vulneración de dereitos fundamentais, vostede non considera que existe ningunha responsabilidade política que asumir, entón está enviando unha mensaxe moi perigosa: que na Xunta nunca pasa nada, fágase o que se faga.

E hoxe preguntolle claramente: ¿vai asumir vostede as responsabilidades políticas? ¿Vai activar de inmediato medidas estruturais, cun calendario e un orzamento real? ¿Ou vai seguir botando a culpa a Madrid, á Confederación Hidrográfica, mentres o Supremo deixa claro que a Xunta tamén é responsable disto? Porque aquí xa non se trata unicamente de competencias. Trátase de responsabilidade. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vidal, ¿como que non se trata de competencias? ¡Ata aquí podíamos chegar! Efectivamente, hai responsabilidades, pero hai competencias.

Trapallada é pois esa unión que teñen vostedes en Madrid, onde queren ocultar sempre o Partido Socialista, apóiano e ampáranos, pero vostede terá que saber que as competencias en



augas da Limia é da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. ¿Ou acaso é de Augas de Galicia, señora Vidal?

Dito isto, e falando de augas, dicirlle que endexamais a Xunta de Galicia elude responsabilidades, pero aquí, se hai unha sentenza e esa sentenza pon claridade sobre quen ten esas competencias, aí está claro que é a Confederación Hidrográfica Miño-Sil. (*Aplausos.*) ¿Ou é que acaso eu me podo meter nos encoros da Confederación Hidrográfica?, ¿ou é que acaso me podo meter eu nos ríos da Confederación Hidrográfica? ¿Que lle parecería a vostede se eu de repente, naquela que si temos competencias, Augas de Galicia, lles digo ás distintas confederacións que veñan facer o seu traballo?, ¿que lle parecería, señora Vidal? Polo tanto, dicirlles: a Confederación ten todas as competencias no río Miño, no Sil, na Limia e, por suposto, ten todas as competencias nos encoros.

Dito isto, efectivamente que eu pedía coordinación. É que a coordinación, señora Vidal, non pode ser simplemente unha páxina web onde, aínda que haxa inundacións ou non, teñamos que ir aí para nós poder dar despois todos os avisos pertinentes. De aí que dixeramos —e reiteramos unha e mil veces, e que tamén o trouxemos aquí ao Parlamento, no que deberíamos estar todos de acordo— que debería ser unha soa competencia, e que, se non o saben facer, ¡oia!, dean un paso, pídanllo tamén vostedes ao PSOE en Madrid, porque así iríalle moito mellor á Limia.

Dito isto, coordinación. Fundamental. Galicia é a única comunidade autónoma que ten as competencias divididas en catro —imagine, en catro—, tres ademais que, cunha lei básica estatal, pois fan interpretacións distintas, e de feito onte mesmo eu estaba en Toén e a xente xa non pode máis, xa non pode máis, señora Vidal.

Polo tanto, é bo que si trouxera vostede aquí e lle exixira á Confederación Hidrográfica que faga o que ten que facer; en vez de facer aceras, que se centre na situación dos ríos, e se centre tamén na situación dos embalses, porque a Xunta de Galicia faino, e faino a través de Sanidade.

E claro que alerta, e claro que lle di á xente cando non ten que consumir auga, e claro que lle di á xente cando non se pode bañar, pero, cando a Xunta de Galicia dá, por exemplo, unha autorización ambiental dunha granxa, ¿sabe vostede quen dá os informes sectoriais? A Confederación...

O PRESIDENTE: Grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto):
...Hidrográfica do Miño-Sil.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Vidal.



SONIA VIDAL LAMAS: Grazas, presidente.

Señora conselleira, escoitándoa, dá a sensación de que todo é culpa da Confederación Hidrográfica, pero ¿sabe que pasa? Que ao mellor hai que volver ler a sentenza, porque a sentenza non di iso. Estamos ante unha sentenza firme que fala da vulneración de dereitos fundamentais, e iso nun Estado de dereito é de máxima gravidade. Non o dicimos nós, dí o xulgado. *(Aplausos.)* A sentenza fala de inacción; de inacción tanto da Confederación Hidrográfica como da Xunta, das súas competencias. Fala de coñecemento previo; fala de medidas claramente insuficientes, dos dous.

E aquí está o núcleo do problema: a Xunta sabíao, durante anos sabíao. Sabía a deterioración progresiva dos nitratos, dos episodios de eutrofización, das advertencias científicas, das sancións —217, por certo, ata o 2024—, e as decisións políticas que vostede priorizou foi: non molestar, non regular, non ordenar e non asumir o custo político.

A Directiva de nitratos é de 1991, os mapas de contaminación difusa publicáronse en 2022 e os expedientes sancionadores acumúlanse dende hai máis dunha década. Levan gobernando dende 2009, estamos en 2026. Pretender que en 2026 aínda non se sabe de onde procede o problema non é prudencia técnica, é unha falta de asunción da realidade.

Sabemos que houbo vulneración de dereitos fundamentais, e iso implica responsabilidade política. Por responsabilidade institucional, por respecto á veciñanza da Limia e da Baixa Limia e por dignidade democrática, debería asumir as consecuencias políticas desta situación, e, se non está disposta a facelo, señora conselleira, a conclusión é evidente: non está á altura das responsabilidades que ocupa e debería dimitir. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señora Vidal, en primeiro lugar eu teño que defender a xente da Limia e teño que defender o sector, e creo que, ademais, son uns grandes profesionais. Fronte a deostar absolutamente todo, como fan vostedes, eu deféndoos. *(Aplausos.)*

Pero o que teño que dicir aquí é que o mesmo investimento que está facendo Augas de Galicia, 151,7 millóns de euros, en depuradoras —en depuradoras de autoconsumo e demais—, tíñallo que exixir vostede á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Pero, unha vez máis, van de ganchete, porque lles interesa.

E a partir de aí, dende aquí, dende a Xunta de Galicia, non eludimos ningún tipo de responsabilidade; tampouco o facemos cos nitratos. Pero tamén terá que saber vostede quen ao final ten esa responsabilidade, e ten que concluír uns estudos para os que leva anos pedíndonos datos —que llos facilitamos—, e, no día de hoxe, aínda non temos resposta. Esa é a realidade, señora Vidal, non é outra.



¿Por que os queren ocultar tanto e por que non lles exixen que o mesmo que fai Augas de Galicia poñendo enriba da mesa cartos para as depuradoras tamén o fagan aí? Porque sancionar, claro que sancionan, e facer ¿que fan? ¿Que fan? ¿Museos da auga? ¿Que fan? ¿Aceras? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero ¿como que nós? Nós facémolo, en toda Galicia, en toda Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O PRESIDENTE: Silencio.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Temos repartida Galicia en catro competencias (tres confederacións e Augas de Galicia) e ¿quen está traballando? ¿Quen está investindo, cunha lei estatal que é igual para todos? ¿Ou é que, en realidade, as tres confederacións son sucursais dos distintos ministerios para facer política, para sancionar e despois caso omiso con todos os demais?

Pois mire, si que ten plans a Xunta de Galicia, e si que fai investimentos a través de Medio Rural, e si que fai investimentos a través de Medio Ambiente, e, se segue vostede as distintas planificacións, verá como levou ao Consello da Xunta o Plan de humedais, onde aí ten competencia Medio Ambiente, e vanse levar a cabo. Esas son as realidades.

E a partir de aí, de verdade, eu si que lle diría: cada vez que solten algo, pois fágano con sensatez. Nunca endexamais eludimos responsabilidades, pero (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) gustárame que vostedes, por unha vez, quiten a careta e lles exixan ás confederacións o mesmo que lle exixen a Augas de Galicia. O estudo de presións agropecuarias, urbanas e outras que poidan considerarse significativas, que está a elaborar o Ministerio, a ver se se enteran, o Ministerio de Transición Ecolóxica... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, é que eu entérome. O problema é que a vostede o único...

O PRESIDENTE: Grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...que lle...

O PRESIDENTE: Grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...molesta é que...

O PRESIDENTE: Grazas, grazas, conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...eu fale claro aquí; entón...

O PRESIDENTE: O tema está claro xa, grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...hai que dicir cousas que non son reais. (*Aplausos.*)



O PRESIDENTE: Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as accións que está a pór en marcha a Xunta de Galicia para lle reclamar ao Goberno central toda a información precisa sobre o alcance da modificación do Regulamento xeral de costas

O PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Conselleira, nun pleno recente escoitamos as palabras dalgunha señoría da oposición que nos obrigan a repasar como Galicia conseguiu ampliar o seu autogoberno asumindo a competencia sobre o noso litoral. E digo isto porque, escoitando aquelas palabras, alguén pouco informado pode chegar a pensar que conseguimos este fito grazas á colaboración que nos prestaron nacionalistas e socialistas, e, como vostede sabe, conselleira, iso non é certo.

O certo é que, cando o Partido Popular de Galicia reivindicou as competencias sobre o litoral galego, contou co apoio de moita xente e de moitas institucións. Contamos co apoio das universidades galegas, da Federación Galega de Pescadores, das confrarías galegas, do sector mariño alimentario galego, de Conxemar, da Asociación Galega de Empresarios Depuradores de Moluscos, recibimos o apoio da Fundación Lonxanet para a pesca sostible e da Asociación para a defensa do Patrimonio Cultural Galego, e tamén recordo o apoio que nos brindaron a Confederación de Empresarios de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia, e moitos máis. Tivemos apoio de milleiros de galegos e galegas que decidiron vincular as súas vidas e as das súas familias ao mar, ao noso litoral, da particular maneira que os galegos temos de relacionarnos coa nosa costa.

Pero, do mesmo xeito que tivemos apoios moi valiosos, tamén tivemos enfronte adversarios poderosos, e, polo que se ve, desmemoriados. Foron os que nos dixeron que non podíamos asumir esa competencia sen reformar previamente o Estatuto de Galicia; foron os que cuestionaban o valor real do informe realizado polo Consello Consultivo de Galicia; foron aqueles que, cando había que apostar por Galicia, elixiron poñerse de perfil. Galicia asumiu as competencias sobre o litoral sen apoio da esquerda galega e coa oposición explícita do Goberno de Pedro Sánchez, que interpuxo un recurso ante o Constitucional porque consideraba a lei galega unha declaración de independencia. Galicia conseguiu a competencia do litoral batallando nos tribunais o mesmo que a outros lles regalaron graciosamente. Esa é a realidade da historia e non a versión manipulada que algúns agora nos queren colocar.

Naquel momento, o Goberno de España quería atacar a economía ligada ao noso litoral e hoxe o Goberno de España tenta repetir ese ataque, esta vez a través dun Regulamento xeral de costas, que iniciou o trámite de consulta previa, unha vez máis, sen información e sen diálogo previo, nin coas comunidades autónomas con competencias en litoral nin cos sectores económicos e profesionais afectados. O Goberno cambia de estratexia pero non cambia de mañas, e, unha vez máis, tenta coar pola porta de atrás criterios lesivos para os intereses de Galicia. Un novo ataque do Goberno Sánchez que preocupa, e preocupa moito, á Galicia costeira.



E, por iso, conselleira, gustaríanos coñecer que está facendo a Xunta para defender os intereses dos galegos ante a enésima aldraxe a Galicia do Goberno....

O PRESIDENTE: Grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...de Pedro Sánchez. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señor Pazos, a verdade é que é terrible. É un volver empezar e paréceme que disto non aprendemos absolutamente nada. Debería aprender o Goberno central, porque o Constitucional foi claro non, clarísimo.

¿Que problema ten agora o Goberno central? Pois que todas as comunidades autónomas de distintas cores copian o mesmo texto que Galicia, e resulta que ese reino de taifas, que agora descubrimos que tiña entre as súas mans, a pesar de que dicían todo o contrario, non o querían perder; e de novo volvemos ao mesmo, e de novo temos unha desculpa, que, neste caso, é Europa. E para iso, ¿que fan? Sen previo aviso —eu non tería palabras no dicionario para describir o ninguneo que ten o Goberno central coas comunidades autónomas—, resulta que fan unha consulta pública —ademais, a urxencia é brutal, porque son quince días—, non se poñen en contacto con nós, non se poñen en contacto co sector, e, a partir de aí, a pretensión é facer un cambio no Regulamento pola porta de atrás. ¿Para que? Para cambiar a lei, aquilo que non conseguiron durante moitos anos. Non queren dar a cara, non se queren enfrontar aos distintos parlamentos e, por suposto, non queren pasar polo Congreso e polo Senado e modificar unha lei. Pois, de momento —de momento, que non é pouco—, aínda estamos nun Estado de dereito, e primeiro son as leis e despois son os regulamentos.

¿Que fixemos? Reunirnos sempre co sector, dicíndolles que é o que hai, que é o que temos nas nosas mans, e, a partir de aí, empezar a traballar. ¿E que é o que temos? Non temos nada, porque estes señores din que o problema está en Europa, e, polo tanto, só temos unha nota de prensa, porque o documento de infracción a España non acaba de chegarlles ás comunidades autónomas. Vaia casualidade, ten 31 expedientes abertos e en todos nos pide a colaboración ás distintas comunidades autónomas, porque o Goberno central, para defenderse el, ou conta coas comunidades autónomas ou é imposible. Pois aquí dinos que non, que ten plenas competencias e que, polo tanto, non nolo vai dar. ¡Que non, señores!, que as competencias as ten Galicia, gústelles ou non; *(Protestas.)* e detrás de Galicia están o resto das comunidades autónomas. *(Aplausos.)*

Por suposto, non queren conferencias sectoriais. ¿Saben vostedes como facemos agora a relación co Ministerio? A través de correos electrónicos. As nosas conferencias sectoriais son: «si», «non» e, despois, unhas cantas palabras, porque é que nos reducen o texto; esa é a realidade.



Galicia presentou alegacións, todo o sector presentou alegacións. Son 86 concellos, é o 52 por cento da poboación, é moitísima industria. E temos que seguir os pasos que dixo Europa...

O PRESIDENTE: Grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...e España ten que ter unha lei igual que a galega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Si, presidente.

Conselleira, a estas alturas do conto, os galegos temos meridianamente claro que non podemos esperar do Goberno de Pedro Sánchez máis que desleixo e deslealdade. Resulta indiferente de que tema falemos, resulta indiferente cal é a materia sobre a cal deba pronunciarse; a resposta que recibimos sempre é a mesma: a Galicia, non.

Se pedimos a transferencia da vía que vertebra de norte a sur o territorio galego, a resposta é «non». Se pedimos que se trate os portos da nosa comunidade en igualdade de condicións que os doutras autonomías, a resposta é «non». Se pedimos que se respecte o noso dereito sucesorio como se respecta noutros territorios, a resposta é «non». Se pedimos que o modelo de financiamento teña en conta o envellecemento e a dispersión que tanto impacto teñen nos servizos que reciben os galegos, a resposta é «non». Se pedimos conexión eléctrica para desenvolver a industria, se pedimos servizos ferroviarios dignos, se pedimos máis prazas MIR para poder formar máis médicos, a resposta sempre é a mesma: «non», «non» e «non». *(Aplausos.)*

Pero, ¿como ía o BNG negarlle o apoio a Sánchez? *(Aplausos.)* Os do «non» apoiando o presidente del «“no” es “no”, y ¿qué parte del “no” no quieres entender?». Son tal para cuál. Outros territorios poden xestionar o ingreso mínimo vital, poden recibir o cincuenta por cento da dependencia, poden ata recibir competencias en materias cuxa cesión era considerada inconstitucional polo propio Goberno de España. ¿Recordan o que dicían de Rodalies?, ¿recordan o que dicían da cesión das competencias de emigración a Cataluña? Eu non teño a sorte de ter interlocución directa con Rosalía para saber que opinaría de todo isto —isto queda reservado para as médiums do nacionalismo galego—, *(Risos.)* pero si podo ler a súa obra: «Castellanos de Castilla / tratade ben os galegos / cando van, van como rosas / cando vén, vén como negros». O mesmo vale para os galegos que emigraban entón que para as peticións que fan as institucións galegas hoxe.

Conselleira, a única esperanza da Galicia litoral é que a Xunta poña pé en parede...

O PRESIDENTE: Grazas.



JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: e free dunha vez este novo atropelo do Goberno de Sánchez. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio climático.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señor Pazos.

¿Quere Galicia transparencia? A resposta é que si. De feito, temos un rexistro, e todos os galegos e galegas poderán saber cando damos unha concesión e canto dura esa concesión. ¿Con que nos atopamos? Con que, dende o día 1 de xullo, temos as competencias, e aí descubrimos o auténtico reino de taifas que tiña o Goberno en relación con Costas: as concesións, distintas en función de se eran para A Coruña, para Lugo ou para Pontevedra; os avais, distintos en función das distintas provincias. Imaxinen, ¿como non vai pedir Europa que haxa transparencia?

Pero fíxense, é que se vostedes van ao Ministerio de Transición Ecolóxica e a esta páxina, e vostedes queren saber algo do rexistro, dá igual que o fixesen hai nove meses ou hoxe mesmo, porque a resposta é que, debido á realización de traballos técnicos, o acceso ao rexistro se encontra temporalmente inactivo. ¿Que temporalmente? ¡É que nunca estivo activo, esa é a realidade! Polo tanto, transparencia, toda a do mundo.

Por outro lado, seguimos sen ter 270 expedientes —estamos comezando marzo— dende o mes de xullo. ¿Que ocorrerá con eses expedientes? Pero non é só iso; é que estes señores falan dunha directiva de servizos. ¡A directiva de servizos nunca ten que ver absolutamente nada con actividades como é a acuicultura! ¿Que é o que pretenden facer co noso sector? Están obsesionados con Galicia, e Galicia estalles abrindo o camiño ao que pide Europa.

Non llelo pide só Galicia e non llelo di só Galicia; é que o resto das comunidades autónomas —dá igual a cor política— están dicindo: empece vostede por unha lei, unha nova lei de costas, pero que teña fundamento. O primeiro é Galicia, pero tamén eles teñen algo que dicir. E de repente vénnos o delegado do Goberno e di que estamos exaxerando e que estamos mentindo. ¡Pois que llo diga ao País Vasco, que llo diga a Cataluña, que llo diga a Asturias, que llo diga a Cantabria! Pero, ¿unha vez máis volvemos con estas? ¿Ou é que acaso non se lembran de cando facían informes, os asinabamos, os asinaban, os liamos, e despois viña aquí unha directora —a mesma que asinaba— dicir que era mentira?

Ben, eu quéroilles pedir aos tres grupos políticos do Parlamento —non temos eleccións autonómicas á volta da esquina, non están vostedes na mesma situación que coa Lei de costas— que vaíamos da man polo ben do sector, polo ben de Galicia.

Digamos «non» a este regulamento e fagamos o posible por ter unha nova lei de costas que emane da lei galega.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta da deputada Paloma Castro Rey e do deputado Aitor Bouza Manso, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o estado actual das instalacións do CEIP A Xunqueira 1, de Pontevedra, e as súas consecuencias para a calidade da educación no devandito centro

O PRESIDENTE: Pregunta de dona Paloma Castro, do Grupo Parlamentario Socialista.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día, conselleiro.

Hoxe formulo unha pregunta que nace da realidade de 204 nenos e nenas, das súas familias e do profesorado do CEIP A Xunqueira 1, en Pontevedra.

Como vostede sabe, dende hai anos este centro vén sufrindo unha deterioración progresiva das súas instalacións, e refírome ao patio, ao ximnasio, ao comedor, a pingas na cuberta, ao acceso ao pavillón... Pero o que antes podía ser algo preocupante, agora xa é un grave problema estrutural.

O pasado día 14 de novembro, tras episodios de choivas intensas, o patio e o comedor quedaron completamente asolagados. As inundacións reiteradas deixaron inutilizados o comedor escolar e o salón de actos durante máis de dous meses e até agora. Miren, teño aquí unha foto da situación na que se atopan. (*A deputada Paloma Castro Rey amosa unha fotografía.*) A auga acumulada obrigou a utilizar ata bombas de achique por parte dos coidadores do comedor e, mentres tanto, o servizo de comedor, esencial para a conciliación das familias, agora estase a prestar nun espazo provisional, sen auga corrente e sen as condicións adecuadas de seguridade e hixiene.

A maiores disto, o pasado 26 de xaneiro produciuse o colapso dun falso teito dunha zona reformada hai dous anos pola Xunta. Isto é o que aconteceu. (*A deputada Paloma Castro Rey amosa unha fotografía.*) A consecuencia disto foi a inundación da planta baixa, a avaría do sistema eléctrico e a inhabilitación de espazos fundamentais. Ata os estudantes tiveron que acceder en penumbra a determinadas zonas do edificio. Isto non é unha simple incidencia técnica, señor conselleiro; é consecuencia do abandono institucional.

A dirección comunicou reiteradamente as deficiencias —leva así anos— e a ANPA emitiu un escrito ao Concello e á Xunta, no que indicaban a situación e pedían axuda. Dicían en concreto, entre outras cousas: «¿Por que temos que lembrarlles aos poderes públicos cal é o seu traballo?», «¿por que os pais e nais temos que recorrer á prensa para defender o que é unha obriga da Administración?». Xa non faltaría que dixesen nada máis. Pois ben, tras esta mobilización, vostede, o delegado territorial de Educación e a Unidade Técnica da Xunta reuníronse coas familias, e, ademais da mala educación habitual do delegado territorial de Educación da que xa falamos moitas veces, díxolles que non había diñeiro, sacou unha nota de



prensa antes de finalizar a xuntanza e anuncioulles a execución provisional dunha medida, que era unha gabia provisional que finalmente hoxe coñecemos na prensa e que, ao final, é unha tubaxe que xa remataron. ¡Ah!, e, por outra banda, tamén dixo que era problema das pluviais do concello; como sempre, botando balóns fóra.

Pois ben, a tubaxe que fixeron vostedes, que remataron onte, é unha solución provisional, ten que ser provisional. ¿Por que? Porque no momento en que volva haber fortes choivas consecutivas pode volver quedar iso inundado, e vostede sábeo.

Polo tanto, nós aquí hoxe o que queremos pedirlle é un compromiso para levar a cabo unha reforma integral do cole e da zona exterior, porque cremos que a educación pública merece algo máis que parches, porque o alumnado merece espazos seguros, dignos e funcionais e as familias merecen certezas; non solucións provisionais. E tamén lle pedimos unhas condicións axeitadas para que o profesorado e os alumnos poidan desenvolver o seu labor.

Por iso, hoxe traemos aquí esta pregunta, porque queremos preguntarlle se vostede considera que a situación na que se atopa este CEIP garante o dereito do alumnado a unha educación pública de calidade. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Antes de darlle a palabra ao conselleiro, permítanme que saúde os alumnos —ademais teñen que marchar xa, que se lles fixo tarde— de quinto e sexto de primaria do centro de Seara, en Moaña. Benvidos ao Parlamento, e tamén as súas profesoras e profesores. Grazas por visitarnos.

E agora si. Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Eu tamén saúdo —tiven a oportunidade de facelo tamén no recreo— estes pequenos veciños e veciñas de Moaña.

Tamén quero agradecer, neste caso, ao Partido Socialista a pregunta porque, a verdade, aquí vemos o Partido Socialista en estado puro.

Primeiro, plantexa por escrito —e case o repetiu outra vez— dúas falsidades de base en toda a argumentación. Dixo literalmente que había falta de resposta, dixo literalmente que había abandono, e a verdade é que non é certo. Tamén hai, en certa medida, unha falsidade menor —unha falsidade, digamos, de menor intensidade—, que tamén creo que é importante dicir. Fala vostede de que no comedor e no ximnasio estivo practicamente todo inutilizado, que estiveron os alumnos e a comunidade educativa do centro practicamente abandonados durante moitísimos días, pero só houbo un día, tanto no comedor como no ximnasio, que estivese inhabilitado ese espazo; só un día, no ximnasio e no comedor.



Fala tamén de que non houbo unha resposta axeitada das institucións e que houbo un abandono institucional. Eu teño que contradicila, houbo unha boa coordinación. E teño que falar ben, neste caso, do Concello de Pontevedra, non nun aspecto concreto, pero si na coordinación que houbo dentro do Concello de Pontevedra no tocante a buscar unha solución a unha cuestión que creo que é absolutamente recorrente, debido fundamentalmente a unha cuestión na que estou seguro que nin vostede, dende a perspectiva política, nin eu tivemos responsabilidade, como foi a ubicación dunha serie de centros educativos nunha zona de inundación do dominio marítimo-terrestre, nesa grande área educativa que coñecemos como A Xunqueira, que, obviamente, o propio topónimo nos di que é unha zona inundable, que, cando coincide un pico de precipitacións cunha subida da marea, é unha zona francamente complexa desde a perspectiva do saneamento e desde a perspectiva de buscar solucións ás filtracións das augas.

Pero vostede plantexou que non se estaba facendo nada. De feito, tamén foi unha iniciativa do Partido Socialista ao pleno. Naquel pleno —ata onde puiden eu saber— foron bastante belixerantes coa Xunta e bastante suaves co Bloque Nacionalista Galego. Pero eu teño que dicir aquí neste caso que tivemos unha colaboración bastante axeitada e que vostedes, ao non gobernar obviamente en Pontevedra, intentan repartir culpas para ambos os lados e intentan poñerse nunha situación positiva. Pero, ben, creo que é bo síntoma que veñamos aquí responder, despois de ver un PSOE en estado puro, unha cuestión que está xa practicamente resolta e que demostra a coordinación que houbo neste asunto.

Non houbo improvisación, non houbo inacción; houbo coordinación co centro educativo, houbo información e transparencia coas familias e non houbo ningún tipo de abandono. Houbo, iso si, que poñer en marcha unha serie de medidas de xeito absolutamente inmediato para dar resposta a unha situación excepcional vencellada aos episodios climáticos...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): dos pasados días, que coincidiron, neste caso, cunha subida das mareas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, os traslados a ese espazo provisional do comedor e das actividades extraescolares aínda están vixentes agora; polo tanto, non foron un día ou dous. Neste momento, o comedor está nunha localización que non cumpre nin de lonxe as localizacións que ten que ter un comedor escolar.



E despois di vostede que se atou rápido. ¡Pero se levan anos reclamando melloras neste centro e unha reforma integral! Só reaccionaron vostedes porque caeu o teito, era un grave perigo. ¿E vostedes din que xa está case resolto? Non. Espero que a tubaxe esa que fixeron sexa unha solución provisional, porque iso non resolve nin de lonxe o problema das inundacións. Porque, como vostede ben di, A Xunqueira é unha zona inundable, porque se atopa a capa freática por enriba de da auga, e tamén están outros centros educativos. Polo tanto, é competencia da Xunta; vostede non siga botando balóns fóra, porque son os competentes. Iso é unha zona de uso educativo, e o que teñen que facer é unha reforma integral. Nós, dende o Grupo Socialista, é o que lle pedimos, para axudar estas familias a solventar este problema, porque eses terreos foron cedidos á Consellería.

Polo tanto, en definitiva —quero que me dea tempo a rematar—, deixe vostede de escorrer o vulto; as competencias son da Xunta de Galicia. Teñen que actuar con responsabilidade e executar con carácter prioritario unha rehabilitación integral do CEIP A Xunqueira 1, que non pasa por unha tubaxe, porque xa verá vostede, cando veñan novamente choivas de forma sucesiva, como non vai resolver o problema. Polo tanto, como mínimo, deberían vostedes encargar un estudo técnico, que pasaría por solucións como a de elevar a cota do edificio ou do patio para garantir a súa drenaxe efectiva e así poder evitar as inundacións. E teñen que facer outras actuacións con carácter urxente, como, por exemplo, a reparación da cuberta e outras dependencias que están moi deterioradas, porque o alumnado non pode seguir agardando.

Vostedes non poden seguir escorrendo o vulto e non poden —como dixo o outro día o delegado territorial de Educación— dicir que a Xunta non ten diñeiro para facer unha obra de reparación integral. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Señoría, aquí eu creo que hai un dobre perfil para a súa resposta: unha resposta dunha perspectiva puramente técnica e unha resposta dunha perspectiva máis política.

Desde a perspectiva técnica, vostede dixo aquí que as competencias son da Xunta. Home, a drenaxe, o saneamento, o dominio público marítimo-terrestre, ata hai moi pouco tempo, eran competencia do Estado e do Concello. Porque, ¿non me dirá vostede que a drenaxe e o saneamento nunha zona urbana consolidada é competencia da Xunta? ¿Logo os concellos para que existen?, ¿non existen para nada os concellos? Francamente esa é resposta técnica.

A resposta máis política ten que ver coa dobre moral que vostedes practican habitualmente. Vostede fala tamén de que houbo unha inundación. ¿Sabe por que houbo unha inundación? Porque houbo un canlón atascado. Cando hai un canlón atascado é que non hai mantemento, e cando non hai mantemento é competencia do Concello. (*Aplausos.*) Eu dixen que ía falar ben do Bloque, e falei ben dunha cousa e falei mal doutra, porque aí o fixo mal, aí non lim-



pou. Debe ser a que os canlóns non hai que limpalos, que non é competencia dos concellos limpar os canlóns.

E, despois, vostede fala de que é unha solución provisional. Mire, eu teño aquí unha fotografía da tubaxe que se puxo en marcha (*O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez González, amosa unha fotografía.*) dentro do recinto escolar, pero esta tubaxe ten que conectar fóra cunha drenaxe municipal. Ata onde sabemos, está o Concello para facelo, e iso é o que vai posibilitar, xunto cun perímetro que se fai do edificio, sacar as augas cando hai unha preamar moi alta ou hai un episodio de chuvias moi potentes.

Vostede fará —insisto— tamén a dobre moral habitual de vostedes —e aquí entra xa a resposta política—, que sempre din: é que hai que facer, hai que facer, hai que facer, hai que facer nos centros educativos. Vostede, a súa formación política, votou en contra nesta casa, nesta Cámara, dunha iniciativa que era reclamar ao Ministerio, ao Goberno do señor Sánchez, a posta en marcha dun plan nacional para mellorar as infraestruturas educativas. Votaron en contra, ¿ou non?, nun momento en que, segundo vostedes, lle sobra o diñeiro, «*Le iba a salir el dinero por las orejas*», como dixera a súa portavoz. Votaron «non» a iso, votaron que non tamén a reducir o IVE das construcións, pero despois teñen toda a desfachatez de chegar aquí e dicir: ¡é que falta isto, falta aquilo!

E, despois, por suposto, confunden ou confúndese, non sei se voluntariamente ou involuntariamente. Se o fan voluntariamente, é ignorancia; se o fan non sendo voluntariamente, é mala fe, porque dicir que todas as competencias que se poden usar para poder sanear ese espazo son da Xunta é unha auténtica falsidade, unha auténtica falsidade.

En todo caso, os traballos pactados polo Concello e pola Xunta, pactados tamén co centro, estanse executando. Xa ensinei esa tubaxe á que vostede non lle dá ningunha importancia. Pois mire, esta tubaxe vai solucionar a problemática. ¡Home, eu creo que mellor é como di vostede: coller o edificio, meterlle por debaixo un gato hidráulico e levantalo para arriba! Esa é a teoría que propón vostede para facer unha solución total dese ámbito.

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Señoría, teña máis rigor e utilice menos a práctica habitual de calquera socialista, que é a dobre moral. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de dona Paloma Castro Rey, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego en relación coas políticas de prevención fronte á desinformación e ao espallamento dos discursos de odio por razón de xénero

O PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.



A Lei de violencia de xénero non serve porque seguen morrendo mulleres. Falso. Tamén existen delitos, e non por iso anulamos o Código penal. Hai accidentes de tráfico, e non derrogamos a Lei de seguridade viaria. As leis non eliminan os crimes, pero son ferramentas imprescindibles para previlos, perseguilos e protexer as vítimas.

Ela fala, e eu vou ao cárcere. Falso. Non, nun Estado de dereito ningunha condena se produce sen probas nin garantías. As medidas cautelares e as sentenzas baséanse en feitos acreditados tras un procedemento xudicial con todas as garantías.

A Lei contra a violencia de xénero criminaliza os homes. Falso. A Lei non di que todos os homes maltratan, do mesmo xeito que as leis contra a xenofobia non criminalizan as persoas brancas. O que combate é unha ferramenta específica de violencia; non unha identidade.

Hai denuncias falsas masivas, homes asasinados ocultos ou suicidios silenciados. Falso. Os datos oficiais amosan que as denuncias falsas representan unha porcentaxe mínima, e repetir unha mentira mil veces non a converte en verdade.

E esta si que a sabe: a lei do só si é si deixou miles de violadores na rúa. Falso. Esta lei cumpre co Convenio de Istambul, pon o foco no consentimento e reforza a protección das vítimas de agresión sexual. O que houbo foi unha revisión de condenas derivada dunha nova tipificación penal que xera unhas interpretacións xudiciais diferentes e que foi corrixida pouco despois da súa entrada en vigor. Non existiu ningunha liberación masiva nin ningunha intención de favorecer os agresores.

E así, señora conselleira —bo día—, podería seguir, pero non me daría tempo nesta pregunta, porque, titular tras titular, se está a construír un relato que busca erosionar a confianza nas políticas de igualdade e no propio sistema democrático. Hoxe, (*A deputada Paloma Castro Rey amosa un documento.*) *La Voz de Galicia* di: «Dous de cada tres adolescentes varóns repudian o feminismo». Eu dígolle que vostede sabe que esta proliferación de contidos falsos e manipulados no ámbito dixital está a constituír unha ameaza real para a igualdade das mulleres e os homes. Isto é un dato obxectivo, xa que diversos estudos europeos evidencian que unha parte significativa da desinformación en Internet constrúe discursos que prexudican a imaxe das mulleres, cuestionan o feminismo e banalizan ou negan a violencia de xénero.

A falta de desmentidos e a viralidade das redes sociais favorecen a creación de auténticos ciberguetos antifeministas, onde os prexuízos se retroalimentan. O máis preocupante é que estes discursos atopan nas redes o seu oco diante da mocidade.

Por iso, a resposta non pode ser só reactiva, non chega con desmentir; é necesaria unha estratexia integral baseada, para nós, en tres piares básicos: a educación e alfabetización mediática, para que os nenos e nenas aprendan a identificar fontes fiables, detectar manipulacións e exercer pensamento crítico; a formación para os profesores e as familias, dotándoos de ferramentas para acompañar a infancia e a adolescencia no uso responsable das redes; as campañas publicitarias de sensibilización, e, sobre todo, un elemento esencial, señora conselleira, que é a educación afectivo-sexual: educar en igualdade, ensinar a cons-



truír relacións baseadas no respecto, no consentimento, na empatía e na corresponsabilidade. Vostedes comprometéronse hai case dous anos e aínda non cumpren. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas presidente.

Deputadas e deputados, moi bos días de novo.

Señora Castro, comparto a súa preocupación polo impacto que poden ter a desinformación de xénero e os discursos de odio que afectan a igualdade de mulleres e homes. Estamos ante un fenómeno complexo —como vostede ben sabe— que obviamente require dunha resposta coordinada e dunha resposta transversal das administracións públicas, pero tamén unha resposta coordinada de todo o conxunto da sociedade.

Para paliar este fenómeno, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo dende hai anos diferentes actuacións no ámbito da igualdade, da educación, da sensibilización social que buscan precisamente incidir na prevención de todos estes discursos. Entre elas destacan as iniciativas formativas e as campañas de sensibilización que ten en marcha nestes momentos a Xunta de Galicia e que están especialmente dirixidas a toda a mocidade, pero, así mesmo, traballamos en colaboración con outras institucións, con entidades sociais, precisamente para detectar e para poder combater a difusión de contidos que promovan a discriminación.

Eu quero destacar hoxe o importante traballo que realizan neste sentido os centros Quérote+, que no 2025 chegou a máis de vinte e tres mil mozos e mozas a través de obradoiros de promoción da igualdade e tamén da prevención da violencia. Fixemos preto de quíntas actividades en 187 centros educativos, así como formacións para todo o profesorado. Pero, ademais, levamos a 50 institutos de Galicia a iniciativa «O machismo é violencia», coa voz real dunha vítima de violencia de xénero que fixo espertar moitas conciencias.

Mire, no ámbito das redes sociais, estamos ultimando —como vostede ben sabe— o texto da futura Lei de acoso e violencia dixital, que, como saben, é unha norma transversal que ofrecerá pautas claras de actuación no mundo online e que, ademais, recollerá as novas formas de violencia que se están detectando no ámbito das redes. Neste texto, por suposto, teremos moi en conta as propostas das entidades sociais que traballan directamente neste ámbito.

Polo tanto, señora Castro, levamos moito camiño percorrido, pero tamén somos conscientes de que aínda queda moito camiño por andar e, por iso, queremos centrar todos os nosos esforzos na xente moza, na súa concienciación e, por suposto, sempre na sensibilización de toda a sociedade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señora conselleira, levan case dous anos sen cumprir o mandato parlamentario de incluír a educación afectivo-sexual nos proxectos curriculares dos centros de ensinanza obrigatoria, o cal aprobamos en Pleno por unanimidade. É un instrumento esencial para corrixir a conduta da nosa mocidade.

Como lle dicía antes, fronte aos bulos, están os datos. E os datos demostrannos que a fenda salarial roza o 16 por cento en Galicia, que o 83 por cento das mulleres recoñecen ter medo cando volven a casa soas pola noite ou que o 14,5 por cento das mulleres residentes en España de dezaseis ou máis anos sufriron violencia sexual. Demostrannos que a carreira investigadora nas universidades é paritaria pero que só unha de cada catro mulleres chega a ser catedrática, que só o 23 por cento das persoas federadas en Galicia son mulleres, que unha de cada tres mulleres con discapacidade está en risco de pobreza, que un 60 por cento das tarefas domésticas recae nas mulleres, que as mulleres solicitan case o 90 por cento das excedencias por coidado, ou que o teito de cristal existe: menos do 3 por cento das CEO son mulleres e só o 29 por cento dos postos directivos ou de consellos son femininos.

Podería seguir horas dando datos obxectivos, pero non me daría tempo. Polo tanto, dígolle seriamente que, se non defendemos a igualdade hoxe, mañá teremos que explicar por que retrocedemos. E agora, ás portas do 8M, os demócratas non podemos consentir que medren mensaxes que cuestionan dereitos básicos das mulleres e que banalizan a violencia machista.

As redes sociais están para amplificar eses discursos e, polo tanto, necesitamos unha política seria para frealos. Ante os bulos, educación en igualdade —como lle dicía— e axenda feminista. E, se o machismo se organiza nas redes, a democracia ten que responder con máis igualdade. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Política Social e Igualdade.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Castro, certamente son moi preocupantes os datos do informe extraído do Injuve no ano 2024, que poñen precisamente o foco en que o apoio ao feminismo entre os mozos e as mozas a nivel nacional caeu. Pero hai outros datos tamén —seguro que vostede os coñece— que son menos catastrofistas, como que a nosa comunidade, segundo o Ministerio de Interior, ten a terceira taxa máis baixa de delitos por odio, co 2,85 por cento.



Pero mire, volvendo a estatística do Injuve, curiosamente, os datos comezan a mudar para mal no ano 2019, precisamente coincidindo coa chegada dun goberno do Partido Socialista, que se definía como o máis feminista da historia de España. Mire, son moitos e son moi variados os malos exemplos dados polo Goberno do señor Pedro Sánchez. Unha longa, longuíssima lista na que están Ábalos, Koldo, Salazar, o director adxunto operativo da Policía Nacional, e máis preto de aquí seguro que tamén lle soa o caso Tomé. *(Aplausos.) (Murmuros.)* Señora Castro, o feminismo institucional non pode quedar reducido —como vostede sabe— a campañas, a consignas ou a lexislación simbólica, senón que exige de exemplaridade, de transparencia e de responsabilidade política, e eses malos exemplos que lle acabo de citar teñen un efecto significativo e negativo na percepción da mocidade sobre a igualdade.

Dende a Xunta de Galicia, pola contra, estamos traballando e tomando medidas tanto formativas como de sensibilización, e tamén a nivel lexislativo. Falo desa Lei de violencia dixital que estamos ultimando, pero tamén falo do Plan de benestar dixital para o uso seguro das tecnoloxías entre as familias nos distintos centros educativos. Falo de medidas concretas; non dos anuncios do señor Pedro Sánchez sobre a prohibición do uso das redes sociais para menores de dezaseis anos, ao cal xa Europa lle respondeu: iso é cousa nosa.

En todo caso, sabemos que este fenómeno evoluciona de forma moi rápida, polo que seguiremos estudando novas medidas que permitan sempre reforzar a prevención na desinformación e nos discursos de odio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Alteración da orde do día

O PRESIDENTE: Procedemos agora ao debate acumulado de dúas preguntas: a 7.6 e a 7.7.

Pregunta dos deputados Daniel Castro García e Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a variante de Viveiro e o proxecto da vía de alta capacidade Costa Norte

Pregunta da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de retomar o proxecto inicial da vía de alta capacidade Costa Norte en Viveiro

O PRESIDENTE: Formula en primeiro lugar a pregunta Daniel Castro, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

DANIEL CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día, conselleira.



Eu voulle facer unha pregunta: non sei se viu vostede a película *Bienvenido, míster Marshall*. A min gustoume, ¿eh?, pero, máis alá de opinións ou gustos cinematográficos, creo que serve moi ben para retratar así o concepto..., como se concibe a política moitas veces; ese xeito de concibir a poboación como algo servil, ese xeito de ver o caciquismo, de pensar o traballo político como que lle fas un favorciño á xente, e nada máis.

E comezo por aquí, porque eu creo que o pasado 23 de decembro chegaron vostedes a Viveiro coas ínfulas dos americanos que aparecían nesta película. Pero, ¿que pasou? Pasou que na Mariña non che somos como a xente de Villar del Río; sómosche diferentes e non recibimos con aplausos, vítores e apertas aqueles que levan 25 anos sen mover un dedo pola VAC Costa Norte, e que, aínda encima, queren facer crer á xente da Mariña que cunha estrada convencional chega. (Aplausos.) Porque, ademais, son moitos anos —non ten vostede culpa en moitos dos anos, porque isto xa vén de moi lonxe—.

Xa non vou entrar nas promesas: en 2007 ía estar lista, no ano 2011, logo no ano 2014, logo no ano 2017, agora estamos así... Imos deixar iso atrás. Pero aínda tiveron o valor de plantarse en Viveiro, no Nadal, *por todo lo alto*, carpa incluída ademais —moi bonita—, dicindo que en 2028 se ía comezar a construír esta estrada convencional sinuosa, sen posibilidade de desdoblamento e que, aínda por riba, casualmente, só contempla unha cuarta parte do orzamento inicialmente previsto.

Pero, ¿que pasou? Que non convenceron ninguén, e desde ese 23 de decembro non volveron falar do tema. E eu do pouco que aprendín da política galega é que se o PP fai algo, antes de facelo, véndechos vinte veces antes, e faino de marabilla. Pero, casualmente, deste tema levan dous meses sen falar, e saben que isto que puxeron enriba da mesa á xente non lle gustou.

Entón, xa vou ser directo, xa lle quero preguntar directamente: ¿van enterrar —como parece— o proxecto da VAC Costa Norte para sempre?, ¿van querer contentar a xente cunha estrada normalíña que, en palabras de Rueda, se vai todo ben —se vai todo ben—, comezará a construírse en 2028? ¿Estanos a dicir o PP que o que anunciou en 2001 vai rematar en 2026 con quince quilómetros, feitos por outro Goberno ademais? ¿Vai rematar esta triste historia así? ¿Tan pouco, de verdade, lle queren á Mariña? É fácil a resposta.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Formula agora a pregunta dona Lara Méndez, do Grupo Parlamentario Socialista.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi bo día, conselleira.

Como dicía o portavoz do BNG, o 23 de decembro ía o señor Rueda a Viveiro falar desta proposta da VAC Norte. Eu, como era o día seguinte da lotería, pensei: chegou o gordo por fin. Pero nin gordo, nin pedrea, nin reintegro, porque non quedan nin como estaban, señora



conselleira, para facer os oitenta quilómetros que unen Ferrol e San Cibrao. Hai que recordar tamén por que estamos falando dunha VAC: porque o señor Fraga decidiu que o Cantábrico pasaba por Vilalba e desviou por alí a A-8. Daranos moito que falar estes días o señor Fraga, polo que estamos vendo xa nos teletipos.

O que fixo foi deixar unhas comarcas, a Mariña Occidental e a comarca de Ortegal, totalmente illadas, e van 25 anos. E eu pensei: pois logo de 25 anos dende o anuncio, logo de 22 anos de goberno do Partido Socialista e logo dunha moción de censura *fake* para botar a que era a alcaldesa, María Loureiro, e outros compañeiros, entre eles Suso Fernández, que nos acompañan hoxe e aos que lles damos as grazas por estar aquí novamente, pois pensamos que por fin vai, pero non, non vai. O que fixo foi mentir aos veciños e veciñas de Viveiro e da comarca. Non teño claro se tamén mentiu a Por Viveiro, se foi enganado ou cómplice, pero a alcaldesa *fake* firmou esa moción e dixo que ía desbloquear a VAC. E, ¿que dixo o señor Rueda? Que non. O que dixo o señor Rueda foi que renunciaba á VAC e que, en vez de facer unha vía de altas capacidades, ía facer unha pista asfaltada —iso si, unha pista nova; ímoslle botar asfalto para facer unha pista nova en vez de facer a VAC—, porque a VAC tiña unha lonxitude de 18,86 quilómetros e a pista asfaltada vai ter 10,45 quilómetros, e o orzamento que tiña a VAC era de 254,17 millóns e a pista asfaltada vai ter 62,68 millóns. É dicir, case nove quilómetros menos e máis de 190 millóns de euros menos que lle van dedicar a esa nova infraestrutura que van realizar. Para percorrer case dezanove quilómetros, íase estimar un tempo de 11,5 minutos; para percorrer a metade —algo máis de dez quilómetros— vanse dedicar case dez minutos. E que nin en tempo compensa, señora conselleira; nin en tempo compensa.

Anos de negativas, de ninguneo e de non querer recibir nin a Melchor Roel no seu día, nin a María Loureiro. Polo tanto, a pregunta é: ¿van retomar o proxecto tan necesario para Viveiro e para a súa comarca...

O PRESIDENTE: Grazas.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...e para os veciños do concello? (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, presidente.

Señor Castro e señora Méndez, non se trabuquen. Nós, no Executivo galego, temos moi clara cal é a nosa folla de ruta, como temos que traballar, e, en materia de infraestruturas, por suposto, esa folla de ruta pasa por seguir a vertebrar a nosa Galicia con estradas que cada vez conecten máis, máis competitivas e que sexan cada vez máis seguras.

Esa folla de ruta que estamos a aplicar con rigor e con sentidiño —porque é importante ter sentidiño— estámola facendo porque temos orzamentos, porque sen orzamentos é imposible facer novas infraestruturas. Aquí, como temos orzamentos, estamos a facer novas in-



fraestruturas. Os orzamentos da Xunta de Galicia para a Axencia Galega de Infraestruturas deste ano 2026 son de 263 millóns de euros. Estes orzamentos, por suposto, recollen partidas moi importantes para conservar e manter as nosas estradas —porque hai que conservar e manter as nosas estradas—, de preto de 72 millóns de euros, e tamén partidas para incrementar os quilómetros de vías autonómicas. Aquí vai o incremento de quilómetros de vías de altas prestacións e tamén de variantes. Por exemplo, esta mesma semana acabamos de expoñer a variante de Ordes, que xa está a información pública.

Pois ben, por suposto, nesta folla de ruta non esquecemos nin por un minuto A Mariña Lucense, e dicímolo con feitos; non con propaganda e con fume. E cando falo de feitos, señor Castro, falo de feitos, porque foi este executivo galego, e non o Bipartito, quen puxo en funcionamento a variante de Ortigueira; foi este Executivo galego, e non o Bipartito, quen puxo en funcionamento o treito Celeiro–San Cibrao. Estamos a falar de 100 millóns de euros de investimento que claramente supuxeron un antes e un despois. Fomos tamén neste executivo galego quen, contactando cos alcaldes das comarcas de Ferrolterra, de Ortegal e da Mariña, coordinamos unha mellora substancial das nosas infraestruturas, tanto na costa norte da Coruña como na costa norte de Lugo.

Estamos executando, de feito, algunhas delas e temos xa rematadas outras. Así, por exemplo, en canto á AC-862, que saberán moi ben que conecta Ferrol co Vicedo, fixemos xa unha primeira fase entre San Sadurniño e Cedeira, e o ano pasado rematamos a segunda fase entre Cedeira e Ortigueira. Foron máis de catorce millóns de euros de investimento para esta mellora substancial.

Pero tamén, por suposto, na costa da provincia de Lugo. Saben que estamos a traballar na LU-540, que conecta a capital lucense con Viveiro. Estamos a traballar nunha primeira fase de máis de 8 millóns de euros, de 8,2 millóns de euros, entre Viveiro e Ourol, que remataremos este ano, e estamos xa traballando..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —si, remataremos este ano—, estamos xa traballando entre Ourol e Cabreiros para conectar así coa AG-64. En total, serán 15 millóns de euros de investimento nesta LU-540. E non estamos a falar simplemente de reforzos de firme —que, por suposto, tamén—; estamos a falar de actuacións que rectifican e reducen curvas ou de actuacións que crean terceiros carrís que permiten reducir tempo percorrido nos vehículos e mellorar a seguridade viaria.

En total, son 40 millóns de euros os que temos investido nestes últimos anos na costa norte de Lugo. E si, malia que lle pese, por suposto que realizaremos a variante de Viveiro. E digo que malia que lle pese porque, cando se teñen que facer as cousas, téñense que facer cando sexan viables dende un punto de vista técnico, tendo en conta a orografía do terreo, porque me imaxino que saberán que alí a orografía do terreo é moi accidentada; e tamén se teñen que facer cando sexan viables dende un punto de vista medioambiental, porque aí hai un forte impacto ambiental e patrimonial.

Polo tanto, temos que escoller aquela opción que teña menor impacto ambiental, que é como estamos a facer as cousas, e, unha vez baralladas todas as alternativas que hai —e que houbo, porque moitas delas quero recordar que foron desbotadas por anteriores corporacións locais—, temos a alternativa dunha variante funcional —despois explicareille o que significa funcional e



por que se fai — que é viable, dende un punto de vista técnico, pola orografía do terreo e que ten menos impacto ambiental. Estamos a falar dunha primeira fase, da parte máis primordial, que é a parte leste, que é de 6,2 quilómetros de percorrido. Son 38 millóns de euros para eses 6,2 quilómetros. Se 6,2 quilómetros, 38 millóns de euros, lle parece pouco, menos mal que non están gobernando vostedes, señoría, *(Aplausos.)* porque isto é unha tomadura de pelo.

Nós, por suposto, cando facemos as actuacións, son planificadas, contando coa Corporación Local e contando cos beneficios da veciñanza. Neste momento, a actuación primordial é retirar todo ese tráfico que discorre polo concello de Viveiro a diario, diminuír o ruído e diminuír a contaminación cunha alternativa que sexa viable técnica e funcionalmente. Chámame poderosamente a atención, aínda que xa non tanto, que a critiquen porque nin sequera a coñecen con detalle.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Castro.

DANIEL CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Vouna corrixir, señora Méndez: de *fake* non tivo nada, foi moi real, ¿eh?; foi moi real esa moción de censura, e eu non sei para que a fixeron. Ao final, ¿para que serviu ese cambalaché?, porque o centro de saúde segue estando como está, coa VAC Costa Norte xa sabemos o que pasa, o xulgado segue estando como está en Viveiro... ¿Que pasa? Que queren ter os seus. ¿Para que, por exemplo? Para que haxa un goberno en máis de vinte anos que lle acepte esta absoluta vergonza. *(Aplausos.)* ¡Porque non é casualidade! Non creo que sexa casualidade que, en máis de vinte anos de gobernos de distinta cor do Partido Popular, chegue o PP e, en sete meses, de repente, se resolva este problema cunha VAC Costa Norte que, de repente, pasa a ser unha estrada convencional; debe ser tamén moi casual. Ao mellor, debe ser o único goberno que lles aceptaría isto, e teñen que facelo antes das próximas eleccións do ano 2027. Pode que vaian por aí os tiros.

E que me fale de viabilidade... Home, se estivésemos agora mesmo en 2003, pois aínda lle compraba o da viabilidade. Vale, imos estudar outros proxectos... Pero estamos en 2026 xa; non me pode falar de viabilidade 25 anos despois.

Ben. Máis preguntas: ¿que vai pasar co resto de quilómetros da VAC? Porque a VAC non remata aquí. Comezamos en 2001 e a VAC non remata aí en Viveiro; segue ata O Vicedo e de aí adiante cara a Ortegal. ¿Vana enterrar xa definitivamente? Non sei.

E xa por resumilo: isto comezou cunha autovía que ía facer Aznar, despois pasou a ser unha vía de alta capacidade que ía facer Fraga, e agora é unha estrada convencional que vai facer Rueda. Como din os veciños de Viveiro: ¿en que vai acabar isto? ¿Nun carreiro?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Méndez

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Mire, señora conselleira, paréceme unha falta de respecto total e absoluta que dedique os primeiros minutos da súa intervención a sacar peito de que teñen orzamentos e de todo o que investiron, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* máxime... ¡Tranquilos, tranquilos!, ¡tranquilos...!, *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* porque os orzamentos non só hai que aprobalos; hai que executalos. *(Aplausos.)* ¿Saben o que é iso?, porque a VAC de Viveiro leva presupostada dez anos, ¡dez anos, señora conselleira! Que vostede acabe de chegar non significa que se resetee, xa llo temos dito moitas veces. Dez anos leva nos orzamentos e, polo tanto, non só hai que contemplalo; hai que executalo. É unha tomadura de pelo a todos os veciños e veciñas de Viveiro, empezando *(A deputada Lara Méndez López sinala a tribuna.)* pola súa exalcaldesa, pero seguindo tamén polos veciños da comarca, da comarca da Mariña e da comarca de Ortegal. É unha tomadura de pelo que dedique eses primeiros minutos a falar dos orzamentos e de todo o que levan executado. ¡Só faltaría tamén que non investisen en mantemento, só faltaría!, *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pero o da VAC é unha tomadura de pelo.

E fala vostede tamén de rigor e de sentidiño, señora conselleira, despois de que a Xunta de Galicia obrigase o Concello de Viveiro a incluír no Plan xeral de ordenación municipal ese trazado da VAC. Primeiro, obrígaos a metelo no Plan xeral, e despois dille que iso non vai ser así. E xa non queremos entrar hoxe —que ao mellor haberá que entrar máis adiante— no alcance legal que pode supoñer o desenvolvemento dese Plan xeral con ese trazado incluído ao que lle obrigou a Xunta de Galicia para despois vir aquí e dicirle que de VAC nada, que van facer unha pista asfaltada. Vén vostede aquí sacar peito de 38 millóns, cando lle acabo de dicir na anterior intervención que deixan de executar, sobre o que estaba previsto, máis de cento noventa millóns de euros, *(Aplausos.)* señora conselleira, ¡máis de cento noventa millóns de euros!

Polo tanto, o Partido Popular, co señor Rueda á cabeza, vai renunciar á VAC, pero vai renunciar...

O PRESIDENTE: Grazas.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...tamén a unha mobilidade real e a unha dinamización...

O PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas, grazas.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...de toda unha comarca... *(A deputada Lara Méndez López pronuncia palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, señor presidente.



Señor Castro.

Señora Méndez, espero non enfadarme tanto coma vostede, porque (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a verdade é que non... Imos ver, chama... Ía dicir que me chama a atención a carga crítica das súas palabras, pero é que tristemente xa non me chama a atención, porque a calquera cousa que fagamos sistematicamente a súa resposta é «non», (*Aplausos.*) e nós sempre actuamos en beneficio dos veciños e das veciñas. (*Murmurios.*)

Miren, señora Méndez e señor Castro, quizais o que pasa é que lles molesta que, dende o Executivo Galego, traballamos, porque é o que estamos a facer: traballar. (*Murmurios.*) E quizais o que lles moleste é a inoperancia dun Goberno central que está a ningunear a nosa comunidade autónoma, sobre todo en materia de infraestruturas e mobilidade. ¡Non veña aquí dar leccións de nada, (*Aplausos.*) señora Méndez! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, a variante de Viveiro non se fai cun lapis collendo e trazando unha liña nun mapa; fana os enxeñeiros de camiños e expertos técnicos despois de ver as variantes posibles e cal é a mellor alternativa. E esta variante de Viveiro vai supor un antes e un despois para o concello de Viveiro e para a súa comarca.

Terá dous tramos: un tramo oeste e un tramo leste. O tramo leste rematará en Celeiro, onde supostamente ten que chegar esa A-74 —que, por certo, nin o Bloque Nacionalista Galego nin o Partido Socialista Galego piden—, que leva comprometida polo Goberno central e nin sequera ten un só quilómetro feito. Pois ben, dicía que empezaremos pola zona leste —eses 6,2 quilómetros para eses 38 millóns de euros—. E, ¿por que? Porque funcionalmente é o necesario. Miren, ¿sabe cantos vehículos discorren ao día polo centro de Viveiro? Discorren 13.000 vehículos ao día, e a meirande parte deles son vehículos de longo percorrido que non terían que pasar por Viveiro, son vehículos pesados que van ao porto e que non terían que pasar por Viveiro se tivésemos esa variante. Por iso creamos esa variante.

Os estudos técnicos din que esa variante, agora deseñada, permitirá que, polo menos, un sesenta por cento dese tráfico vaia para esa variante. Estamos a falar de 7.000 vehículos ao día, que, por suposto, é moito, ¡pero non é tanto para facer unha variante que teña catro carrís! ¿E vostedes falan de medio ambiente? ¡Pero imos ver, ¿que están falando? (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estou falando da variante, estou falando da variante.

Entón, por suposto, nós seguiremos a actuar con sentidiño, con rigor, como temos que facer as cousas, con realidade. E, por suposto que si, claro, en dous meses, evidentemente, non dá tempo a traballar... Ogallá unha estrada se fixese en dous meses, ¡ogallá!, porque firmaría xa agora mesmo. Estamos traballando xa e, tal e como dixemos, nos vindeiros meses licitaremos a redacción do proxecto construtivo e someterémolo á avaliación de impacto ambiental, porque nesta lexislatura estará por suposto iniciada esa variante de Viveiro que desconxestionará o tráfico de Viveiro, que é a actuación principal e primordial que temos que facer agora. É unha actuación viable dende un punto de vista técnico, unha actuación viable dende un punto de vista económico, e unha actuación viable dende un punto de vista medioambiental, porque é o que temos que facer.



Miren, nós estamos traballando polas infraestruturas que necesita Galicia, nós estamos traballando para vertebrar a nosa Galicia; non por debates políticos estériles que non chegan a ningún sitio, e, por suposto, tanto a alcaldesa actual como a anterior alcaldesa, María Loureiro —e sábeo moi ben, se está aquí presente—, saben que non teño ningún problema en recibir todo o mundo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta das deputadas Noa Olalla Presas Bergantiños e María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a construción e posta en marcha do novo centro de saúde do Carballiño

O PRESIDENTE: Ten a palabra dona Noa Presas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Señor conselleiro, ¿sabe que é isto?, (*A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños amosa un documento.*) ¿sóalle? ¿Non? Explícollo eu. É unha estación de autobuses, é a estación de autobuses do Carballiño. Supoño que sabe por que lle ensino ao conselleiro de Sanidade a estación de buses do Carballiño... Di que non coa cabeza e déixame aínda máis preocupada do que cheguei a facer esta pregunta.

Ensínolla porque o seu goberno, o Goberno do Partido Popular, prometeu hai catro anos facer aquí, nesta estación de autobuses, (*A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños amosa un documento.*) o novo centro de saúde do Carballiño para dar cobertura a máis de vinte e cinco mil persoas de toda a bisbarra, para cumprir un agravio histórico e unha necesidade. Hoxe esta estación de buses, que xa ten o cambio de solo autorizado, segue en pé; nin sequera a derruíu o seu goberno. Esa é a mellor metáfora dos seus incumprimentos coa sanidade pública do Carballiño. (*Aplausos.*)

Primeiro, estiveron anos negando a necesidade dun novo centro de saúde para o Carballiño, cando sabe perfectamente que o actual está obsoleto, é un edificio vello, non é accesible, ten moitos problemas de infraestrutura e de espazos. Despois estiveron anos enredando con que irían uns técnicos da Xunta até que por fin foron —deberon ir peregrinando desde Santiago de Compostela— e determinaron que evidentemente non se podía rehabilitar, que había que facer un centro de saúde de novo. E no ano 2021, por fin, rectificaron —aparentemente entraba o sentidiño común do que tanto falan na Xunta de Galiza— e comprometeron un novo centro de saúde. Iso si, hoxe, os orzamentos de 2026 non teñen sequera unha partida específica.

Así as cousas —é certo que houbo que facer cambios urbanísticos, como o que eu mencionaba, pero iso está rematado xa desde o mes de outubro—, hoxe a xente está farta; está farta de non ter novidades, de non ter prazos e de seguir cun centro de saúde de segundas, cando sabe perfectamente a xente e saben perfectamente vostedes que O Carballiño precisa un novo centro de saúde e tamén un reforzo da atención primaria, porque durante anos a promesa



dun futuro centro foi a coartada para non facer melloras no actual e para non dotar de máis servizos, pero cada vez hai menos. Hoxe no centro de saúde do Carballiño o persoal sae espantado pola política laboral da área sanitaria de Ourense. No día de hoxe, seguen tendo enormes problemas de listas de agarda, como no resto do país, pero tamén teñen problemas engadidos: seguen sen recuperar o servizo de pediatría que tiñan, seguen sen pediatría pola tarde, seguen sen raios pola tarde... Un señor do Irixo cae hoxe pola tarde, necesita unha placa, e ten que ir até Ourense porque non está funcionando realmente isto como PAC. Tampouco se sabe nada da segunda matrona, e así un longo etcétera.

A conclusión é clara: a instalación é deficiente, cada vez hai menos servizos, e O Carballiño, que é a segunda vila máis poboada da zona de Ourense, que é unha comarca enormemente poboada, necesita un novo centro de saúde e necesita reforzar os servizos. Polo tanto, señor conselleiro, ¿cando e como o van facer? (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señora deputada, agradézolle que me pregunten vostedes polo novo Centro Integral de Saúde do Carballiño, porque me ofrece a oportunidade de informar aos veciños dos avances nesa nova infraestrutura que, sen dúbida, suporá unha mellora para a atención sanitaria, tanto para pacientes como para profesionais.

O actual centro de saúde —como xa se dixo— data do ano 1975, conta con 1.815 metros cadrados, e o certo é que foi quedando pequeno para as necesidades dunha poboación que é a segunda maior da provincia de Ourense. Conscientes desa situación, desde a Consellería de Sanidade planificamos a construción dun novo centro de saúde na localidade no Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria aprobado polo Consello da Xunta en outubro de 2021.

O compromiso da Xunta cos veciños do Carballiño é inequívoco e verificable. En outubro de 2023 formalizamos o convenio de colaboración co Concello para a construción dese centro. Este novo centro integral de saúde disporá de máis de catro mil quiñentos metros cadrados —máis do dobre que o actual—, con 22 consultas para adultos, área de Pediatría, área de saúde mental, área de atención bucodental, consultas de saúde da muller e tamén un punto de atención continuada. Polo tanto, será un centro de atención primaria máis amplo, máis moderno e tamén con mellores servizos.

Pero, señoría, para poder licitar o proxecto, o Servizo Galego de Saúde necesita dispor dos terreos, e isto é así. Os terreos do solar da antiga estación de autobuses requirían un proceso de modificación do Plan urbanístico municipal, un trámite que non está nas mans desta consellería, senón do Concello. Ese procedemento culminou —tamén se dixo aquí— o 16 de outubro de 2025 coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* da aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal do Carballiño.



E, señoría, claro que temos reservada a partida orzamentaria. Miren, nas contas da Xunta deste ano temos reservados 60 millóns para as infraestruturas sanitarias de atención primaria en xeral, para ir avanzando nos proxectos a medida que dispoñamos dos terreos necesarios e, por suposto, o do CIS do Carballiño é un dos proxectos nos que iremos avanzando. É máis, xa lle adianto que temos previsto licitar a redacción do proxecto do Centro Integral de Saúde do Carballiño neste primeiro semestre do ano. Polo tanto, avanzaremos no novo centro integral de saúde, ao igual que estamos a avanzar en novos centros de saúde da provincia, con obras xa iniciadas en Muíños e traballos previos en Boborás.

Os veciños do Carballiño poden estar seguros de que van ter un novo centro de saúde. Vai ser realidade e vai selo grazas ao traballo da Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Señor conselleiro, non está mal de todo que, por fin, dean un novo horizonte temporal. Estaremos vixiantes nós, igual que a sociedade do Carballiño, de que cumbran.

En todo caso, non nos valen as súas desculpas. Desde outubro, cando se solventou o problema dos terreos, puideron facer algo. É máis, había outras alternativas para a ubicación do centro.

Xa deixando ese debate á parte, o certo é que desde o 2021 estiveron mareando a perdiz por parte da Xunta —¡máis aínda, antes tamén!—, demorando os traballos técnicos para determinar se cabía a rehabilitación ou non do edificio. Foron vostedes os que fixeron unha promesa tras outra sen ser capaces de cumprila. ¿E sabe que? Os outros CIS que prometeron no ano 2021 están funcionando e están operativos, agás o da cidade de Ourense: o de Lugo funciona e existe —cos seus problemas, pero aí está—; o de Lalín, aí está; o de Vigo, igual. Todos cos seus problemas comúns de falta de persoal que ten a atención primaria grazas ás súas políticas da Xunta. O de Ourense e o do Carballiño non están porque esa é a política do Partido Popular con esta parte do país: incumplir máis aínda as súas promesas e incumplir máis aínda coa sanidade pública. (*Aplausos.*) Por iso, O Carballiño é a vila que máis queixas rexistrou á Valedora do Pobo; a veciñanza do Carballiño rexistrou máis de oito mil queixas á Valedora do Pobo pola situación que atravesamos o seu centro de saúde.

Polo tanto, eu hoxe pídolle tres cousas moi sinxelas: que paren de botar balóns fóra das súas responsabilidades políticas; en segundo lugar, que cumpran co prazo que acaban de anunciar; e, en terceiro lugar, sobre todo, que comprometa tamén hoxe aquí o reforzamento da atención primaria no Carballiño. Porque hai problemas de listas de espera, porque seguen sen recuperar o Servizo de Pediatría plenamente pese ás mobilizacións sociais, porque seguen sen ter pediatra de tarde, porque seguen sen ter raios pola tarde e porque seguen sen esa segunda matrona que tanto precisan. Ten agora a oportunidade de, por unha vez, cumprir co Carballiño.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señoría, o atraso —insisto— veu dado pola necesidade de modificar o plan urbanístico municipal para recualificar os terreos da antiga estación de autobuses e pola propia elección da parcela axeitada, e este é un trámite municipal. Polo tanto, nada de marear a perdiz. Esta consellaría non pode iniciar a licitación dun proxecto de obra pública sobre un terreo sen a cualificación axeitada. O DOG publicou a resolución definitiva da modificación necesaria en outubro do ano pasado e, desde entón, xa estamos mans á obra preparando o prego de licitación para a redacción do proxecto.

Pregunta polos prazos —xa llos dixen—: sacaremos a licitación neste primeiro semestre do ano —espero que quedase claro—, e o orzamento para a redacción do proxecto e dirección de obra do Centro Integral de Saúde do Carballiño será de 600.000 euros. Este futuro CIS do Carballiño mostra o noso claro compromiso cos 15.200 usuarios do Centro de Saúde do Carballiño e cos 23.500 que teñen o seu PAC de referencia.

O BNG goberna en moitos concellos de Galicia e coñece perfectamente as dificultades que xera a xestión de solo urbano. ¿Por que non falan vostedes do que ocorreu noutros concellos ou alcaldías do Bloque onde a cesión de terreos ou a modificación urbanística para centros sanitarios levou anos? ¿Lembramos O Morrazo? Aínda estamos pendentes de que o Concello de Cangas complete a modificación urbanística e ceda os terreos.

A Xunta leva anos demostrando que cumpre: nos últimos anos —xa foi dito aquí— puxemos en marcha o CIS de Lugo e o CIS de Lalín, e en marzo entrará en funcionamento o CIS Olimpia Valencia, en Vigo. O Carballiño non é nin será unha excepción. É a norma desta Xunta: compromiso, planificación e execución. O Centro Integral de Saúde será unha realidade.

Nós, señoría, cumprimos. A mellor mostra é que desde o ano 2009 construímos ou reformamos 138 centros de saúde en toda Galicia, cun investimento que supera os 172 millóns de euros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta da deputada María Elena Candia López e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os traballos de conservación que o Goberno galego leva a cabo na muralla de Lugo

O PRESIDENTE: Pregunta de dona María Elena Candia, do Grupo Parlamentario Popular.



MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día, conselleiro. Benvido novamente.

Como sabe, o pasado 9 de febreiro, sobre as 23.30, os lucenses sufriamos coa caída dun lenzo interior da nosa muralla, no contorno da rúa do Moucho. Esta nova encheunos de preocupación porque coñece, igual que eu, que a muralla de Lugo para os lucenses —e eu penso que tamén para os galegos— é moito máis que un monumento; é un signo de identidade, un elemento que nos protexeu e que nos segue a protexer, un monumento que nos abraza, senlleiro, único e integrante do patrimonio cultural de Galicia. Recentemente celebrabamos o vinte e cinco aniversario da súa declaración como patrimonio mundial da humanidade, e é propiedade da Xunta de Galicia, como vostede sabe.

Eu quería agradecer ás persoas que dunha maneira inmediata e áxil deron resposta a este triste incidente. En primeiro lugar, a Nacho López de Rego, que, coa súa profesionalidade, non só traballou, senón que fixo unha explicación didáctica e áxil para que todo o mundo entendésemos exactamente o que acababa de pasar. Despois, á Policía Local e ao persoal municipal que se achegou para protexer a contorna, á empresa que fai os traballos, ao delegado da Xunta, ao director xeral de Patrimonio, pero tamén moi especialmente a vostede, que se achegou de maneira inmediata e que nos trasladou esa mensaxe de tranquilidade e ese compromiso orzamentario para poder garantir a súa rehabilitación.

Pero, inevitablemente, e case de xeito inmediato, nos lucenses entraba o debate da conservación deste elemento —como dicía— tan emblemático: dos seus investimentos, do seu mantemento, da limpeza da súa vexetación; algo do que moitas veces nos custa entender os tempos, os prazos e o resultado.

Por iso hoxe quería facerlle esta pregunta e quería dirixirme a vostede como representante do Goberno galego da área responsable: ¿que balance fai o Goberno galego deses investimentos, desa limpeza, desa rehabilitación nun elemento patrimonial tan importante —eu sei— tanto para nós como para vostede?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): Moitísimas grazas, señor presidente.

Señora Candia, creo que é moi acaída a súa pregunta e, ademais, é digno de recoñecer ese mérito que vostede lles atribúe ás persoas que foron indispensables non só no feito que aconteceu neste mes de febreiro, senón tamén no traballo que se leva facendo dende hai moitos anos en relación coa muralla de Lugo.



Esta é unha cuestión que non debe pasar por un tema menor, porque creo que hai un compromiso claro xa non só pola parte das institucións e, por suposto, da Xunta de Galicia —é a propietaria, como ben apuntaba vostede, da muralla de Lugo—, senón tamén por toda a sociedade lucense. Ao final, este é un patrimonio común de todos os lucenses, de todos os galegos e de todas as galegas, non só por ser un elemento arquitectónico singular e único —é a única muralla romana que conserva todo o seu percorrido perimetral—, senón tamén pola excelente e extraordinaria integración non só dende o punto de vista patrimonial histórico, senón tamén dende o punto de vista urbanístico e social. Hoxe a muralla é un elemento fundamental na vida de todos os lucenses e por iso creo que é importante agradecer o traballo dos equipos técnicos, que levan feito un esforzo importantísimo para monitorizar e para facer ese plan director que nos permite, dende logo, ter en tempo real cal é a situación da muralla de Lugo e, sobre todo, ter a capacidade de poder actuar de xeito inmediato.

Este lamentable e triste suceso que aconteceu hai unhas semanas puxo a proba eses mecanismos, e creo que funcionaron de xeito extraordinario —como dicía vostede—, dende a resposta por parte da autoridade municipal —do Concello— e da Protección Civil e a Policía Local —creo que tiveron unha resposta inmediata— como tamén do propio equipo técnico, capitaneado por Ignacio López de Rego, que creo que estivo a pé de obra —nunca mellor dito— durante todo este proceso.

Sobre todo, menciono a inmediata intervención que nos vai obrigar —como preguntaba vostede— a facer un investimento xa inmediatamente de arredor de cento cincuenta mil euros. De feito, xa se fixeron os traballos de escavación. Teño que anunciarlles que —como se prevía— en cada un dos tramos da muralla apareceu o que se supoñía que podía haber, unha nova escaleira., que está sendo identificada estes días —temos xa parte da reportaxe da información—.

Polo tanto, o que faremos agora é recuperar e aproveitar esta situación para facer a recompilación de toda a documentación, facer un levantamento de todos os achádegos que aí temos e, a partir de aí, reconstruír tamén parte desa historia e aproveitar isto, dende logo, para continuar...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): ...Na segunda parte da pregunta contestareille cal é o programa de investimento que temos enriba da mesa coa muralla de Lugo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Candia.

MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Pois si, efectivamente; era urxente explicar como ían arranxar o acontecido en febreiro e ese era o obxectivo fundamental desta pregunta, pero non o máis importante.



Como lle dicía na primeira intervención —e reitero agora—, o que os lucenses queremos saber realmente é toda a planificación de futuro: os investimentos de futuro, o mantemento do futuro e esa limpeza de futuro, e como está na axenda do Goberno galego e da súa consellaría a preocupación e o compromiso con este elemento emblemático —insisto, digo «de Lugo», pero temos que dicir «de toda Galicia»—.

É obvio que a necesidade de todo iso require uns investimentos. Por iso, tamén lle agradezo que nos confirme e que nos manteña ese compromiso, na medida das súas posibilidades, sempre que nos mellore, porque, evidentemente, investir na muralla de Lugo é investir na historia da cidade, pero sobre todo na historia de Galicia. Investir na muralla de Lugo —estou convencida de que é o máis importante— é investir no futuro de Lugo. Por iso, contamos co seu compromiso, contamos co seu traballo e con que o siga facendo coa mesma dilixencia coa que se achegou o día 9 de febreiro, sempre que sexa necesario.

Oxalá non sexa por eses acontecementos, pero si para seguir anunciándonos melloras e investimentos neste elemento tan importante para a nosa cidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): Moitísimas grazas, señor presidente.

Señora Candia, creo que este é un elemento común —dicía vostede— non só de Lugo, senón de toda Galicia, e creo que todos coincidimos na importancia da súa preservación e do seu mantemento. Froito diso, voulle dar as cifras dos compromisos que a Xunta de Galicia, como titular da muralla de Lugo, ten feito nos últimos anos.

En primeiro lugar, quero facerlle un repaso das actuacións que se levan acometidas dende que a muralla foi recoñecida no ano 2000 como patrimonio da humanidade. Lévanse feito arredor de sesenta actuacións por un importe de 10 millóns de euros de investimento directo no que son os labores de mantemento e xestión da propia muralla. Entre elas, podemos destacar medidas como o control da fauna e da flora ou as actuacións de reparación e restauración na propia estrutura da muralla, pasando tamén polos labores de mellora e actualización da instalación de iluminación da muralla de Lugo. Estas son —digamos— as partidas máis destacadas dese investimento de, nada máis e nada menos, que 10 millóns de euros que leva investidos a Xunta de Galicia neste ben.

En segundo lugar, temos que acometer as actuacións inmediatas. Por tanto —como ben sabe vostede—, temos comprometido... A propia empresa xa está facendo os labores de reconstrución dese tramo do lenzo interior da muralla. Insisto, non é o tramo histórico; é un tramo recente, construído a principios do século XX, no que aproveitaremos para facer os labores de investigación que se están acometendo estes días, e inmediatamente procederemos á súa



reconstrución, que temos xa adxudicada por un importe de urxencia de 150.000 euros á empresa que está facendo as obras.

Posteriormente, de forma simultánea, estase traballando —e anunciamos xa— na aplicación dun contrato de 1 millón de euros para o exercicio 2026 e 2027 para continuar coas obras de conservación e mantemento desta infraestrutura, co que estamos cumprindo escrupulosamente o que está establecido no propio Plan director da muralla. Isto non é unha cuestión que se deixa á improvisación, senón que —como dicía vostede perfectamente antes— hai un traballo técnico exhaustivo e rigoroso que nos aconsella e que nos indica cal é o camiño que temos que seguir e cales son as accións que temos que acometer no ámbito da muralla, e que se está executando con total rigorosidade. Polo tanto, nestes dous anos 2026 e 2027, a Xunta de Galicia xa ten comprometida nos seus orzamentos esa cantidade de 1 millón de euros para as obras de conservación.

E, como última reflexión, tamén creo que é importante destacar que, así como a Xunta de Galicia coida, atende e preserva os seus bens, sería interesante que o resto das administracións, que tamén teñen bens declarados como Patrimonio Mundial ou como BIC, tamén fixesen...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): o mesmo, e que e asuman as obras de conservación do patrimonio, que é de todos os galegos.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta da deputada Noelia Pérez López e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as principais liñas de axudas que o Goberno galego ten actualmente en marcha para apoiar os traballadores e as traballadoras por conta propia

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Bos días, señor conselleiro.

Estou segura de que nada do que lle vou dicir vaille resultar alleo. Hai cambios constantes nos marcos regulatorios e, cada vez, máis obrigas administrativas; unha inflación disparada que encareceu alugueiros, subministracións e materias primas; unha reforma das cotizacións; un incremento de cotas; e subidas, subidas e subidas.

Cada vez que o Goberno central necesita cartos, sabe perfectamente onde atopalos: en persoas que están a arriscar o seu patrimonio persoal, que non teñen horario nin un salario garantido, que dan a cara todos os días, que manteñen vivo o noso territorio e que, no día de hoxe, están cansas de ser o caixeiro automático de Pedro Sánchez. E tamén están fartos de que algúns aquí —e non quero sinalar ninguén— sigan caladiños e aplaudindo en Madrid a quen lles está a meter a man no peto, día tras día; mansiños en Madrid, pero aquí bravos, chegando a cada pleno para repartir leccións ao Goberno galego.



Eu creo que identificou perfectamente de quen lle estou a falar, é dicir, dos autónomos galegos, os cales, se por isto fose pouco, aquí, en Galicia, tamén teñen que aturar os deputados do Partido Socialista de Galicia e os deputados do Bloque Nacionalista Galego, con mentiras e con verdades a medias, cuestionando o tecido produtivo, demonizando sectores estratégicos e xerando incerteza e dúbidas sobre proxectos que están a crear emprego.

E fronte a esta asfixia e fronte a esta crecente presión, tanto económica como normativa, do Goberno central e fronte ao ruído da bancada do «non», «non», «non» e «non» a todo, o Goberno galego elixiu outro camiño; elixiu a estabilidade, elixiu a planificación, o apoio directo, o acompañamento e as medidas concretas. En Galicia, e para o Goberno galego que dirixe ao presidente Rueda, os autónomos non son a hucha á cal hai que acudir, senón o motor que temos que protexer. Galicia optou por ser ese espazo de estabilidade, ese espazo de planificación e ese espazo de apoio real a quen está xerando emprego e riqueza no noso país. Para nós, os autónomos non son un problema; para nós son unha prioridade e tamén a é para o Goberno galego.

Por iso nós, dende o Grupo Parlamentario Popular, queríámoslle preguntar hoxe cales son as principais liñas de axuda que o Goberno galego ten actualmente en marcha para apoiar, para protexer e para fortalecer as persoas traballadoras autónomas da nosa comunidade, que están a xerar emprego e riqueza. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, don José González Vázquez.

O CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (José González Vázquez): Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Señora Pérez, eu creo que é un pracer estar aquí para poderlles dar voz precisamente aos autónomos e ás autónomas deste país. Eu creo que, dende a Xunta de Galicia, é un apoio evidente que eu vou tratar de debullar pola liña dos esforzos que estamos facendo por este colectivo e, ademais, por unha razón sinxela: porque é un colectivo moi importante, dentro do mercado laboral galego. Galicia é a terceira comunidade autónoma con maior peso do colectivo de autónomos, no total de afiliacións, é dicir, 3,6 puntos por riba da media nacional. E, ademais, os autónomos son uns importantes empregadores, xeradores de emprego na nosa comunidade.

Por iso, nese proceso de escoita activa, que sempre defendemos dende a Xunta de Galicia e de común acordo coas asociacións, temos unha axenda de impulso ao emprego autónomo, que está dotado ata o ano 2027, en constante proceso de modificación —se fose necesario—, con 360 millóns de euros.

Eu vou tratar de sinalar os principais programas que están integrados dentro desa axenda. Hai unha primeira orde, que é a Orde de autónomos, con 42 millóns de euros, que se fixo o



ano pasado, coa finalidade de simplificación administrativa; é dicir, recoller diferentes programas nunha única orde para facilitar —como digo— a tramitación aos autónomos. Dentro deste paquete, eu destacaría o programa Emprego Autónomo e Cota Cero, con 28,9 millóns de euros. En Galicia, o primeiro ano non se paga ou subvenciónase, apóiase esa cota. Este ano, como novidade, haberá dous anos de cota cero para aqueles que se empreguen nos sectores de agricultura, de gandería e de silvicultura. É toda unha declaración de principios en relación co emprego rural.

O Bono Nova Oportunidade porque en Galicia se pode volver intentar e hai segundas oportunidades, con 1,5 millóns de euros; o Bono Autónomo para os investimentos daqueles autónomos cuxo negocio ten máis de corenta e dous meses de vida, é dicir, que están consolidados; o Bono Remuda, que —creo— é unha boa medida para ese problema que temos de relevo xeracional, con 1,5 millóns de euros. Este ano incrementamos nun vinte por cento o seu orzamento, co obxectivo de chegar a todas esas situacións nas cales se deixe un negocio, que pode ser rendible, pero que non ten relevo xeracional. E aí apoiamos as dúas partes: a que o deixa e a que vai entrar. Ou as axudas á conciliación, por 750.000 euros.

Dentro dese paquete —de que falaba antes—, de 42 millóns de euros, a maiores temos 1,35 millóns de euros en axudas para que os traballadores autónomos poidan ter asalariados e, ademais, temos tamén 350.000 euros para apoiar o movemento asociativo.

Falamos da orde específica, pois, na segunda quenda falarei doutras que temos que chegan aos traballadores autónomos, pero —como digo—, temos un paquete de máis de corenta millóns de euros que o que buscan, en colaboración sempre con este colectivo, é seguir apoiando de forma fundamental a aqueles que —como ben dicían vostedes— son parte esencial do noso mercado laboral, na nosa actividade económica, como é o colectivo de autónomos. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Pérez López.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Moitas grazas, señor conselleiro.

Agradecemos a súa resposta e as liñas específicas de apoio ao colectivo autónomo, o que demostra que en Galicia hai unha planificación e hai unha estratexia clara para acompañar a quen crea emprego e riqueza.

Apoiar os autónomos non é só conceder axudas directas, é garantir a actividade económica, é garantir investimentos, é garantir a industria e tamén a estabilidade. Porque un autónomo vive tamén de que haxa proxectos, de que haxa consumo na nosa comunidade e tamén de que haxa oportunidades. E aquí marcamos unha diferenza política clara, que se ve tamén neste hemicycle: o Goberno do presidente Rueda e esta bancada, que sempre apoiarán calquera proxecto que impulse o desenvolvemento industrial da nosa terra, sempre que cumpra técnica e medioambientalmente —dixémolo moitísimas veces—. Repito, sempre imos apoiar



calquera proxecto que impulse o desenvolvemento industrial porque iso é o que nos piden e o que nos están a pedir os cidadáns; estannos a pedir emprego e futuro. Os cidadáns non nos están a pedir nin bloqueio, nin confrontación ideolóxica, nin nada que se poida facer en contra do tecido produtivo.

Por iso resulta incomprensible —e vímolos esta mañá— a satisfacción, tanto do Partido Socialista de Galicia como do Bloque Nacionalista Galego, ante a decisión do Goberno central de deixar sen conexión a unha provincia galega; decisión de impedir que esa provincia teña conexión eléctrica, o que vai supoñer tamén o impedimento de que cheguen novas industrias a Galicia.

Eu creo que o podemos repetir centos de veces, pero nin o PSdeG nin o Bloque Nacionalista Galego están polo labor de enterarse. Cada proxecto que non se instala tamén significa autónomos que non facturan e emprego que non se crea na nosa comunidade. Mentres vostedes sigan cuestionando os investimentos en Galicia e sigan calando ante os agravios do Goberno de España coas empresas, coas persoas autónomas e coas pemes do noso país, fraco favor lle están facendo a Galicia.

Por iso, señor conselleiro, queriamos que afondase, nesta segunda intervención, nesas medidas estruturais que está a impulsar tamén o Goberno galego, máis alá das axudas directas para poñer en marcha ese ecosistema onde medran os nosos autónomos. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración.

O CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (José González Vázquez): Señoría, leva vostede razón. Cando hoxe escoitabamos contrapoñer o que un proxecto industrial pode levar por diante un emprendemento tradicional, eu quero dicir que a Xunta apoia, por suposto, os proxectos industriais, pero tamén o emprendemento tradicional, no cal nós —agora explicarei— estamos traballando, en coordinación coa parte privada nunha estratexia de emprendemento ligado ao territorio. Quero dicir, hai un apoio importante da Consellería dentro do seu ámbito de competencias.

Hai outro emprendemento tradicional, no cal estamos traballando e que ten o ámbito de competencias na miña consellería, que é precisamente o comercio local, con 4 millóns de euros, este ano, para a súa dixitalización, modernización e sustentabilidade, ademais doutras medidas, que non son axudas directas, como pode ser o Bono Comercio.

A min gustárame destacar, dentro da parte do emprendemento, e nós temos a competencia nun emprendemento que eu definiría como un emprendemento ligado ao territorio, un emprendemento tradicional... Acabamos de ser recoñecidas — precisamente por algo será— pola Unión Europea como rexión emprendedora europea, no ano 2025, entre outras cousas, pola rede de apoio que temos en Galicia a ese emprendemento tradicional; ese emprendemento que necesitamos para que a xente siga vivindo no territorio. E eses son os polos de emprendemento. Quince polos, quitando o de Ferrol —señorías—, os outros catorce están



espallados polo territorio, atendendo precisamente todos eses emprendedores que queren desenvolver eses negocios e que tratamos, na medida do posible, de que aproveiten os recursos endóxeos do noso territorio. Non hai contradición en apoiar isto e en apoiar o establecemento de proxectos industriais que sexan tractores de diferentes sectores económicos.

Eu quería destacar tamén, dentro desa liña de apoio ao emprendemento ligado ao territorio, por suposto as axudas que temos a novas iniciativas emprendedoras, que tamén son autónomos, como non pode ser doutro xeito, con 6,7 millóns de euros. Ligado aos polos de emprendemento, está o apoio á remuda xeracional, a través, precisamente, de poñer en contacto aqueles que van deixar ese negocio con aqueles que queren emprender.

Tamén me gustaría destacar outra cuestión relevante para Galicia, que é o Retorna, a Estratexia Retorna. Debe ser motivo de orgullo para todos os que estamos aquí. Esa capacidade que estamos tendo de atraer xente, galegos e galegas do exterior, para o noso territorio. Temos, de feito, axudas para o autoemprego, especificamente pensadas para as persoas retornadas, con máis dun millón de euros; todo iso integrado dentro da Estratexia Galicia Retorna, que saben que está sendo moi exitosa, en canto ao mantemento e incluso ao aumento do noso saldo vexetativo.

Gustárame destacar que, dentro do emprendemento ligado ao territorio, queremos dar un impulso importante, no ámbito da economía social, ás cooperativas. De feito, imos traer aquí, en breve, o novo proxecto de Lei de cooperativas de Galicia, co obxectivo fundamental de reforzar tamén esta fórmula de emprendemento, que pon as persoas en primeiro lugar.

En definitiva, o colectivo de autónomos e de autónomas é fundamental en calquera parte do territorio nacional, e, por suposto, tamén aquí en Galicia, onde ten un peso específico superior. É a columna vertebral da nosa economía e, polo tanto, nós apostamos claramente polo seu apoio decidido.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Non hai máis asuntos.

Remata aquí a sesión plenaria.

Boa tarde.


Remata a sesión ás tres horas e doce minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Amigo Díaz, María Encarnación	P	39. Méndez López, Lara	S
2. Arias Rodríguez, Raquel	P	40. Mouzo Mas, Paula	P
3. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	41. Ojea Bouzo, Armando	M
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	42. Pazos Couñago, José Alberto	P
5. Barreiro Sánchez, Enrique	P	43. Pérez Fernández, Rosana	BNG
6. Bouza Manso, Aitor	S	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Chao Rivas, Saleta	BNG	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Castro Rey, Paloma	S	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Deza Martínez, María	P	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Espinosa Mangana, María Elena	S	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Davila, María Cristina	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Fernández, Secundino	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández González, Ariadna	BNG	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Fernández Rosende, Jesús María	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Ferro Iglesias, José Luis	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García Comesaña, Julio	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. García González, Patricia	P	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Grueira Fernández, Nicole	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Iglesias Rey, Patricia	S	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Insua Lema, Óscar	BNG	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. Longueira Castro, Silvia	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. López Font, Carlos	S	73. Vereja Fraiz, Borja	P
36. Lorenzo Gómez, Rubén	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Marnotes Fernández, Argimiro	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Mato Díaz, José Manuel	P		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

